



Agardando as lagarteiras

por Rosa Aneiros



Rosa Aneiros (Taraza, Meirás, 1976) é xornalista e escritora. Na actualidade traballa na Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega e colabora con diferentes medios de comunicación impresos e electrónicos. Cunha abundante produción literaria, Rosa ten gañado algúns dos premios literarios máis prestixiosos do país, coma o Manuel Lueiro Rey, o Carvalho Calero, o Manuel Murguía e o San Clemente. A súa última novela, *Resistencia* (2002), está a colleitar un grande éxito entre crítica e lectores. Anteriormente, publicara o libro de relatos *Corazóns amolecidos en salitre* e a novela *Eu de maior quero ser*, así como diferentes traballos en libros colectivos.

Introducción: Rosa dos ventos

por Anxos Sumai

Agora viaxo a Palestina, agora estou comendo xurelos en Meirás. Agora tomo un té no xardín das delicias e despois acariño unha tartaruga e, se cadra, incluso podo chegar a tempo de aterrorizarme diante dun kalashnikov. Agora coñezo a mirada dun meniño saharauí e máis tarde despedireime dun pirata que marcha a abranguer o horizonte. Viaxo un día polo deserto, percorro outro día os túneles escuros onde non hai resposta para ningunha pregunta. Ou detéñome a mirar un chineiro, a bailar nas covas do Sacromonte, a xogar ó fútbol. A ver pasar laranxas dende un minarete, a recuperar o ulido dos ultramarinos. Vou a Brighton, a Taraza, a Lisboa ou a Smara. E todo iso podo facelo poñendo un pé en cada unha das palabras coas que Rosa Aneiros nos anega de lagarteiras, de esperanza e de literatura.

A viaxe comeza no seu vocabulario cheo de voces do mar -descubrín, coma territorios, palabras novas- e continúa nas ringleiras de escrita nas que ás veces me apoio para acougar da paixón que traspasa, como unha bala ou un bico, estes artigos-mareas semanais. Creo que a paixón venlle de intuír respostas, de atopar un eco para as súas reflexións, en cada obra literaria que nos comenta. A súa paixón hipnotízame e guíame e consegue que desexe ler un libro, que o busque porque a súa forma de falar de literatura ábreme o apetito. É como se tronzase unha froita ou esmagase unha especia para espaxar o seu aroma e volvernos famentos a todos os lectores coa súa prosa lixeira, de pasos miúdos cara a diante, de alancadas seguras e poderosas dende a palabra ata a ringleira, dende a ringleira ata o parágrafo.

Os parágrafos das Lagarteiras son chanzos dunha escaleira e, ás veces, preciso determe no descanso entre un e outro para alentar, para prepararme para o seguinte tramo por se acaso me pilla o disparo dun fusil, por se acaso me esnafro nun coche, por se acaso meto o pé nun conflito bélico ou nunha agonía de corvos mariños. Porque non todo neste libro son viaxes fascinantes, estancias acougadas, guisos especiados, nin é permanente a sensualidade das caricias de Layla e Majnún. Hai momentos así, pero tamén hai realidades que Rosa encara coa ollada preocupada, reflexiva e transparente. Hai o País de Nunca Máis e soldados israelís, Alexandro Baricco nun océano e Mahmud Darwix no asedio de Ramallah e Bernardino Graña nunha taberna de Cangas; pero hai cada vez menos a necesidade de informar dunha xornalista e hai, cada vez máis, a ollada máxica e fascinada dunha escritora que, entre libro e libro, nos deixa a crónica apaixonada da vida vista con ollos inmensos e insaciáveis.

A min gustaríame quedar máis tempo dentro do mundo literario de Rosa Aneiros, arrolada polas súas reflexións en voz alta, sobresaltada polos seus gritos contra o inxusto, o miserable, o insolidario, o

intolerante. Gustaríame quedar un anaco máis nese mundo segredo, pero compartible, que lle nace como un paraíso e que me acubilla como un cobertor de plumas cando vai frío ou me esperta coma unha brisa xeadada. Gustaríame, pero prefiro volver á casa despois de cada viaxe. Volver e ficar coa sensación dun tornado na boca do estómago ou co doce sabor dun dátíl no padal. Volver e descansar e ver dende a miña perspectiva os novos territorios ós que ela me guiou, recordar os rostros das persoas que viven no seu corazón, escoitar o son de palabras nunca antes escoitadas. Volver e prepararme para a seguinte viaxe, coa ilusión de quen ten nas mans a rosa dos ventos, o guieiro que me leve á ruta das marabillas e, despois, me axude a regresar á casa. A volver á realidade da man da literatura, a distinguir o ulido dos ventos e a gozar dun libro fermoso e da cíclica esperanza das lagarteiras.

Agardando as lagarteiras

por Rosa Aneiros

COLECCION LIBROS NA REDE. N - 2

publicado por culturagalega.org
para o Consello da Cultura Galega

<http://www.culturagalega.org/colaboracion.php?id=3>

Declaración de intencións e outras suxestións

13/xuño/2002

Esta miña primeira incursión cibernética en culturagalega.org vai ser unha mera declaración de intencións e, tamén, de suxestións para ti, lector.

Primeiro: as intencións. Resulta esta unha declaración tímida e case silandeira por certas perversións que aniñarán nos contidos desta sección. Falo máis de ausencias que de presencias. Refírome, en realidade, a esas teimas que algún día chegaron ós meus sentidos e quedaron convertidos en literatura efémera.

Denomino literatura efémera, atrevidamente e sen ningunha pretensión de transcendencia, non ós textos de pequena extensión senón aqueloutros, os que nunca se revisten de corpo de tinta e fican convertidos en fantasmas. Estes ocupan, durante segundos, o tempo dunha viaxe en autobús, de arrincarlle a codia a unha laranxa ou de peitear o pelo ó ritmo do secador doméstico. Esa literatura de balde, tan caprichosa e tan exquisita, que aboia no mar do imaxinario ata se configurar como tramas secundarias e personaxes de reparto nalgún escrito roubado á nugalla do pensamento.

Ese roubo á preguiza

Se algo me é a literatura é o roubo á preguiza. Preguiza de sentarme, preguiza de cavilar, preguiza de enfrontarme a un personaxe ou situación que, máis que probablemente, me converta nunha demente absorta nas súas divagacións que, de novo máis que probablemente, non coincidan coas miñas. Confeso que odio algúns protagonistas e espacios de obras propias tanto como amo e deveso por outros. Resúltame inevitable. Pero por máis sentimentos encontrados que estes me provoquen nunca serán máis dolorosos que os que pertencen á miña literatura efémera. Os personaxes cos que non me atrevín a falar. As historias que ousei desbotar e non escribir. As loitas que non quixen manter e as victorias que refuguei. Todos eles, enleados e malditos, bolen con desdén pola marea das miñas cavilacións e teñen a afouteza de me sorprender nos intres máis insospeitados. Cando viaxo en autobús. Cando engulo un gallo dunha laranxa na merenda. Cando peiteo o pelo. Entón sorrín dende a súa atalaia repudiada e ganduxan unha historia sobre si mesmos que, unha vez máis, nunca será escrita.

Sei que a moitos lectores lles acontecerá algo semellante. Todos temos un paraíso literario propio inzado de anxos e trasnos, fadas e algún que outro borracho a quen inventamos diálogos enxeñosos. Caricaturizamos o cotío cun desexo oculto de o nomear, de sermos capaces de dominalo. Como unha sorte de deuses. As máis das veces non pasan de aí: de elucubracións que nunca toman corpo de palabras; e das palabras, frases; e das frases, parágrafos; e dos parágrafos, historias completas. Dános

vergoña porque non nos sentimos quen de facelo porque, ás veces, eles, os personaxes, as situacións, son máis fortes que nós mesmos. E gáñannos a batalla do pudor.

Este escrito iniciático está dedicado ás tramas que nunca abordaremos e ós personaxes que nunca deixaremos falar. A outros, os menos, eses superviventes da nosa peneira literaria teñen suficiente existencia na lectura doutros ollos, no tacto doutras mans.

Suxestións

Primeiro: pedir perdón polas cousas das que nunca falarei. Segundo: a suxestións. Ademais desa que veño de nomear atrevidamente literatura efémera que nos sacode a todos nos momentos máis improvisados está a outra: a literatura. Esta permanece escrita en letras grandes e poderosas co privilexio que dá o estar considerada unha grande arte.

Pero, ¿que é puramente literatura? Non pretendo entrar en disquisicións filolóxicas nin de crítica literaria, tarefa que por certo me queda ben grande, senón baixar ó terreo dos mortais lectores que dedican horas e máis horas á seducción dunha obra literaria. A esas persoas reservaremos un espacio quincenal no que poderedes falar dos vosos personaxes literarios máis queridos, ou aqueles máis odiados; deses lugares que vos marcaron positiva ou negativamente... en definitiva, de como a literatura callou na vosa vida a partir dos motivos máis inverosímiles. Unha canción, unha luz determinada, un vello coñecido, un desamor... Lemos a partir de coordenadas emocionais e temporais que nunca deixan indiferente a asimilación do propio texto por iso, a miúdo, lemos só o que queremos ler. Calquera cousiña pode determinar inevitable e inconscientemente, o sentido do reloxo dunha obra literaria na razón dos lectores. Convídate a facernos partícipes da túa propia literatura.

Primeiro: declaración de intencións; segundo, a literaturización da vida ou apropiación persoal da literatura; terceiro: ti, lector, o verdadeiro creador literario

O Xabaryl da Señora Prudencia

20/xuño/2002

A señora Prudencia de Brión acadou nos últimos meses un protagonismo nunca soñado nos seus oitenta anos de vida. Todo foi culpa dun porco bravo, o Micho, quen a levou da man ó máis alto recoñecemento xornalístico. Outros labregos téñenlle menos aprezo a tan ruidoso polizón nocturno das súas leiras de maízo.

A señora Prudencia da aldea de Sanín (Brión) reduciu a un xabaryl que tivo a ousadía de se lle meter na cociña. Agarrouno polo fociño e predeuno a un poste da luz, segundo nos contou hai días un xornal galego. Ela recórdame á señora Lola de Males de cabeza de Fran Alonso. Un personaxe tenro e duro, feito a imaxe e semellanza da súa inocencia e maila súa loita diaria por saír adiante nun rural galego cada día máis afastado da civilización. Non sei se Prudencia fai tortillas para os obreiros. Ou se colle o barco para vir a Vigo dende Cangas. Dubídoo. Do que estou segura é de que esa señora afouta e segura de si mesma conserva a máis pura esencia da muller galega, sen medos e retranqueira; unha muller decidida e doce que espanta as gabanzas cun aquel de modestia sá.

Esas mulleres heroicas

A señora Lola e a señora Prudencia confórmanse como metáforas heroicas desta nosa sociedade de hoxe, unha sociedade na que sobran adobíos e falta autenticidade, esa que só reside no anonimato. Debo confesar que o que máis me gusta desta señora é a súa sorna. O xornalista empregou para a redacción da noticia un ton gracioso que, para o meu gusto, caeu no maniqueo referido concretamente ó aspecto lingüístico. A alternancia de castelán-xornalista co galego-protagonista da información agocha moito máis que un simple estilo narrativo para se converter nunha diglosia por momentos insultante. Alomenos para min.

A señora Prudencia sobrepúxose ó propio ritmo do relato cunha destreza admirable e acabou levando o contido cara ó seu rego. Non creo que o redactor tivese a mala fe de querer ridiculizala. Sen embargo, estou convencida de que ela, sen pretendelo tampouco, acabou ridiculizándoo a el. No texto había unha pregunta que latexaba á marxe das palabras impregnando toda a conversa: "E logo, ¿que ía facer? ;non ía deixalo quedar alí". A señora manexou ó seu xeito ó porco bravo e, logo, ó xornalista tratándoo cunha sutil condescendencia. Foi unha sorte de vinganza tribal dun mundo rural que esmorece nas mans de outro, máis moderno, que pretende convertelo en algo exótico, diferente e, en certa medida, estigmatizalo. Unha, que é certamente atrevida nas súas divagacións, acabou imaxinando á señora Prudencia agarrando ó xornalista polo fociño e amarrándoo ó poste da luz. Non culpo ó redactor. Probablemente tamén eu caese no engado da señora Prudencia e quixese convertela nunha muller vella e desvalida que se enfrenta a unha mala besta.

Para ela foi algo natural e, para nós, resultou algo heroico. Se me escoitase, ela seguramente abanearía a cabeza e diría con sorna: "xente nova, leña verde..."

A miña tía Lola

Quédame por saber que opina do conto a miña tía Lola, unha muller ferrotiña e dura como a señora Prudencia. A ela quítalle o sono o condeado do xabaril que lle vén tódalas noites fozar na leira de maínzo. A última vez díxome que ía pórle o alindador das vacas (que xa non os asusta porque dá só unha cambra de nada) conectado ó poste eléctrico para facer unha boa luminaria con el. Disque non lle dá medo a Xunta, nin os ecoloxistas, nin os cazadores, nin o merda do becho nin nada de nada. Que por que o porco bravo está protexido pola lei e o seu millo non. Que non hai dereito a traballar arreo todo o día para que logo llo tronce todo baixo o amparo da lei. Vou tentar quitarlle esas ideas asasinadas da cabeza e dicirlle que, no canto de electrocutar o xabaril co cabo eléctrico pode atalo ó poste da luz e telo de animal de compañía. Seguro que mesmo lle colle cariño.

¿Quen me ten "Ganga"?

27/xuño/2002

O préstamo dun libro conleva grandes incógnitas. Unha delas recae en saber que día será devolto. A outra, a máis aceda, reside en tentar lembrar con exactitude certos momentos da lectura sen a posibilidade de consultalo. A novela "Ganga" de Antón Lopo adormeceu no neboeiro desas dúbidas nun limbo psicotrópico e, tamén, un pouco asceta.

Deixei a novela "Ganga" de Antón Lopo, e non sei a quen. Resúltame especialmente incómodo porque non consigo seguir o rastro do momento do préstamo nos labirintos da miña caprichosa memoria. E non paro de darlle voltas como unha buxaina febril que pasa sempre polos mesmos espellos e as mesmas calellas sen saída. Tiña moitas ganas de facer unhas reflexións sobre a fantástica novela de Lopo e o asunto este da perda acábame de convencer rotundamente.

Normalmente alguén que vai escribir sobre un libro que leu hai tempo teno a man para consultar aqueles nomes que se perderon no tráfico desbordado das cavilacións de cotío. Hai nomes propios que se esfuman cando un percorre mentalmente a cociña para saber cal carafío era o sexto produto que tiña que adquirir no supermercado e non consegue acordar. Hai outros, máis sutís, que se confunden nas lapelas doutros libros e outros que escapan na banda sonora dalgunha película. Foxen as tramas, os nomes encabezados por unha maiúscula, os espacios e máis os tempos. Escapan deixando atrás só o sabor doce ou salgado da súa lectura. A miña memoria é peor que a dos peixes, eses líquidos seres que a penas recordan uns segundos, e poucas veces consigo acertar cos nomes correctos á primeira. Sempre supuxo isto unha eiva dolorosa que, sen embargo, "Ganga" acaba de converter en case virtude.

"Ganga, es tan fermoso que os teus beizos queiman"

Permanece esta novela no limbo borroso das tardes secas de inverno nas que a devorei. A súa lectura a penas me durou horas dado o ritmo frenético e á vez pesaroso que Ganga, o protagonista absoluto, imprime no texto. Recordo o seu itinerante percorrido polas rúas e pisos da Compostela nova e vella; o lecer pracenteiro e sanguinolento de Hío; a fermosa dependencia de Barcelona e o nirvana da descuberta na India.

Lembro todo con vaga nitidez e un interrogante constante sobre como aconteceron os feitos nesa ficción relatada con antepunto de adiccións e cabos soltos que se buscan. As minuciosas descrições das drogas que o protagonista engole compulsivamente fixéronme caer no saco roto das incógnitas: ¿inventaría o autor todo ese compendio de substancias alucinóxicas ou roubaríallo á imaxinación? Non cheguei a consultar os manuais de Escolotado e fíquei con esa curiosidade apuntada na lousa das débedas pendentes. Recordo tamén como o poeta se remexía no peito do Lopo narrador e xur-

dían da pel estirada e suorenta de Ganga frases que se convertían en versos, ou versos que se convertían en frases de anxos confusos: "Ganga es tan fermoso que os teus beizos queiman". Para min "Ganga" é este sentimento neboento de dúbidas provocadas por algo máis drástico aínda que a reviravolta dos psicotrópicos: a desmemoria. E se un libro se define pola pegada que deixa a súa lectura, "Ganga" é unha magnífica novela.

Somos propiedade das cousas

A cuestión de quen me ten o libro é outra. Nunca fun amante da propiedade. Posuír cousas é unha sorte de dependencia nas que a ambigüidade da pertenza xoga, ás veces, malas pasadas. Normalmente acábanos tendo en propiedade o que posuímos. O termo pertenza refírese habitualmente a unha propiedade marcada por un criterio económico: teño algo porque o pago. Pero esa palabra entendida como posesión no seu máis amplo sentido da palabra resulta unha escravitude amarga. Polos pensamentos que acapan, as cousas son as nosas propietarias.

Sen embargo, e non tan contradictoriamente, gústanme libros que teño. Ó Principiño tamén lle gustaba ter en propiedade unha rosa porque así se preocupaba por ela. Para el, darlle de beber, protexela das raíces dos baobabs e mesmo poñerlle unha campá de cristal constituía unha maneira de amala. Tamén así me gustan os libros.

Por iso quero saber quen me ten "Ganga" e aproveito para dicirlle a esa persoa que mo recorde. Para calar este ruxerruxe da cabeza e saber se me estarei volvendo tola ou amnésica ou algo así. Non é necesario tampouco que mo devolva porque "Ganga" converteuse nesta sensación neboenta de adicións e dependencias, nun fermoso e inqueda tránsito polos labirintos escorregadizos e psicotrópicos da lectura.

Referencias bibliográficas:
Antón Lopo, "Ganga"(Xerais, 2001)

A hora dos lectores e lectoras

18/xullo/2002

A Biblioteca Virtual Galega converteuse xa, ós poucos meses do seu nacemento, nunha festa da palabra, un lugar de encontro para as letras galegas na que autores e lectores debullan os tesouros das creacións literarias. Por fin na literatura galega empeza a ser a hora dos lectores.

Laura Tato, a responsable do proxecto que desenvolve a Universidade da Coruña, comentaba con orgullo que a Biblioteca Virtual Galega estaba a ser un éxito de visitas e de intercambio de opinións. Engadía que resultaba sorprendente descubrir as ganas que ten a xente de falar de literatura. É marabilloso que as letras flúan polo imaxinario dos lectores, que dean que falar e comentar, que permitan unir e odiar. Historias para amar e para repudiar.

O noso sistema literario será completamente adulto cando os escritores se encontren palabra a palabra, letra a letra cos lectores e lectoras. Non é cuestión de cifras, nin de subvencións, nin moito menos de maior ou menor calidade literaria. Actualmente podemos gabar de ter na nosa literatura autores e obras con maiúsculas que non envexan a ningún outro país. Temos unha nómina de escritores con creacións excelentes pero que na maior parte dos casos quedan cinguidos á lectura de só dous sectores: o público escolar coas lecturas obrigatorias e a rede mesta ganduxada por amigos e familiares.

Un encontro necesario

Existe un terceiro sector constituído polos propios autores porque o certo é que somos un pouco endogámicos. Tecemos unha malla de creadores que nos lemos uns ós outros, asistimos ás presentacións dos nosos libros e mesmo quedamos para falar cun só punto excluído da orde do día: a literatura. É bonito querernos e apreciármolos. Pero non resulta nin con moito suficiente. Necesitamos abrírnos a pel literaria e facer que os lectores superen a soleira da obriga. Hai que deixar que adopten o papel protagonista que teñen na literatura que creamos. Cómpre que falen, que esfaniquen e que elaboren a partir dos retallos espaciais e personaxes, que se apropien das historias que nós inventamos. Non resultan, autores e lectores, elementos antagónicos senón complementarios para a formación do discurso literario.

Falar de literatura

Creo moi constructivo que o público nos compare e nos critique. Non hai que concibir as críticas como algo malévolos senón como un síntoma de aprecio por unha obra. Significa que o texto implicou ó lector tanto como para valoralo positiva ou negativamente. Non falo, claro está, das críticas insultantes ou das maledicencias senón das formuladas dende o respecto. Falo de falar da literatura. Os autores deben respectar as opinións dos lectores, sexan boas ou malas porque a literatura débese a eles, a nós, única e exclusivamente ós lectores. E os escritores deberíamos ser conscientes de que dende un libro temos o poder de estragar varias horas de lecer que, voluntariamente, nos regalou un lector para entrarmos na súa vida. Isto é unha responsabilidade.

O compromiso cos lectores

Temos que abrir as fiestras do terror ó público e escapar da arañeira pernicioso das felicitacións abusivas. Un autor debe ser amado pero tamén ser criticado pola súa obra. Ten que gustar en ocasións e noutras moitas decepcionar. O lector debe sentir a liberdade de expresalo e, sobre todo, sentirse oído. Paréceme un exercicio saudable para a nosa literatura e para nós mesmos como sociedade madura. Non podemos vivir nunha urna de cristal polo temor a que nos destrúan as críticas. Mais destrúe o silencio, a indiferencia e, sobre todo, a autocompracencia de illarnos nunha esfera inmune ós comentarios. Para min escribir é un compromiso que atinxe de cheo ó público lector.

Por iso me gusta tanto o espacio virtual (¿real?) de Biblioteca Virtual Galega, un espacio que, como todo, ten moitos aspectos mellorables. Tal e como está concebida, os lectores discuten, rabeian e pónense en contacto cos autores para dicirlles grazas por tal obra ou vaia decepción aqueloutra. Podemos visitar as creacións de autores aínda inéditos e tamén os dos xa consagrados e valoralos abertamente. Mesmo podemos darlles unha puntuación en función do que nos parecen. Os lectores toman por fin a palabra. Isto supón manter unha literatura viva e, parafraseando un anuncio da Mesa pola Normalización Lingüística "Queremos unha lingua así: gastada polo uso", atévome a dicir que querría unha literatura gastada polo uso. Unha obra non está rematada ata que un lector a conclúe cando lle abre as portas da súa mente e lle permite medrar. Ata que os nosos protagonistas e antagonistas non cobran voz propia e movementos de seu na cabeza do público unha obra non é máis que un feixe de anacos de árbores cubertos de sangue. Son os lectores quen os converten en eternos ou efémeros.

A outra gran virtude que, ó meu parecer, ten a Biblioteca Virtual Galega son eses maravillosos textos autobiográficos nos que os autores deixan de ser anónimos e se converten en persoas de carne e óso. Pero do seu valor literario e humano falaremos outro día. Ben o merecen.

Cancro e dragón en verso

24/xullo/2002

Inadaptadas. Iso é o que somos nós. Inadaptadas. María do Cebreiro asume na súa segunda entrega poética, ("Nós, as inadaptadas"- 2002), a primeira forma do plural non como reivindicación dun colectivo senón como disolución do eu. Esta supón a primeira ruptura conceptual, unha ruptura que se estende ó longo de todo o volume e, a fin de contas, de toda a súa produción poética. O título achéganos á vez que nos afasta do mundo, de nós mesmos. Como resposta, como engano.

María do Cebreiro busca neste poemario, galardoado co accésit do Premio Esquíu 2001, a confrontación nos versos e nas palabras, ó tempo que procura unha tensión que poña ó lector no punto de mira no espello cóncavo (¿ou convexo?) de si mesmo. Pasear polos versos de María e como deambular polo calexón do gato deformante de Valle Inclán nos que unha non sabe ben cal é a súa imaxe reflectida. O caso é que se multiplican os reflexos e non queda máis remedio que asumir a verdade do vidro. Di ela que tamén somos o que parecemos.

Esta muller, unha das voces máis lúcidas da cultura galega actual, mira de fite ó lector e esíxelle unha resposta. Nunca ambigua. A poeta ten superado amplamente o estadio primixenio do espello tralo que escudou a súa primeira entrega literaria para tentar ocultar a forza irreverente da súa voz atrevida e, á vez, profundamente tímida. Resulta imposible ficar allea ós seus poemas. Cancro e dragón anticipan ó seu pensamento e advirten das súas palabras que esvaran como orballo no deserto infranqueable das olladas mortas. María do Cebreiro preséntanos o verso como batalla, como adversativa desafiante do suxeito contra si mesmo; contra a representación das propias miserias. Fai énfase no que reside entre as liñas cunha paréntese subversiva e provocadora.

"Desengánate, os estraños somos nós"

O título, profundamente risquián, achéganos á vez que nos afasta. Implícanos e sérvenos de vinganza porque nos sitúa nunha trincheira contra o mundo. Dío moitas veces un amigo meu con resignación incómoda: "Desengánate, os estraños somos nós", cando comentamos as barbaries que a actualidade nos cuspe con xenreira día a día. Non sei exactamente a quen se refire este amigo meu como nós, que círculo amplo ou máis ben concéntrico abrangue, pero si sei as marxes da alma a quen toca María docemente cos seus versos que caen como pétalos de orquídea nun mar de salitre.

A ironía de María do Cebreiro manca por intelixente. O seu humor garda o segredo das viñetas de Castelao quen non buscaba facer rir ("non teño vocación de estupefaciente") e a poeta logra que o seu humor, cheo de referencias do cotío, tradición popular e herdanza clásica, sexa como un coitelo que se espeta na lingua e no silencio.

Cantos de serea

O canto de serea que articula (Nós, as inadaptadas) sabe a mar do que a tristeza soubo defendela. Ofrécenos versos como establecemento de síntomas, diagnóstico e terapia para tatuarnos na pel amarela do cólera o hematoma da sospeita. Cólera como andazo e cólera como ira, auténticos males de inicio de século para os que nadan contra a corrente. As inadaptadas. Garda a súa cola de escamas escintilantes as palabras roubadas ó océano "que borra as letras esculpidas no vento para ser descifradas por nós ou por ninguén". As súas batallas son as nosas batallas, máis cruentas e dolorosas que aquelas nas que se derrama sangue porque nas nosas vertemos ideas e frustración. "As zonas turbulentas da memoria permiten resolver/ o enigma das columnas/ dóricas/ mixolidias/ tamén fríxidas/ alicerces do tempo da razón/ vértebras da barbarie/ e sobre todo o inferno no corazón/ da esfínxe/ a improbable certeza dun exterminio dentro". Os corpos de aluguer que esgrimimos como países vístense de bandeira trala que ocultamos as vergoñas máis apátridas e a poeta, lavada pola auga fría do monte do seu Grial, bota sal nas feridas, unha sorte de onda mareira na que suspiran as maragotas rubias dos versos.

Mais se algo berra nos espazos brancos das palabras son as frechas que ela ofrece como único armamento ós deuses. Peter Pan e Wendy non agochan as súas armas núas e "arde troia nos mapas do interior/ e atronan as trompetas do xuízo". Sen embargo, en María do Cebreiro, Peter Pan sempre vence por goleada, que dirían os cronistas de guerra contemporáneos, ó absurdo dos adultos, tan semellante a adulterio en son e perversión. As grandes guerras adoitan ser silenciosas e as feridas resultan invisibles ós ollos dos cirurxiáns da epiderme. A traxedia garda dimensións épicas. "Porque despois de todo,/que pouca diferenza/ hai entre os vencedores e os vencidos". Nos versos de María do Cebreiro estriba a diferenza. Alguén quixo que no Premio Táboa Redonda ó mellor libro galego 2002 convocado por varias cabeceiras periódicas galegas se situase durante varias semanas o título "Nós, as perdedoras", no canto de "Nós, as inadaptadas". Curiosa asimilación poética. Seica as inadaptadas levamos gravado a ferro quente o estigma de perdedoras.

Referencias bibliográficas::

DO CEBREIRO, MARÍA; "Nós, as inadaptadas", 2002

Xa fixemos o agosto literario

01/agosto/2002

"La Voz de Galicia" entrega cada día deste mes unha escolma de textos literarios que abrangue os Relatos de verán de autores con obra publicada e anónimos; o premio de Novela por Entregas e, por suposto, a colección Biblioteca 120. Coa cabeceira coruñesa os lectores galegos fixemos o agosto literario. E nunca mellor dito

Chega agosto e neste país acabáronse as chamadas de teléfono a institucións públicas, as peticións de material ou as tarefas urxentes. O mundo detense neste mes, estival no calendario e incerto no metereolóxico, no que un ten que parar, queira ou non. Traballar é complicado con horarios de veráns exiguos e azos minguentes a medida que se acentúa a calor. Chegou a hora de folgar e desconectar dos, ás veces, claustrofóbicos hábitos cotiáns. Pero se algo alén do incremento do tempo de lecer caracteriza ós últimos agostos galegos é a afirmación que día a día vive a nosa literatura. Cómpre aquí citar a "La Voz de Galicia" por varias iniciativas loables: os Relatos de verán, o premio de Novela por Entregas e, por suposto, a colección Biblioteca 120. Coa cabeceira coruñesa fixemos o agosto literario.

Libros para toda unha vida

A Biblioteca 120 supón un éxito sen precedentes para a difusión do libro galego. É unha magnífica forma de celebrar o aniversario da fundación da rotativa coruñesa e unha mellor maneira de proclamar a vitalidade da literatura galega. Por un euro, calquera lector pode adquirir unha obra dos máis recoñecidos autores galegos, dos clásicos ós máis recentes. Échense os andeis das bibliotecas particulares de títulos consagrados que poderán adobiar as horas de lectura de miles de persoas.

Como ben lle escoitei a alguén, se facemos un cálculo estimativo hai lectores (os menos adeptos) que teñen libros xa para o que lles resta de vida. Fagan números: un libro lido por cada dous meses danos lugar a que teñen lecturas ata dentro de ¡¡20 anos!! Hai outras persoas que están a xuntar varias coleccións, unha para cada fillo, e isto confórmase como un precioso enxoval para a súa vida adulta. Que lles parece: no canto de xuntar toallas, sabas ou cristalerías, deixar de legado unha colección de libros galegos. Sería fantástico e un gran agasallo para os, cada vez menos, nenos galegos.

Relatos de verán

Cada día deste mes, "La Voz de Galicia" preséntanos outras boas ofertas de lectura. O premio de Novela por Entregas deste 2002, "O repenique de Beatriz Goldar" escrita por Suárez Abel e ilustrada por Norberto Fernández, encabeza unhas páxinas nas que atopamos relatos para tódalas tendencias e gustos. Temos por un lado os textos dos autores con obra publicada que nos regalan mostras, habitualmente inéditas, do seu bo facer literario. Ademais encontramos relatos de dúcias de persoas anónimas que teñen nesta iniciativa de "La Voz de Galicia", unha oportunidade para deixarse ver e, sobre todo, deixarse ler.

Non se imaxinan a ilusión que, para alguén que practica esta normalmente agochada inquietude das letras supón ver un relato publicado. Penso que tódalas persoas que se esforzan por contar historias deberían gozar deste privilexio que é comunicar. Se no mundo televisivo dise que tódalas persoas teñen dereito a un minuto de fama, aquí tódolos autores gañan o dereito a vinte e catro horas de recoñecemento polo seu labor calado. E os lectores gañamos o privilexio de escoitar voces novas e frescas que, en moitos casos, chegarán ben lonxe no panorama literario.

Non é todo. "La Voz de Galicia" presenta tamén cada semana páxinas con entrevistas ós autores de Biblioteca 120 e comentarios das súas obras, o que constitúe unha gran tarefa periodística de difusión da nosa lingua e da nosa cultura. Mágoa que este exemplar e frecuente uso do galego nas páxinas de cultura non sexa extensible ás outras seccións do rotativo. Así a celebración das nosas letras sería completa. Con todo, feliz agosto literario.

Os segredos da creación literaria

13/agosto/2002

Hai verdadeira expectación coas musas. Se existen ou non existen. Moitos preguntáanse que será iso da inspiración, se a maxia da creación falará baixiño á orela ou berrará ós catro ventos as súas ideas fabulosas. Os estudiosos Raúl Cremades e Angel Esteban achégannos os misterios de dezaseis grandes mestres da literatura nun volume editado recentemente por Espasa. Pero ¿é medible iso da inspiración? ¿onde reside o segredo da creación literaria?

Todos pensamos algunha vez en como será o proceso creativo de Gabriel García Márquez ou José Saramago. Cales serán os seus vicios, as súas manías e como soará a voz da inspiración que lles fala. Se será de timbre fino ou exquisita como o roncón da gaita. Para solucionar dalgunha maneira estas dúbidas os filólogos Raúl Cremades e Ángel Esteban veñen de presentar o libro "Cuando llegan las musas. Como trabajan los grandes de la literatura" (Espasa, 2002) no que debullan a experiencia creadora de dezaseis escritores latinoamericanos. A conclusión que extraen é pouco definitiva. Entre as manías dos autores, os hábitos insalvables e ducias de anécdotas nada este volume que nos ofrece unha imaxe certamente humana dos grandes mitos da literatura contemporánea.

Particularmente, non me gusta o termo musa. En absoluto e tampouco sei dicir por que. Pero non me gusta. E creo que, no fondo, este libro vai defraudar ós lectores porque non van atopar o que verdadeiramente buscan, o que todos buscamos...: como escribir. Así, a flor de Gabo; a colección de hipopótamos de Vargas Llosa, os baños matutinos de Borges ou os cadernos de Martín Gaité non son máis que caprichos persoais, recursos maniáticos nun oficio no que o difícil é sistematizar.

Outros apuntamentos ofrecidos no libro refírense a anécdotas, fantásticas anécdotas para alimentar a mitomanía. Que Gabriel García Márquez "gaste" ata 500 páxinas para un conto de 12; que Isabel Allende comece as súas historias indefectiblemente un 8 de xaneiro; que Benedetti aproveite o tempo previo a unha cita para escribir ou que Octavio Paz queime billetes non teñen máis valor que o de humanizar ós escritores. Que "Ensaio sobre a cegueira" fose concibida nun restaurante; que "La paloma" de Alberti nacesse nunha noite de exilio parisino; que "Los santos inocentes" se escribise con mudanza incluída non teñen máis valor que o de humanizar as obras. E, sen embargo, en ámbolos dous casos as anécdotas divinizan ó creador e á criatura. Fanos humanos e, ó mesmo tempo, extraordinarios.

A clave reside no traballo

Se algo demostra o libro de Cremades e Esteban é que, tralos asubíos das ondas mareiras de novelas e poesía existe unha constancia e un sacrificio incalculable. O traballo dun creador literario resulta imprevisible e bascula da dor á ledicia sen aviso nin pedir permiso. O terror á páxina en branco espreita tralas esquinas convexas do cerebro e ri maquiavelicamente ante unha soa dúbida. Ninguén escapa ó seu maleficio pero na formación e na perseveranza estriba unha das moitas diferencias entre os creadores por excelencia e os mortais creadores. Trátase de traballo arduo dun oficio escravo e, na maior parte das veces, oculto polos flashes rechamantes das presentacións sociais. Esas luces nunca agochan as sombras da xestación e do parto literario.

Dictadoras

Non me gusta falar de musas. Prefiro falar de dictadoras. Dictadoras porque dictan os seus argumentos a unha velocidade ás veces desproporcionada e dictadoras porque exercen unha dictadura férrea, esixente e mesmo intolerante. Tanto lle dá que teñas algo que facer como que non. Coincido con Edwards en que a inspiración aborda nos intres máis inverosímiles e hai que aproveitar calquera circunstancia para escribir. Na parada de autobús, nun recibo de compra do supermercado, no avión. Nunca sabes cando as ideas tan fugazmente como viñeron volverán fuxir cun refacho de preocupacións do cotío. Mais ben podería dicirse, baixo o meu humilde parecer, que os escritores viven na escravitude da súa propia creación. E non resulta tan idílico como puidese parecer. Son as obras quen moven ó seu antollo o oficio e, por que non, non me gusta velas como musas. Hai personaxes que empezan a falar no medio da cea; paisaxes que abrollan cando pasamos a aspiradora e diálogos que se trenzan na cola da carnicería. Son unha escravitude que, tamén debo recoñecer, amo irracionalmente.

Non me gusta falar de musas. Prefiro falar da sorte de que unha idea pete ás portas da cabeza e se adobíe cunhas pingas de perseveranza para que o argumento cobre vida no caderno. Síntoo polas persoas que agardaban na obra de Cremades e Esteban as claves da escrita. Non as hai. Trátase de crer ou non crer. Quen queira escribir ten que crer niso e, ademais, traballo, traballo e traballo. Eu quedaría cos versos do poeta Francisco Luna "Es más, si las musas llegan en mi ausencia di que estoy botado en casa de la poesía/ que no chinguen, que el poeta no quiere musas sino besos".

Referencias bibliográficas:

CREMADES, RAÚL & ESTEBAN,ÁNGEL; "Cuando llegan las musas. Como trabajan los grandes de la literatura", Espasa, 2002

Os fillos da Hamada

19/agosto/2002

Galicia fala hassanía estes meses de verán. As praias atlánticas éñense de olladas virxes que nunca antes lambran o lombo infinito do mar. Son os nenos e nenas saharauís, acollidos por familias galegas no plan anual Vacacións en Paz. Nesta edición de 2002 recibimos no país a máis de cincocentos meniños que se repartiron en máis dun cento de concellos, entre eles, Vigo, Santiago, A Coruña, Ribeira, Fene, Oleiros, Redondela ou o Cangas. Os saharauís non só veñen buscando senón que traen unha mensaxe que cómpre escoitar atentamente. Eles son os embaixadores culturais dun pobo exiliado.

Un ano máis, regresan as olladas mouras, a henna, os risos amplos de dentes rillados pola mala alimentación, as melfas, a timidez, a sorpresa, os aneis de madeira negra e as rosas do deserto. Regresan a Galicia os nenos saharauís e con eles a reivindicación vital de todo un pobo choído en campamentos de refuxiados no máis árido deserto. Dentro de cada rapaz existe un embaixador cultural en potencia co que podemos aprender a coñecer (e en todo grao de coñecemento hai un pouso de amor) a súa identidade e, tamén, redescubrir a nosa. Serve, efectivamente, para mirármonos con outros ollos. Con tódalas nosas contradicións e virtudes.

Como en tódolos programas de acollida temporal hai voces a favor e voces en contra. Esgrímense argumentos para tódolos gustos. Hai quen opina que esta resulta unha mala resposta a unha situación realmente dramática política e humanitariamente; que non é boa solución ter ós nenos durante sesenta días vivindo a toda fartura para logo devolvelos ó deserto; que o contraste entre condicións infrahumanas nas que viven todo o ano e o benestar do primeiro mundo é demasiado grande como para que un neno poda comprendelo. Outros, sen embargo, cren que máis vale un alivio, aínda que sexa temporal, a tanta miseria; que os nenos deben pasar revisións médicas mínimas e que o deserto durante o verán, con máis de cincuenta grados de temperatura, non é lugar axeitado para eles. Realmente non é o lugar axeitado en ningún momento do ano. Nin para nenos nin para adultos.

Trinta anos no exilio forzoso

Non quixera entrar nese debate onde tódalas formulacións son aceptables e todas levan boa carga de razón. O que si resulta obxectivo é que durante os meses en que os nenos saharauís viven coas familias galegas reciben vacinas e coñecementos dos que o deserto lles priva. Unhas escaleiras, alumeados eléctricos, o tren, as árbores... Todo resulta novo e excitante para eles. Non teñen medo, tal vez porque son conscientes de que deben gardar no alpendre da súa cabeza tódalas imaxes para un mundo horizontal e eternamente ocre e azul. Tódalas cores que apreixen na retina viaxarán con eles de volta no mes de setembro e encherán de brillos as pobres haimas do deserto máis ruín. Porque os saharauís sobreviven, cómpre repetilo continua e anoxadamente, en condicións paupérrimas no medio dun pedregal ó que os seus antergos, os comerciantes, os tuareg confinaban ós seus peores inimigos. O sueste alxeriano acolle as catro wilayas no exilio: Smara, El Aaiun, Dajla e El Ausserd, catro campamentos de refuxiados con miles de persoas amoreadas na máis absoluta pobreza por mor

dunha situación política deixada das mans internacionais. O referendo de autodeterminación, aprobado pola ONU en 1991, segue sen se celebrar a causa de que os designios dos pobos son radicalmente opostos ós designios económicos marcados por occidente. Pero os nenos non entenden de reloxo de area auspiciados por compañías petrolíferas. Só entenden de pobreza e de fame.

Territorio ocupado

Dende hai case trinta anos os saharauís malviven en campamentos de refuxiados agardando unha solución que non chega. Os nenos que chegan a Galicia este verán naceron xa na metade da nada. Son certamente os fillos da Hamada, ironicamente da "hamada", da tolemia internacional que elude o dereito de autodeterminación de todo un pobo ó que se lle roubou o territorio. Un de tantos. Autores literarios e xornalísticos de Galicia fornecéronnos notables reflexións sobre o conflito saharauí. Dende Fran Alonso con "Territorio ocupado" (Xerais) a Xaquín del Valle Inclán con "Historias da cidade do deserto", centrada en Smara, a Cidade Soñada (Sotelo Blanco, 1988), foron moitos os autores e autoras que amosaron a súa sensibilidade por este pobo entre eles Pablo González, Juan Arias ou Manuel Rivas.

Sería recomendable que as familias que acollen nenos este verán se aproximaran a estas obras para coñecer a súa historia un pouco mellor. Outra boa opción é recorrer ó sitio web de <http://www.saharagalicia.org> con referencias documentais e interesantes consellos para convivir con estes rapaces roubados á desesperación.

Embaixadores culturais

Pero, ademais de todo o que as familias galegas lles podan ofrecer ós nenos, cómpre escoitalos. Eles non veñen da nada. Teñen unha cultura de seu, firmemente ancorada nun espazo para o que soubo dar solucións; unha lingua de seu e uns proxectos de seu. Unha das experiencias máis maravillosas que vivín foi a de conversar cunha saharauí durante varias horas nunha casoupa de adobe. Non lembro o seu nome pero si que era a responsable de educación da súa daira en El Ausserd e, por riba de todo, o seu acento cubano herdado de moitos anos de formación na illa caribeña. Conservaba unha mirada virxe, dende a liberdade que dá o non posuír nada pero na firme convicción da súa loita política e cultural. escoitar ás saharauís é como oír música. Cómpre abrílles os brazos ós nenos de acollida, non só os da misericordia e compaixón, senón os do coñecemento e da amplitude cultural. Respetar ó outro dende a igualdade. Nós poderemos outorgarlle un benestar económico pero tal vez o seu proxecto existencial sexa máis amplo que o noso. Na medida en que saibamos abrírnos a eles seremos capaces de sermos máis libres.

Referencias bibliográficas:

ALONSO, FRAN; "Territorio ocupado" :Vigo:Xerais, 1998

DEL VALLE INCLÁN, XAQUÍN; "Historias da cidade do deserto" :Sotelo Blanco, 1988

Operacións triunfo no gran torreiro galego

03/setembro/2002

Tenteino. E fracasei. Confeso que me resulta imposible evitar algún comentario, neste calendario de festas sucesivas e mesmo superpostas, sobre festas gastronómicas e outras operacións triunfo. Como ben diría a miña amiga Nuria "son unha praga". E se algo caracteriza ás pragas é que devastan sen piedade todo o que existiu antes da súa chegada para impoñer a dictadura do seu pensamento único.

Houbo un momento en que, supoño que pola coincidencia de asasinatos por mor dun carballo en terras do interior ou batallas campais polo dereito de paso a unha finca, os medios de comunicación de fóra tiveron especial atención á realidade galega como máxima expresión da ligazón á terra e ó poder telúrico. Por sorte, hai tempo que non somos noticia nas canles estatais por ningún infortunio relacionado coa posesión territorial aínda que si, cómo libramos desa maldición, polas vítimas de naufraxios.

Coa chegada do verán multiplicárase o outro discurso que prolifera nas pantallas á hora de abordar o día a día dos que vivimos deste lado do Padornelo. Virán cámaras europeas e americanas a gravar os curros coa extraordinaria rapa das bestas; os festivais folk cos seus conxuros e evocacións ás meigas e as procesións polas rías con virxes mariñeiras que choran bágoas de flores polos afogados no mar. Algo exótico para encher as inacabables grellas televisivas configuradas por alumnos de prácticas (co meu máximo recoñecemento para eles que non teñen poder decisorio ningún e si moita vontade). Algo livián e intranscendente. Ademais, dedicarán amplas fotos e minutos de colas en informativo á voluptuosidade dos manxares que se degustan fin de semana tras fin de semana nas pantagruélicas festas gastronómicas que inzan o territorio galego.

Mitos contemporáneos

Convertémonos para os medios de comunicación nun paraíso de traxedias do mar e da terra e nun gran torreiro con todo tipo de alimentos que festexar. Da festa da cebola á festa do carneiro ó espeto pasando pola da lagosta, a empanada, o pan, a pataca, a ameixa, o melindre ou a cereixa. Cando non son as operacións fartura son as operacións triunfo con adolescentes convertidos en millonarios a golpe de chunda chunda.

Estes novos mitos da canción, ídolos de púberes e progres abraizados co "ave maría", choutan de vila en vila seguindo o calendario festivo do mesmo modo que fan os encargados da noria, das barracas de feira e do tiro. Son feirantes no máis puro estilo tradicional, a única diferenza é que eles gardan na faldriqueira miles de euros e dormen en camerinos de luxo. A súa é a historia da Cincenta e de tantos outros personaxes de contos infantís, personaxes tocados coa variña máxica das fadas (neste caso con rizos negros e antena de televisión) que pasan da miseria á paixón das masas. Téntasenos

vender que son, non só xenios da canción, senón seres de carne e óso que chegaron tan alto polo seu esforzo e constancia (¿?). Así se nos vende a moto. Nunha sociedade na que a perda de valores e metas se estende como praga bíblica, a apertura do mar das oportunidades configúrase como o camiño a seguir polos novos moisés. Riqueza rápida e portadas de revistas. Non precisan máis. Engulimos caras de famosos como panos de papeis. Só serven para usar e tirar.

Causas e non consecuencias

Sen embargo, non vou ser eu quen erga a bandeira en contra dos rapaces de operación triunfo. Para min son a consecuencia e non a causa dun andazo que percorre a sociedade baixo a amparo e mimos dos sucesivos gobernos ¿centristas?. Converter á xuventude en imbécil é moito máis doado que tentar que pensen. Non me preocupan as Rosas, Bisbal e Chenoa. Non vexo que mal ten bailar unhas horas o chunda chunda na verbena da vila. Preocúpame a necesidade social de alimentarse de tales ídolos e de convertelos non nun episódico momento festivo senón nun modelo de vida e proxecto de futuro.

Operacións fartura

Do mesmo xeito me preocupa a expansión das festas gastronómicas. En si non me parece un mal intento de promocionar produtos autóctonos pero o feito de que se eliminen outros fenómenos culturais por un maior investimento neses eventos paréceme unha verdadeira desgracia. Ten que haber de todo. Debe convivir a festa do pemento coa verbena de orquestra; a procesión do santo da aldea coa romería no monte. Son fenómenos compatibles e non excluíntes. Cómpre recuperar, en primeiro lugar, actos puramente tradicionais que se están a perder coa chegada destes fenómenos globais e uniformizadores. Non podemos anegar nas frías augas dos movementos efémeros cando temos valores culturais propios que hai que rescatar do esquecemento. As festas son, aínda que resulte obvio dicilo, tamén para os do lugar e non é necesario que acudan miles de asistentes para revalorizalas. É hora de asumir dunha maldita vez que non todo o que vén de fóra funciona mellor antes de que sexa demasiado tarde e vivamos como auténticos clons.

Pregúntome quen seremos o día en que só aplaudamos a Bustamante e comamos pementos o día da festa en Herbón. E pregúntome, tamén, que pensan os galegos cando na televisión só ven retransmisións deste tipo de festexos. Algúns rexeitarán, como no caso dos sucesos, esa imaxe de si mesmos e outros crerán que somos máis modernos por termos concertos miméticos a Granada, Almería ou Santander. Preguntaraste ti que ten que ver isto coa literatura. Agora imaxina que se crea un operación triunfo de narrativa dirixido por algún escritor "místico-televisivo". Non resulta necesario que che enumere as posibles consecuencias. O máis preocupante, coma sempre, son as causas.

A maldita filosofía de vida dos fascículos coleccionables

12/setembro/2002

¿Por que cada inicio de curso volvemos ás fórmulas colexiais e hai que encher a axenda de actividades extra escolares? Parece que se non tes un calendario ateigado de citas semanais co monitor de ximnasio, a profesora de canto ou o novo fascículo do quiosco non estás integrado na sociedade. Vamos, un animal estraño.

Setembro adiantounos nupcialmente pola dereita. Recoñezo que é un mes polo que sinto verdadeiro odio e, á vez, verdadeira devoción. Gústame moitísimo a súa luz horizontal cada vez máis tenue e o cheiro dos pexegos, das uvas e máis dos figos... Gústanme as mareas vivas, o moreno que se escapa e, tamén, o retorno das almas de asueto, esas aves migratorias que volven ós niños invernais do traballo e a choiva coa maleta chea de aventuras estivais. Gústanme os reencontros. Sen embargo, hai algo en setembro que aborrezco por riba de tódalas cousas: a filosofía vital dos fascículos coleccionables.

Escaparates de quiosco demoníacos

Unha rápida ollada ó escaparate do quiosco serve para poñer o pelo de punta de todas aquelas persoas que afrontan o novo curso co cinto afogado por mor da volta á casa, a volta ó cole, a volta á rutina. Podemos coleccionar libros, cintas de vídeo, coches e motos antigas, frascos de farmacia, mariquitas pérez, casas de bonecas, maquetas de barcos e avións que nunca conclúen, selos, moedas, condecoracións militares???, cursos de inglés, de bordado, de tai-chi e mesmo fascículos de cociña oriental. As revistas "de muller", (sabemos que as revistas de muller son distintas das de home, de can, de neno ou de adolescente) caracterízanse neste mes por ter suplementos especiais dedicados a como prolongar o bronceado, dietas de depuración para estómago, pel e pelo tralos "excesos do verán" e novas propostas para a colección téxtil de outono - inverno. As academias e os ximnasios enchen as caixas de correo de propostas: aprender idiomas, estilizar a figura, cursos de informática, internet, danza, teatro...

Imbécil e lacazana

Estanme "estresando". ¿Por que cada inicio de curso volvemos ás fórmulas colexiais e hai que encher a axenda de actividades extra escolares? Parece que se non tes un calendario ateigado de citas semanais co monitor de ximnasio, a profesora de canto ou o novo fascículo do quiosco non estás integrado na sociedade. Mal asunto. Como cando che preguntan ¿que proxectos tes para este ano? e respondes inocentemente "pois non sei... ler, escribir, pintar, saír cos amigos...". Entón quedas como unha imbécil e unha lacazana. ¿Como non vas estar preparando vinte cursos académicos complementarios, algún máster, posgraou ou curso CCC por correspondencia?

Non estou en contra da formación continua nin moitísimo menos. Paréceme fantástico que a xente se preocupe por aprender cousas pero aborrezco esa febre compulsiva de acumular méritos, fascículos e cursos. Deberíamos preguntarnos para que vale tanto apuro por dominar mil materias distintas que logo non nos valen para nada, non nos aportan nada e, o peor, acabamos odiando. Non coñezo a ninguén que nalgún momento da súa vida non abandonase (ou quixese abandonar) a metade de curso unha actividade extra escolar. Normalmente non o facemos nun intento de amosar disciplina, tesón e capacidade de sacrificio. Todo o que se premia nesta sociedade como valores máximos dun bo traballador e mellor persoa. Parece que a xente ten medo a deixar minutos libres no calendario diario. Imaxina que nese tempo se lle ocorre pensar. Que abatemento. Para iso a mellor solución e converter a vida nunha filosofía de fascículos coleccionables. Acumular minutos de formación que, como as múltiples coleccións de cousas inútiles, nunca sabemos que facer con eles porque xa non caben no salón. Por certo, ¿a que te apuntas este ano?

(E o de que setembro nos adiantou nupcialmente pola dereita creo que non necesito explicalo. Que horror).

Bágoas no 11-s

19/setembro/2002

Non tiña ningún motivo polo que chorar o 11-s. Confésoo sen pudor ningún. Non me impresionaron excesivamente as imaxes dantescas (e xa mudas de tan veces repetidas) de avións precipitándose contra as Torres Xemelgas; nin as vítimas dos atentados; nin tan sequera as honras fúnebres tan numerosas como certamente patéticas. Síntoo. E a quen lle asuste tal frialdade pode optar por recorrer a milleiros de medios de comunicación no mundo nos que encontrará millóns de columnas de autocompaixón sobre a "desgracia" acaecida en Nova York na "¿capital do mundo civilizado?" hai xa un ano. Agora, sen embargo, xa teño por quen chorar.

Non entendo moi ben por que todo o discurso arredor da morte na sociedade actual se centra en como se morre e non en como se vive. Neste sentido, e falando nos seus mesmos termos de xustiza e humanidade, pregúntome onde hai maior maldade: se na morte trágica de tres mil persoas en Estados Unidos, case o cento por cento cun altísimo nivel de vida ou na, tamén, morte diaria de millóns de persoas no chamado Terceiro Mundo, despois dunha vida marcada pola fame, a guerra e a pobreza. A circunstancia da morte é efémera. A da vida, non. E se hai que pesar na balanza da xustiza, dende o meu punto de vista a desgracia inclínase claramente ós que levan malvivindo décadas pola tiranía económica de Occidente e non nos que finan nunha acción violenta. Non xustifico os atentados pero si comprendo que tarde ou cedo tiña que acontecer (son millóns de persoas na pobreza e uns poucos os privilexiados) e, sobre todo, non me doen. Ou non me doen máis eses nenos ricos chorando abrazados a unha bandeira americana que as imaxes de rapaces cheos de sangue, moscas e gangrena de Etiopía ou Afganistán.

Roberto

Repito que non tiña ningún motivo polo que chorar o 11-s. Mais ben era carraxe, sentido da inxustiza e aburrimiento polos panexíricos de televisión e prensa. Sen embargo, agora si o teño. Porque se a morte é unha circunstancia intrínseca á vida, cando algún dos mortos é noso esa circunstancia convértese nun abismo, nunha dor tanxible, nun silencio roto. Morreu Roberto Vidal Bolaño. E a mensaxe no móbil esgaza un día de luz e sol no peirao coruñés para trocalo nunha néboa branca. Tiña que ser. A enfermidade roía nel dende había tempo e, inevitablemente e malia o seu frenético ritmo de produción, non conseguiu que as agullas do reloxo seguisen virando. Roberto era o teatro e con el fóisenos un espírito rebelde, perseverante e lúcido. Non vou dicir nada que non dixesen os críticos, os amigos, os actores, os directores, o público... nada que non resuman as bágoas no corazón. Porque cando unha persoa como el marcha para sempre unha sente que quedamos un pouco orfos. E pensar que nunca máis escoitaremos a súa voz profunda; que nunca máis sentiremos a súa mirada que estremece, os seus xestos firmes e convincentes e a súa sombra de home grande de aba ancha sempre acompañado de amigos e discípulos, entristece a alma.

No Salón Teatro, cedo, moi cedo, co patio de butacas baleiro e o seu cadaleito de sombreiro e nariz de clown, o silencio resultaba mesmo doloroso. En cuarta fila agardei/desexei que se erguese o telón para el, que o seu corpo de xigante rompese o dramatismo do escenario e sentenciase con aquela voz de ultratumba a longa vida ó teatro galego. Sen embargo, o cheiro das flores e a lúgubre luz da mañá enguliron o meu desexo.

Os seus amigos dixéronlle as máis fermosas palabras, palabras que só saen cando a ferida sangra dende o peito, e agora cómpre reivindicar a súa obra, a súa traxectoria, o seu labor pola profesionalización e o seu traballo en prol da construción dun teatro nacional galego. Para o recordo qué-dame especialmente o estremecemento de "Ledaíñas pola morte do meco" naquela noite da Festa Irmandiña Castelo de Moeche; a lectura de "Mar revolto" que, por recomendación de Inma López Silva, estaba a ler cando el finou e outras ducias de pensamentos que a súa obra comprometida sempre provoca.

Non hai máis oración para Roberto que o aplauso. O espectáculo debe continuar aínda que para min, como para moitos, o 11-s sexa xa un día de loito.

Referencias bibliográficas:

VIDAL BOLAÑO, ROBERTO; "Mar revolto", Santiago de Compostela , IGAEM, 2001

VIDAL BOLAÑO, ROBERTO; "Laudamuco, Señor de ningures ; Ledaíñas pola morte do Meco", Santiago de Compostela, Pico Sacro, 1977

Por que agardo as lagarteiras e outras esperanzas

26/setembro/2002

Isto de Agardando as lagarteiras non acaba de convencer a moitos lectores. Existen dúas maneiras manifestas de demostrar esta desconfianza. Os que non me coñecen atrévense con tímidas suxestións a invitarme a que explique o porqué de tan retorto título de sección. Os outros, os que cren coñecerme un pouco mellor, dan directamente por perdida a loita para comprendelo e fican indiferentes, en moitos casos, á miña provocación. Non se trata dunha adiviña, nin tampouco dun xogo de palabras con arelas de picar na curiosidade de quen caia no enredo. Agardando as lagarteiras é unha reivindicación e máis unha esperanza.

Reivindico as palabras que mamei da boca dos meus pais como se fose a miña propia alma quen habita nelas. Amo alentía, acochar, lagarteira, degostrar, caínzo, estrobo, alboio, restreba e outras tantas porque, como os sons e as imaxes da infancia, levan en cada unha das súas letras a pegada dos meus soños e o xeito de me enfrontar a eles. Algunhas destas palabras veñen no dicionario. Outras non. Por iso temo que se perdan no balbordo de mil palabras técnicas de significado tan efémero como o motivo que provocou o seu parto. Resístome a que desaparezan porque son consciente de que con elas morrerá tamén un pouco de min, un pouco do meu pai, da miña nai e de todos aqueles ós que algún día axudou a definir un obxecto ou verbo de uso habitual.

Cando me morran esas palabras sei que perderei a noción do mundo que me acubilla e, en certa maneira, caerei nunha sorte de Alzheimer no que non haberá piedade para cos mudos. Como se me arrincasen a lingua cunhas tesoiras afiadas. Non quero atravesar ese río limiao do esquecemento e por iso turro en rescatar palabras, imaxes e sons do túnel do tempo.

Son só unha de tantas. Lupe Gómez recolle nas súas feridas abertas e aínda quentes o Fisteus que era todo o seu mundo. Tamén en Olga Novo e Medos Romero latexan os corazóns rurais que se resisten a perder aqueles seus paraísos perdidos. Úneme a elas a paixón pola terra e divídeme o amor polo mar. Porque moitas das palabras nas que navego proceden do léxico do mar, do meu mar, do mar que se remexe como un can sarnoso na ribeira entre o cabo Prior e mailo cabo Ortegá. Esas palabras rescatadas dos homes e mulleres que teñen nel o oficio e maila vida convértenme na súa cómplice. Conseguen que me achegue tanto como me distancian dese océano que Paz Andrade evocou como "o mar dos trovadores, pero tamén o mar da sardiña". Agardando as lagarteiras e a reivindicación do uso desas palabras e, tamén, a esperanza de que non se lles seque o salitre que as mantén vivas. Por iso agardo as lagarteiras.

A recuperación de localismos

Hai iniciativas loables que buscan, neste senso, a recuperación de localismos. En Cedeira, Crisanta Bustabad, integrante do equipo de Normalización Lingüística do Concello, e o profesor do IES da vila, Andrés Toxeiro, están a acometer un interesante labor de recollida de léxico local que non aparece nos dicionarios e, consideran, estase a perder polo desuso. Os termos proceden do mundo da gandería, agricultura e do mar, as principais fontes de ingreso dos cedeireses e os seus responsables consideran que o volume podería pasar de mil entradas. O valor desta investigación, baseada no traballo de campo e uso de fontes orais, é inmenso e poderemos apreciálo nunha publicación que, calculan, verá a luz no día das Letras do 2003.

Non sei se as lagarteiras de Meirás aparecerán nese compendio. As lagarteiras son as mareas vivas que, dependendo do calendario da lúa, adoitan acadar o coeficiente máis alto anual no mes de setembro. Nesa lúa, cando existe unha maior distancia entre o punto máximo da enchente e o máximo da baixamar, prodúcense (segundo o estado do mar) as mellores mareas do ano para os percebeiros. A causa reside en que ó quedaren máis penas ó descuberto das ondas resulta posible cavar os percebeiros de maior calidade. O meu veciño, Vicente de Culás, di que lle chaman así porque na subida da marea as ondas chegan a bicar as rochas nas que os lagartos se poñen o sol. Razón non lle falta.

Amo alentía, acochar, lagarteira, degoirar, caínzo, estrobo, alboio, restreba e outras tantas palabras. Tamén agardo as lagarteiras, unha boa marea, eses tempos mellores que sen dúbida terán que vir.

Referencias bibliográficas:

TABOIA DE MAREAS 2002

NOVO, OLGA; "Nós nus", Vigo, Xerais, 1997

GÓMEZ, LUPE; "Fisteus era un mundo", Vigo, A Nosa Terra, 2001

ROMERO, MEDOS; "Dubido se matei a Lena", Vigo, Xerais, 2000

Lupe Gómez e Alfonsina Storni: a descuberta do mar como morte

03/outubro/2002

Cando Lupe Gómez atravesou o restaurante Rúa Nova aquela tarde o azar quixo que se escoitase "Alfonsina y el mar" como ruído de fondo, como ratificación e como promesa de océano. Ela falou e eu falei pero desa conversa quedoume sobre todo esa melodía que o envolvía todo e soñei que a poesía de Lupe era tamén o azul no que naufragara Alfonsina Storni.

"O mar é morte, unha morte de lugares imprecisos. A imprecisión é necesaria. Eu non quero dicir a verdade, quero mentir, inventarme, reinventarme, deitarme. Eu quero soñar toda a vida. Eu quero que a felicidade non acabe. Esta felicidade de estar aquí, no mar, no amor, na morte" poetiza nesa súa prosa musical Lupe Gómez nun agasallo que a Revista das Letras número 43 nos ofreceu baixo a espuma do título "Ensoñar o mar". Nesta obra, parida na beiramar atlántica das terras de Muros, esta muller do Fisteus interior desangra imaxes, versos e propósitos que teñen a dor do gume da navalla bicando as xemas dos dedos.

A Lupe esgázaselle a alma e o corpo en cada parágrafo de amor e tristura que atravesa a súa ollada escura para convertela en gargallada estentórea. Atrévase coa primeira persoa na súa poética nun acto que resume todo o pudor revestido de exhibicionismo dun ser que se busca e se pregunta. E dubida. "eu estiven no mar buscando sereas sen nome que me desen un significado, unha razón, unha pregunta. Dubidar é importante dubidar na vida. É importante deixarse levar pola corrente e cuspir veneno".

A pegada da aldea

Esta nena de aldea está a piques de publicar un novo libro que supón un chanzo máis na súa fecunda traxectoria literaria. As súas obras ("Pornografía"; "Os teus dedos na miña braga con regra", "Fisteus era un mundo") foron acollidas con sorpresa. A súa voz soaba diferente, pura, cristalina e as verdades non sempre gustan nunha sociedade acostuada ós cinismos e ás dobres facianas. "Creo na violencia dun mar frío que rompe, para ser libres, para liberarnos, para abrir as portas, para soñar moito, para escribir libros, para facer casas de grandes portas enormes". A poética de Lupe mira sen ambaxes cara ó seu interior e extrae as buguinas da súa inseguridade tinguida de aparente incom-

preensión. "Estiven no mar, coma quen está nunha festa. Estiven espida no mural da vida. Descubrín o misterio da fantasía e dos poemas".

"Alfonsina y el mar"

Lupe lembroume, pola conciencia da súa obra e pola inconsciencia do momento, a trágica historia de Alfonsina Storni e, especialmente, a melodía no tema que lle compuxeron Felix Luna e Ariel Ramírez e que se converteu en tan inmortal como a súa propia poesía. Storni, recoñecida poeta latinoamericana de inicios do século XX, suicidouse da única maneira da que ela, romántica e doente de paixón, podía concibir: internándose no océano. O Mar da Prata enguliu as súas últimas pegadas e na voz de Mercedes Sosa quedou a súa homenaxe póstuma: "Te vas Alfonsina con tu soledad ¿que poemas nuevos fuiste a buscar? Y una voz antigua de viento y de mar te requiebra el alma y la está llamando y te vas, hacia alla como en sueños, dormida Alfonsina vestida de mar". Ela quixo que o océano abrazase os seus pensamentos cando xa fora obxecto da súa evocación poética en numerosos exemplos de comunión coa natureza acuosa do infinito. "Perder la mirada distraidamente/ perdida y que nunca la vuelva a encontrar:/ y, figura erguida entre cielo y playa/ sentirme el olvido perenne del mar".

Do mesmo xeito que soñou Alfonsina, Lupe Gómez morre no mar: "A morte é o inicio de todo. Hai que morrer para saber que estamos vivos. Hai que suicidarse un día para que o resto dos días sexan alegres. Hai que saír ata o fondo para logo comprender mellor todo e poder vivir mellor, con máis medo, con máis forza". Lupe Gómez buscou nos seus versos o latexar das ondas que peitean a beira e sorriu entre as dunas. Como Alfonsina, esta muller de corazón de aldea atopou liberación. "O mar era tan fermoso, tan liberador, cheo de tanta anguria, unha razón para estar vivos,viva". E nós, nestas tardes de outono lembramos o sabor doce do mar de agosto e confesamos, con Storni, esta morriña persistente do mar que é morte e é resurrección: "Quisiera esta tarde divina de octubre/pasear por la orilla lejana del mar;/que la arena de oro y las aguas verdes/y los cielos puros me vieran pasar..."

Referencias bibliográficas:

GÓMEZ, LUPE:

"Fisteus era un mundo", Vigo, A Nosa Terra, 2001

"Os Teus dedos na miña braga con regra", Vigo, Xerais, imp. 1999

"Pornografía", Lupe Gómez, 1995

STORNI, ALFONSINA:

"Ocre", 1926;

"Mundo de siete pozos", 1934;

"Mascarilla y trébol", 1938

DELGADO, JOSEFINA:

"Alfonsina Storni. Una biografía", Buenos Aires, Planeta, 2001

A memoria é a medida de tódalas cousas

10/outubro/2002

Defendían os antigos gregos que o home é a medida de tódalas cousas. Isto resulta, cando menos, discutible. Tal vez a medida de tódalas cousas estea na memoria. Vexamos. "Vivir para contarla" (Mondadori) é, sen dúbida, o título literario desta semana. Sexa por difusión/presión mediática ou polo renome do autor parece difícil sustraerse á fascinante corrente de realismo máxico que estes días anega as páxinas de cultura dos diferentes medios de comunicación. Gabriel García Márquez relata nesta primeira entrega das súas memorias a súa infancia e xuventude. Sen embargo, as súas palabras suscítanos unha intrincada reflexión: ¿que é a memoria? ¿onde está o límite entre o imaxinado ou o vivido?

"Muchos años después, frente al pelotón de fusilamiento, el coronel Aureliano Buendía había de recordar aquella tarde remota en que su padre lo llevó a conocer el hielo. Macondo era entonces una aldea de veinte casas de barro y caña brava construidas a la orilla de un río de aguas diáfanas que se precipitaban por un lecho de piedras pulidas, blancas y enormes como huevos prehistóricos. El mundo era tan reciente, que muchas cosas carecían de nombre, y para mencionarlas había que señalarlas con el dedo". Estas palabras pertencen ós primeiros parágrafos de "Cien años de soledad", a obra que supuxo o salto ó recoñecemento mundial do nobel colombiano. "O mundo era tan recente, que moitas cousas carecían de nome e para mencionalas, había que sinalalas co dedo". A memoria de Gabriel García Márquez era tamén iso: un espacio sen nome onde imaxes, sons e cheiros mesturábanse nun baleiro inomeable ata que el lles deu forma a través das palabras. E medrou o mito.

¿Química?

Unha das virtudes de "Vivir para contarla" está na asunción dunha verdade que nos parece indiscutible: as memorias son un xénero de ficción e, como tal, o escritor entréganos momentos significativos da súa vida ocultos na ficción, o cal permite ofrecernos o relato da súa vida e máis a súa visión dela. Isto di o seu biógrafo Dasso Saldívar. Os científicos describen a memoria como "a capacidade ou poder mental que permite reter e lembrar, mediante procesos asociativos inconscientes, sensacións, impresións, ideas e conceptos previamente, así como toda a información que se aprendeu conscientemente". Aseguran que existen varios tipos de memoria: a curto prazo, a longo prazo, semántica, procedural e episódica. Engaden que as lembranzas pódense recuperar gracias á excitación eléctrica de certas neuronas e, conclúen, así friamente, que a memoria está baseada na química.

Non sei vós pero eu négame a ver a memoria como algo simplemente químico, atrapado ás leis da relación causa-efecto e sen posibilidade de disfunción. A memoria é a recreación do vivido e, como tal, unha alteración profunda de persoas, situacións, paisaxes e sensacións. ¿Quen non sentiu algunha vez como as súas lembranzas non se correspondían en absoluto coas lembranzas do mesmo feito descritas por outra persoa? A memoria é caprichosa, selectiva, autónoma, modifica ó seu xeito o sucedido, trivializa momentos grandes e magnifica outros que, no seu día, a penas tiveron transcendencia... En definitiva, converte o noso pasado na recreación do que vivimos baixo a tutela da súa imprevisible vontade. ¿Como non van ser as memorias un xénero de ficción? ¿Como é posible que lembremos o sabor daquel xeadado que tomamos unha tarde de agosto de hai vinte anos e non recordemos o que fixemos o martes da semana pasada? Todo está sometido ó capricho do recreado e Gabriel García Márquez non podía escapar del.

"Contarla para vivir"

O que diferencia a este home que vagabundeou durante anos por Barranquilla, Cartaxena de Indias e Bogotá e foi diagnosticado de paludismo, amigdalite e bile legra por "abuso de lecturas mal dixeridas", é a súa capacidade para contalo. "Non hai nada neste mundo nin no outro que non sexa útil ó escritor", e a partir desa premisa o autor colombiano describe unha infancia e unha xuventude ateigadas do realismo máxico do que se nutre toda a súa obra. A hipérbole resume axeitadamente o significado da súa literatura e, en definitiva, da súa vida. Así, resultaría sinxelo darlle a volta ó título e que tivese tanto ou maior sentido: "Contala para vivir", porque sen dúbida lembrar é outro xeito de sobrevivir. O dito, tal vez a memoria sexa a medida de tódalas cousas.

Referencias bibliográficas:

GARCÍA MÁRQUEZ, GABRIEL:

"Vivir para contarlo", Mondadori, 2002

"Cien años de soledad"

"El amor en los tiempos del cólera"

"Relato de un naufragio"

O ocio e o negocio do libro

17/outubro/2002

A Feira do libro de Fráncfort vén de pechar unha edición que disque demostra a crise que sofre o sector editorial. Segundo as fontes da propia organización, neste ano só se mercaron dereitos de aqueles libros dos que os editores estaban seguros, é dicir, dos que tiñan garantido o éxito no mercado. O libro, ademais dunha porta á imaxinación, é un produto mercantil que se compra e se vende e, polo tanto, como tal debe ser tratado. Cando falamos de literatura, guste ou non, falamos tamén de empresa: ocio e negocio.

Na conferencia de prensa final da Feira do libro da cidade alemana, o seu director quixo apuntar unha visión de futuro e indicou que se está a dar "un sinal de optimismo en momentos difíciles". Sen embargo, outras voces proclamaban a necesidade de eliminar certas prácticas no mundo editorial como a proliferación de libros e os prezos desmedidos que se dan nalgunhas poxas de dereitos de autor de certas celebridades. Evidentemente.

Hai quen opina que os autores deben cingirse a escribir e que deben ser os editores quen fagan o resto do traballo. Estou absolutamente en desacordo con isto. Creo que a literatura, como ocio e como negocio necesita ser un esforzo común, non só entre os produtores senón tamén co propio destinatario: o lector. Na propia natureza do libro está o requirimento de ser compartido. Polo tanto, péreceme que a tan nomeada crise editorial da que moitos acusan directamente ó mercado ten un culpable moi claro nos propios produtores.

A relación autor-editor

Razóns non me faltan para tal argumentación. Primeiro: é obrigado por parte dos editores o respecto ós autores. Hai editoriais que publican libros sen nunca ver cara a cara ó autor que se converte nunha voz telefónica e nun correo electrónico que envía un adxunto chamado novela. Hai editoriais que non fan promoción dos libros, nin sequera se preocupan de organizar unha presentación pública ou de que exista unha mínima distribución da obra. Hai editoriais que nos seus contratos de dereitos de autor (cando existen) ofrecen ó autor do libros un 7% de marxe de beneficio do prezo final de venta ó público, un 8%..., cando non lle fan asinar un papel no que renuncia a todo tipo de beneficio ata a segunda edición da obra. Hai outras que asinan contratos con dereitos de autor que ascenden a un 10% e, curiosamente, nunca pagan, mesmo néganse con escusas evidentes a comunicar ó autor cantos libros vendeu...

Loxicamente e por fortuna, este non é o caso de tódalas editoriais: existen empresas moi dignas que tratan de marabilla ós seus autores e que pagan puntualmente os dereitos. Non se trata tampouco de índice de facturación senón de bo facer, de querer facer. Hai quen se estraña de que o elenco de autores consagrados publique en determinadas editoriais. O que debería estrañar é que outros publiquen noutras. Nesta perspectiva, o negocio do libro é redondo para algúns. Ademais das subvencións de organismos públicos, todo o beneficio da obra recae no editor e algúns fican parvos ó escoitar falar da "crise no sector editorial".

A relación libro-lector

Non me vou parar a analizar que é o que está fallando, aínda que poda sospitalo á vista dos datos, pero si quixera facer algúns apuntamentos sobre como me parece que se pode mellorar a situación. Ademais da xa citada relación autor-editor, creo que na relación libro-lector hai moitos aspectos infinitamente perfeccionables. Aproveitando as posibilidades dos novos medios e partindo da base de que un produto seduce non só polo que din deles os críticos e a publicidade senón o boca a boca, penso que se podería explotar máis a propia interactividade da literatura. Encontros cara a cara cos autores, foros de lectura, correspondencia, unha maior presenza nos medios de comunicación..., en definitiva, unha boa campaña de promoción centrada na relación do autor da obra co destinatario final. Creo que isto non é só responsabilidade de editores e escritores senón que neste xogo teñen que entrar de cheo as asociacións culturais e a administración. As campañas de fomento da lectura ou de promoción dunha lingua non funcionan se se cinguen a pagar subvencións a fondo perdido por libro editado senón que deben abranguer un espectro máis amplo de actuacións que inclúan o compromiso de tódolos sectores sociais co libro.

Insisto en que entendo perfectamente a chamada "crise do sector editorial" (nalgúns casos o difícil é saber como hai empresas que seguen "funcionando") pero non me vale ese pesimismo e esa maneira de botar a culpa implicitamente ó consumidor. É responsabilidade de todos que o libro non sexa só ocio, senón tamén negocio para ser capaz de se manter como produto cultural. Duns máis que de outros e hai silencios que tamén resultan cómplices.

Retrato dunha alma núa

24/outubro/2002

Supoño que é irremediable. Nestes días nos que o nome de Gabriel García Márquez está nos titulares dos medios de comunicación, xunto a outros como Bryce Echenique ou Ana María Matute por senllas novidades editoriais, temos a escusa perfecta para seguirmos a falar do nobel colombiano. Gabo, nacido en Macondo dende a concepción vital de que cada autor pertence á patria/matria da súa literatura, ofreceunos hai tempo unha obriña teatral que practicamente pasou desapercibida e que hoxe merece o noso comentario. "Diatriba de amor contra un hombre sentado" recolle toda a brillantez da súa escrita en a penas oitenta páxinas de monólogo ininterrompido no que fica perfectamente resumida a esencia de toda a súa obra. Unha pequena xoia literaria, un retorto cavorco da alma.

"Diatriba de amor contra un hombre sentado" está firmada en México no ano 1987, pero tería que agardar ata o ano 1994 para ser estreada no Teatro Nacional de Colombia coa representación da actriz Laura García. O seu proceso creativo foi, logo, posterior a "El amor en los tiempos del cólera" (1985), unha novela coa que garda moitas semellanzas froito sen dúbida da pegada que Florentino Ariza, o doutor Juvenal Urbino de la Calle e Fermina Daza. Un, aínda que o intente, non pode desbotar segundo o seu gusto a determinados personaxes, proxeccións e sentimentos. Hai moitos riscos na creación e este é un deles: que determinado episodio quede marcado a ferro na mente e necesite exorcizarse por medio da escrita nunha e outra obra como maneira infantil de matar os remorsos. Ás veces, os propios seres que inventamos acaban dándonos leccións maxistras de vida.

O protagonismo do monólogo dramático (única, ata o momento, incursión de García Márquez neste xénero) é dual, por ausencia e por presenza, nun xogo que nos achega a "Cinco horas con Mario" de Miguel Delibes. Ela, Graciela, inicia o seu longo reproche ó esposo cun "¡nada se parece tanto ó inferno como un matrimonio feliz!" xusto na véspera das celebracións das súas vodas de prata. El, espantallo que se agocha tras das páxinas dun xornal, fica impasible ó exercicio de memoria, autocrítica e recriminación dunha muller que se move drasticamente entre a ira e a desolación.

Palabras como dardos

Son palabras que se espetan como dardos. Eugenio Amaya, a quen o traballo dramático de Gabo parece insuficiente, comenta que "O monólogo da esposa desilusionada que verte unha amarga mostra de reproches a un marido-maniquí é literariamente impecable, dramaticamente estático e emocionalmente incompleto". Persoalmente esta obra parécese de todo menos emocionalmente incompleta. Á marxe do comentario sobre as acotacións teatrais, a posible posta en escena ou o seu ritmo, creo que a maior virtude desta "Diatriba" reside no valor emocional da muller: polo que di e

polo que esconde nos seus silencios que se fan xeo. Non existe maior humillación que o feito de que unha persoa se ispa sentimentalmente ata o punto de matar todo o pudor. A perda da dignidade en certas ocasións supón un chanzo cara ó abismo. Sería preferible para o home-sombra que ela elaborase un discurso románticoide e cheo de aldraxes a que ela recoñeza a súa vulnerabilidade na loita desesperada entre a razón e o corazón. A escravitude de Gabriela é a fidelidade ós sentimentos que a unen a el e nesta coherencia morre a súa alma de muller repudiada. Cando o único que ela quixera é que el a amase.

Creo que o valor dunha obra literaria, especialmente teatral, debe medirse non só polas súas palabras senón por todas as reflexións que xeran ás marxes dos parágrafos. Cada silencio e cada dardo forman unha amalgama de significados na que conflúen consciencia e desexo: "prefiro a liberdade de estalo buscando ata sempre que o horror de saber que non existe outro a quen poda querer como só quixen a un nesta vida". Na boca de Graciela, esta asunción é veneno. Non hai maior escravo que o amante. E "Diatriba contra un hombre sentado" consegue que, malia a súa turbación, envexemos a Graciela. Nesta íntima contradicción creo que está a plenitude emocional da obra.

Referencias bibliográficas:

GARCÍA MÁRQUEZ, GABRIEL; "Diatriba de amor contra un hombre sentado", México, 1987

O desacougo e a crítica de "Unreal city"

31/outubro/2002

Viaxamos por "The Waste Land" de T.S. Eliot ("A terra baldía" en traducción ó galego de Armando Requeixo e María Fe González editado por Libros da Frouma en 1998) cos ollos de Marcial López, un fotógrafo de Pantín (Valdoviño), que retrata no Londres de inicios do século XXI toda a fugacidade dun tempo sen estación de tránsito. Esa "Unreal city" que lle esgaza toda a fe posible.

Dime Marcial que aprendeu a viaxar lendo a Enid Blyton, Julio Verne e maila colección de misterio de Alfred Hitchcok. Dime que lle apaixonaban as aventuras que compartía a través das letras na primeira adolescencia. Dime tamén que de aí naceu o seu espírito vagabundo. Onte, Hamburgo. Hoxe, Barcelona. Antonte, Londres. Mañá, quén sabe. Sen embargo, dime Marcial que houbo unha peaxe entre o desexo de percorrer mundo para aprender e a necesidade de emigrar para comer. Un abismo. Unha encrucillada determinante para o seu futuro. "En Galicia non se pode", afirma, e colle un billete a algunha parte para reflexionar detrás dunha cámara fotográfica.

Marcial López é amigo meu (creo que podo abusar da confianza incluíndome como tal) dende a infancia cando compartiamos patio de recreo no colexio de Atios (Valdoviño) e aínda non sabíamos que había alén do areal da Frouxeira. Os camiños da vida encontráronos e afastáronos ó seu libre albedrío ata o presente. El segue a percorrer o mundo co seu fiel obxectivo ó ombreiro e, cando compartimos unha cervexa, amósame as imaxes froito da súa peregrinaxe por indescifrables roteiros. Marcial tráeme a Taraza as présas de Londres; a noite alemana co seu frío e co seu silencio; o agobio das recepcións de hoteis; as ganas de asasinar ós encargados que tratan ós subalternos como papel hixiénico; o cheiro das hamburguesas no metro; a súbita néboa e maila escasa luz das urbes do Norte... O seu traballo documental chamado "Unreal city" (exposto durante o último ano en diversas cidades galegas) apreixa parte do seu desacougo, esa mirada sobre un Londres materialmente moi vivo e espiritualmente morto. O meu amigo considera que a fotografía de viaxes ou documental tratou tradicionalmente de reflectir a realidade, ás veces con beleza, outras con crueza, e, sen embargo, el pretende documentar a realidade dun xeito diferente, transformándoa, forzando as súas formas nunhas novas que necesitan ser interpretadas.

"Baixo a parda néboa dunha amencida de inverno"

"Unreal city", título sacado dun vocativo que Eliot utiliza repetidas veces na obra "The waste land", reflicte na obra de Marcial o ritmo desorbitado da cidade, a velocidade, o estrés, unha colectividade idiotizada, a vivenda inhabitable, un emprego odiado, estúpido e mal pagado onde a morriña se converte en depresión. "Cidade irreal/ baixo a parda néboa dunha amencida de inverno/ unha multitude desbórdase pola ponte de Londres, tantos/ Exhalábanse suspiros, curtos e pouco frecuentes,/ e cadaquén cravaba os ollos diante dos seus pés./ Fluían costa arriba e baixando King William Street,/ cara a onde Saint Mary Woolnoth daba as horas/ cun son esmorecente na badalada final das nove / Alí vin a un que coñecía e detívono berrándolle: ¡Stetson! (...)". O fotógrafo tentou recoller toda a inquietude dos poemas do nobel americano por medio de caricaturas, forzando a imaxe cotiá e trocando nunha imaxe case abstracta sen formas definidas ou o detalle e, confesa, "ás veces resulta difícil identificar o obxecto fotografado, o que da lugar a unha posible confusión, como confuso andaba eu polas rúas de Londres". Son luces que bolen, poemas visuais que retobatan a alma e vólvena coas tripas de fóra, unha carreira desesperada pola procura dun mesmo que se dilúe nos esixentes valores do cronómetro.


Conxunción entre literatura e fotografía

A fotografía de Marcial é a perfecta conxunción entre literatura e (é) fotografía; literatura e (é) arte. El aprópiase da poesía de Eliot e regálalle a súa ollada crítica para ofrecernos unha das lecturas posibles. Cidade de fío, de fume, de fastío. As súas imaxes, como os poemas, son metáforas desacougantes, diálogos inquisidores e voces que se anoan ó pescozo. Cospen na nosa nada e suscitan pequenas contrariedades que se fan inmensas ó abeiro do ruído. O ruído como todo e intransigente banda sonora. Non hai escravitude máis dura que a da axenda na que apuntamos as derrotas e compromisos baleiros. Esa terra baldía na que aboia a incerteza. "¿Que é a cidade sobre as montañas/ que fende e toma nova forma e estoura no aire violeta/ torres que se derruban/ Xerusalen Atenas Alexandría /Viena Londres/ irreais".

Dime Marcial que lle gustaría volver e non atopar unha terra baldía. Dime que lle gustaría viaxar e non emigrar, que hai unha gran diferenza. Eu respóndolle que nós, na casa, ás veces tamén nos sentimos emigrantes. Tamén lle dou as gracias por traerme a Taraza imaxes do mundo de fóra. Un mundo que, en realidade, fala de moi dentro.

Referencias bibliográficas:

T.S. ELIOT: "A terra baldía" Introdución de María Fe González Fernández. Edición bilingüe de Armando Requeixo e María Fe González. Libros da Frouma, 1998



Burgo de eternos estraños

07/novembro/2002

Disque hai lugares que cativan ó obxectivo cinematográfico. Un deles sería Nova York, no que seica se gravaron quilómetros de metraxe para retratalo nas súas máis inverosímiles formas, e outros poderían ser A Habana, Roma ou París. Literariamente acontece algo semellante e no ámbito galego temos unha cidade que ambienta os latexos e mailas pisadas de centos de personaxes. Compostela convértese no abrazo que rodea ó verso e ó parágrafo. Ben é certo que non deberíamos estrañarnos. O alento do botafumeiro parece impregnar as vellas pedras de letras que forman rodopíos atraentes nos escritores. E xorde un Santiago de ficción que ve limitada a súa beleza. Dificilmente as palabras poden apreixar o espírito deste antigo campo das estrelas.

Enumerar o elenco de creadores que citaron esta cidade nalgunha obra resultaría imposible. Poderíamos falar de Suso de Toro, Manuel Rivas, Antón Lopo, Xosé Miranda ou Marilar Aleixandre. Tamén Otero Pedrayo, Rosalía de Castro, Torrente Ballester, Xabier Queipo ou Bieito Iglesias, por non falar doutras ducias de autores nos que Compostela aparece dunha maneira ou outra: o estadio universitario, unha feira, un asasinato, un lugar de paso ou de encontro... ¿Cal é o encanto da "maior aldea de Galicia"?

Gústame esta cidade aló, no amencer, cando o mundo dorme. Eses escasos días nos que o sol aparece timidamente por entre as nubes e ese fume húmido envólveo todo, unha curiosa comitiva de seres insomnes desfila polas rúas. Compostela é unha cidade sen o chifre das fábricas no raia do horizonte, sen operarios de mono azul nin tan sequera de camisa branca. Aquí tampouco hai lugar para executivos. Unha lexión de funcionarios de universidade e administración mírase de esguello nos pasos de peóns con receo e sen absoluto disimulo. Comparan as etiquetas da roupa e categorías laborais. Os estudantes aínda borrachos tentan manter o bafo de alcol contraído entre as catro paredes da boca pero o abalo rítmico en zig zag pola beirarrúa delátaos e convérteos en proscritos. Os escolares que levan da man ás súas nais abren moito os ollos con desconcerto e elas apuran o paso. A luz do día descobre os últimos caprichos da batuta dos "after hours", as miradas desorbitadas de garrafón, olleiras que bican os xeonllos e mans que se atreven no cinto de novos e efémeros amantes.

Os camións do reparto reptan polas calellas da zona vella como bocas famentas que engolen os pensamentos dos comerciantes. Raia o sol con impertinencia no mercado de Abastos para marcar o mediodía dos vendedores cando a cidade aínda non ben abriu os ollos. Leitugas, peixe, flores e cestos custodian galantes o paso de acólitos que arrastran o seu corpo ata a praza da Universidade namentres os outros, os funcionarios, fichan e baixan ós cafés a espreguizar os pesadelos da hipoteca do piso, do seguro médico e dos suspensos do fillo do medio.

Granito de ouro

O granito de ouro atrae coma un imán as penas e mailas bágoas do ceo. Resulta unha pedra cantareira na que renxen os carros do tempo perdido, testemuñas impertérritas de cóengos que atravesan a Quintana cara ós oficios e guías turísticos que premen a o discurso diario no idioma correspondente. Inglés, francés ou alemán. As linguas de imperio. Na catedral, o silencio abanéase trémulo na primeira luzada e un grupo de devotas negras persegue ó cura na procura de confesión e eternidade. Xorden sombras que se moven lánquidas entre as naves. Os vagabundos rodeados do seu séquito de bolsas, tentan conciliar o sono e maila ansiedade ó abeiro da fe.

Bolseiros, parados, opositores e comerciantes. Cregos, vagos, xefes e universitarios. Artistas, borrachos, peregrinos, repartidores e rendeiros. En Compostela as tribos humanas enguedéllanse cos fíos de auga, o alento voraz dos bares e as reliquias dos todo a cen. Rosarios de acibeche e gaitas estridentes. Cidade roída con violencia polo sector servicios sen ningún tecido productivo. Cidade que vende o seu corpo ós visitantes pero agocha a alma amedrentada polo babel de linguas e culturas. Puro teatro, traxicomedia de oracións políglotas e músicos da rúa. En Santiago, no canto de bucinas que convocan ós operarios nas factorías, as badaladas da Berenguela convidan ó rezo e isto connota e denota o espírito da poboación. Esta é unha cidade que se abre ós estraños e fita ós propios con distancia, con orgullo con indiferencia. Aquí sempre nos sentiremos de fóra e daremos pasos perdidos polo Vilar, pola Rúa Nova, polo Preguntoiro, por Mazarelos coma se fose a primeira vez. En Compostela, sempre é a primeira vez.

Tampouco eu pretendo atrapar a beleza desta cidade con palabras pero ó mellor consigo levar o seu bafo húmido e de incenso ben lonxe. Mesmo a Venezuela ¿chegou, amigo Eduardo?

Referencias bibliográficas:

IGLESIAS ARAÚXO, BIEITO: "A vida apoteósica", Vigo, Xerais

ALEIXANDRE, MARILAR: "O tránsito dos gramáticos", Vigo, Xerais

MIRANDA, XOSÉ: "Morning Star", Vigo, Xerais

Unha trama periodística convertida en ficción literaria

14/novembro/2002

"As voces da noticia" é o título da obra galardoada na XXI edición do Premio Blanco Amor de Novela Longa que este ano organizou o concello de Santa Comba. O traballo, que presenta unha complexa estrutura narrativa, obtivo o recoñecemento do xurado por maioría nunha edición caracterizada pola cantidade e calidade dos exemplares presentados. A plica premiada agochaba o nome de Xosé Monteagudo Folgar, de 37 anos e natural de Moraña, quen non podía disimular a súa satisfacción. Anticipamos algunhas das claves das súa poliédrica versión dun suceso.

O pasado sábado día 9 un denso manto de néboa aniñaba na estrada que une Santiago de Compostela con Santa Comba. Por entre o bafo húmido do outono xurdía unha Galicia de herba, arado romano e carro. O concello das Terras do Xallas podería ser a Brea da novela de Xosé Monteagudo Folgar, un escenario rural no que conflúe o presente dunha sociedade moderna coa tamén presente sociedade tradicional. A estigmatizada e mal chamada "Galicia profunda" xorde cun sabor novo e dignificante. "As voces da noticia" non é unha obra ruralista nin arcaizante senón unha construción contemporánea de algo que nos vén de moi dentro. Os diferentes discursos que configuran a novela están tecidos con veracidade e unha gran solidez narrativa baseada, principalmente, no uso de variados rexistros lingüísticos.

Gústame a novela e non sei en que medida a aprecio máis, se no ámbito da miña profesión ou no da devoción literaria. O texto de Monteagudo afonda, como parece doado percibir polo título, na realidade dun labor, o xornalístico, moi de moda na actualidade. O periodista é devecido e odiado nesta sociedade nunha romana practicamente equilibrada. Neste caso, o protagonista configúrase coma unha testemuña allea e distante dun feito acontecido dez anos antes que el pretende reconstruír a partir das voces dos que o viviron. O autor pontevedrés sérvese de transcricións de cintas, correos electrónicos, entrevistas, actas xudiciais e apuntamentos para coñecer un suceso do que non temos constancia ata ben avanzado o relato. A fin de contas, o que lle interesa é a percepción que os protagonistas tiveron do feito e a transcendencia que tivo este nas súas vidas.

Esta narración parécese enriquecedora tanto pola presenza dunha polifonía equilibrada de voces que engaden matices sobre o pasado como pola ausencia da versión do auténtico protagonista, xa morto. A introspección psicolóxica resulta determinante para o lector no fluír do relato e, baixo o meu punto de vista, tece unha serie de fíos manifestamente críticos que abrollan do discurso.

A estigmación dun delicto

Habitualmente nos medios de comunicación, o tratamento xornalístico dun crime por mor dun carballo, o dereito de paso dunha terra, conflitos de parcelaria ou herdanzas resulta ridiculizante. O argumento empregado quere manifestar a predominancia dunha sociedade urbana e afastada da ligazón á terra que é falsa en tódolos seus aspectos. Considérase máis moderna ou xustificable a morte por un axuste de contas, trata de brancas ou narcotráfico que asasinar a alguén que nos quere arrancar aquilo polo que os galegos levamos loitando dende hai séculos. Os dramas de emigración e escravitude laboral provocados pola arela de mercar os ferrados que se traballan non maduraron na memoria colectiva. Esas feridas fondas permanecen abertas e aínda supuran.

Creo que non se pode dar un paso á modernidade sen asumir a nosa propia conciencia e na novela de Monteagudo percíbese ese desexo de dignificación e asunción da identidade galega. Sen burlas nin sorna. Cando alguén mata por unha leira está evidenciando un dos nosos instintos máis primitivos: a defensa da propiedade. O pontevedrés, funcionario da Axencia Tributaria e licenciado en dereito, pon de manifesto non só o seu esforzo narrativo senón unha profunda reflexión social. A súa entrada no mundo literario galego ('O engado do triángulo', obra gañadora en 2001 do Modesto Rodríguez Figueiredo permanece inédito) non podía ser con mellor pé. Resta a publicación da poliédrica "As voces da noticia" para que o público poida ler unha gran novela. E cadaquén que sexa sincero consigo mesmo e pense se mataría por ese cacho de terra.

Referencias bibliográficas:

MONTEAGUDO FOLGAR, XOSÉ; "O engado do triángulo" (INÉDITO)

MONTEAGUDO FOLGAR, XOSÉ, "As voces da noticia", Vigo, Galaxia, 2002

"O cadavre do Mar fixo do barco un cadaleito"

21/novembro/2002

A marea negra tinguime as letras con chapapote. Pregúntome quen me limpará o fuel do xabre, das penas, das plumas e das guerlas. Será a administración, os veciños, os ecoloxistas, o exército ou os voluntarios. Pregúntome quen varrerá esta lambida mortal da miña pel e do iris sen arrincarme cachos de carne e ondadas de sangue. Pregúntome quen me indemnizará con cartos europeos anticipados pola Xunta polas perdas desta cólera, desta tristura, desta intemperie. Quen me devolverá a esperanza cando me mataron, outra vez, este mar no que habito e no que me habitan as palabras. Os versos de Manuel Antonio anticipaban o aceite que contamina a alentía da alma.

Agoiraba Anxos Sumai, ese meu anxo da garda literaria, que estes días eu tería as veas lixadas de fuel. Oxalá navegase só fuel e non frustración, impotencia e unha ira que me entrecorta a respiración coa súa alentía macabra. O Prestige partíume en dous o corazón e naufragoume a un cento de millas da esperanza. Quixera escapar e non podo. Cada vez que abro os ollos espréitame o óleo dende a superficie acuosa da nada. Fítame cos ollos de par en par coma unha maragota esgazada nos tramallos do cinismo. Esas redes da indiferencia e dos discursos oficiais baleiros de contido pretenden arroupar cada falso latexo e non me collen. Sempre son máis rápida, un cabaliño de mar que anda a brincos pola densidade mesta de auga salgada. Nunca me capturan. Turran por arrastrar esa calma de sorrisos falsos e arelas que teñen que ver co ascenso a postos de máis envergadura política. Mais sempre fuxo. Nado desesperada polo magno distanciamento na procura dun destino que descoñezo. Suspíranme os xurelos no peto do silencio e as miñas fadas da ría de cons vermellos remexen o aire co seu bater de ás miúdo. Agárdanme indignadas e inquedas. Inquedas e indignadas. Tampouco elas cren nada e non hai mentira que lles valla. Fítoas con sangue na mirada e a alma esfanicada en pequenos anacos de cristal translúcido. Mantéñenme as meniñas imperturbables, nun estoico acto de dignidade, namentres a marea negra avanza perseguindo voraz o seu ronsel.

A pel manchada e o corazón baleiro

Teño o corazón cheo de chapapote e as ondadas de mentiras de quen non quere atallar a desgracia. Non hai consolo neste abismo de cheiro tan penetrante no que as aves choran. Os corvos mariños e as gaivotas afogan no rodopío dun vaivén aterrado. Pecharon as lagoas e as rías para que o andazo non se espraie cando, días despois, non hai armas para redimírnos. Próenme os ollos e este bronceado de petróleo na pel non me permite transpirar. Pegouseme ás escamas e ás mucosas. Teño

medo. E o Nordés non dá espertado nesta secuencia pecaminosa de prediccións metereolóxicas. Sopra sur para arrimarnos a traxedia e o temporal nunca escampa nestes días de manadas de garañóns desbocados que nos traen irremediabilmente un bafo aceitoso. Os políticos sorrín e miran confiados para Europa. Namentres, os mariñeiros espreitamos aterrados as imaxes catódicas dun barco esgazado que non logramos afastar do encadre do noso obxectivo. "O cadavre do Mar/fixo do barco un cadaleito".

Como se houbese consolo posible

O Prestige, ese navío pirata, vai e vén atado ó azar de nubes e amaños de despachos, inzando de lixo todo o litoral galego. Como se fose un consolo que estea agora en augas portuguesas. Como se o mar tivese murallas que delimitasen as posesións dos estados. Como se puidesemos fuxir. Os mariñeiros penetramos na superficie brillante do mar e suspiramos a nosa desolación ante tódolos altares posibles. Non quedan deuses ante os que orar nin prender fachos redentores. Non hai lume que nos salve cando xa a marea negra nos buscou as pálpebras do medo. As doas do rosario perdéronse no areal de corvos, paños e arroases moribundos e as nosas pegadas camiñan cara ó desencontro. Coas palabras, co silencio, co futuro. Na alfombra de hidrocarburo que tolda os pensamentos aboian as vítimas da nosa indignación e non hai farallón posible ó que aferrarse para sobrevivir. Non existe misericordia. Homes e mulleres protestan pola falta de medidas e os outros, os que miran de fronte á foto, sorrín ante os titulares de prensa a cinco columnas. A súa comparecencia mídese directamente en rendibilidade electoral. Ela será quen determine o verdadeiro peso da victoria que adiantan a cada declaración. Quen se lembrará de nós dentro duns meses cando deixemos de ser focos informativos e as manchas de fuel manchen as nosas penas e o noso xabre. Quen escoitará a nosa pregaría cando as alentías sigan a cuspir babuxas negras e sintamos fame e frío por esta peste económica e sentimental. Quen nos sacará, en definitiva, a contaminación das lagarteiras da alma.

Fico muda, cos poemas como único berro de fe. Recoillo nos tramallos as palabras de Modesto Fraga, este poeta fisterrán que me consolou na reclusión mindoniense cos seus versos de salitre: "(...)En Mar de Fóra/ adoito se mesturan/ as artes do tributo máis efémero:/ herdanza de salitre/ -a nosa-/ de homes e mulleres salitrosos./ porque levamos no silencio/ o rostro e a palidez/ salgada do traballo./ Ese traballo inxel/ de remendar nas redes do encaixe máis absurdo./ En Mar de Fóra/ as redes son o berce/ onde aniñamos, nós,/ alén da luz escura/ que nos sinala o día".

No Mar de Fóra, este mar de tan dentro, tamén a marea negra luxou a ribeira das palabras, o océano dos soños no que, certo Anxos, choran os cadáveres dos paños que nos traen a mensaxe dos malos tempos. E ficamos sós:

"Fume de pipa Saudade
Noite Silenzo Frío
E ficamos nós sós
Sin o Mar e sin o barco
Nós"

Referencias bibliográficas:

MANUEL ANTONIO: "De catro a catro"

FRAGA, MODESTO: "Mar de Fóra" revista Dorna, n.25, 1999, p.30

O Prestige, Freda e a emigración

28/novembro/2002

A catástrofe do Prestige segue a enzoufarnos o pensamento e máis as expectativas de futuro. As palabras non poden superar a magna traxedia deste silencio unánime no que se agocha moita rabia contida, moita desesperanza e moitas bágoas. As promesas dos políticos só xeran odio namentres as claudicacións dos mariñeiros espétanse no corazón. Emigrar ou morrer. Como Dani. Como Freda.

Dani era un rapaz afouto e simpático cunha chiscadela de tenrura sempre pendurada dos ollos. El non andaba ó mar pero as nulas expectativas laborais obrigárono a escapar do Val (Narón) e buscar un emprego nas Canarias. Dani morreu hai dúas semanas nun accidente de tráfico cando ía traballar de carpinteiro a unha obra en Forteventura. Tiña vinteseite anos. A morte agardouno alí onde soñou labrar un futuro económico que a terra lle negou. Dime ti como se afronta unha traxedia persoal así. Dime ti como se atura a voz dun mariñeiro de Laxe ou de Malpica ou de Muxía que acepta resignado que a única saída para a súa familia é a emigración. Dime ti que facemos con este maldito país no que ninguén asume responsabilidades e parece que isto do Prestige é unha desgracia divina motivada polo azar dos deuses e non a culpa de despropósitos de cargos con nome e apelidos.

As imaxes non deixan lugar a dúbidas. Xeran desconsolo, mágoa e ira. Comeremos petróleo asimilado nas cadeas tróficas durante anos. Veremos as penas cubertas de fuel durante décadas (aínda hoxe nos espreitan as pegadas mortais do Mar Exeo). Esculcaremos na ollada dos mariñeiros toda a miseria dunhas axudas anunciadas a bombo e pratos na hecatombe e reducidas a migallas unha vez que pase o efecto dos flashes periodísticos. De que nos vale que nos medios de comunicación nos digan que as praias están perfectamente limpas "gracias ós voluntarios" (¿quererían dicir ecoloxistas?) se, coma o cancro, a marea negra arrasa por dentro e non deixa máis espacio cá morte do ecosistema. Coma se unha lingua de lava incandescente varrese as colleitas. Coma o napalm, os herbicidas, o veneno. Entón, certo, só nos queda emigrar. Como se fixo toda a vida.

A actualidade de Curros Enríquez

Escoitamos nitidamente a Curros Enríquez: "No se comprende que un territorio tan feraz, tan abundantemente dotado por la naturaleza de todos los elementos necesarios a la existencia, carezca de medios para explotarlos y haya de ver un día y otro emigrar a sus hijos en un espantoso éxodo que recuerda la expulsión de los judíos por aquellos bárbaros decretos de los reyes de la Casa de Austria. No es que el gallego posea el instinto emigrativo de ciertas aves... es que en realidad no puede vivir en su tierra pues esta se niega a sustentarle y le hace elegir entre la miseria y la muerte, ante la fuga o la servidumbre..." ("La Tierra Gallega", Cuba, 11/IV/1894). Arrepía ver a actualidade destas pal-

abras de hai máis dun século. E a miseria continúa aquí. Por iso emigrou Dani. Por iso emigrarán as vítimas do Prestige. Por iso emigraron os protagonistas de Freda.

"Freda" é o título dunha noveliña ilustrada de Kike Benlloch e Alberto Vázquez publicada por Edicións de Ponent na súa colección SolySombra que podemos atopar estes días nas librerías. A experiencia dos autores no audiovisual e na banda deseñada permite que a forza da mensaxe recaia tanto nos diálogos coma nesas imaxes mudas que comunican ata o fondo do corazón. Resulta unha xoia narrativa e visual na que agroman as miserias máis íntimas dos éxodos económicos. Os exilios políticos aparecen na nosa memoria histórica como grandes traxedias persoais. Sen embargo, non o son menos as correntes migratorias, eses fenómenos de masas do século XX que dividiron familias, frustraron soños e, tamén, pagaron as leiras e as escolas nas que aquí se traballaba. Nunca seremos abondo conscientes do prezo desta entrega humana.

"Freda" quere ser unha ollada contra o esquecemento. O guión de Benlloch e Vázquez cóntanos a vida de Manu, un neno galego que marchou cos seus pais a unha cidade europea, unha cidade na que viviu o drama de non sentirse de ningún sitio. O rapaz atopa fóra o amor e o pan pero non consegue unha identidade propia que lle permita aferrarse a algo sen botar de menos o outro. Sempre de ningún sitio. Sempre botando de menos algo que non ocorreu. Sempre un estraño. Un apátrida.

Eles teñen razón. A vida, ás veces, é unha "strada chiusa", unha estrada cortada.

Un bico, Dani.

Referencias bibliográficas:

BENLLOCH, KIKE & VÁZQUEZ, ALBERTO; "Freda", Valencia, Edicións de Ponent, colección SolySombra, 2002

As medidas do mar

05/décembro/2002

A ninguén lle pasa desapercibida a miña devoción por Alessandro Baricco. "Seda", "Novecento" ou "Océano mar" son paradas literarias obrigatorias na singradura contra a soidade e o silencio mesto da indiferencia. Personaxes que buscan. Cartas que aman. Mares que devecen por nós. Podería falar da novidade da súa última obra "City", traducida xa a múltiples idiomas e de grande éxito en Italia. Sen embargo, hoxe recupero a Baricco para falar do océano. Do seu océano. Do mar como berro desesperado.

Coñecín a Baricco a través do monólogo teatral "Novecento", esa fantástica obriña adaptada ó cinema por Giuseppe Tornatore baixo o título "A lenda do pianista no océano". A bordo do trasatlántico Virginian aparece unha caixa de cartón cun bebé. Deciden chamalo Dany Boodman T. D. Lemon Novecento e o seu nome precederá á súa sona de pianista. É unha historia de auga salgada, música e paixón na que un home reconece a súa imposibilidade para abandonar o océano no que naceu. Neste monólogo, Baricco mostroume a súa capacidade como narrador, pero tamén como sabuxo dos sentimentos e das máis profundas incógnitas e desvelos ó compás dunha melodía tan sólida como orixinal.

Hervé Joncour, o comerciante francés de "Seta" ("Seda"), mercaba e vendía vermes de seda. Cada xaneiro marchaba nunha viaxe fantástica a través de mil seiscentas millas de mar e oitocentos quilómetros de terra. A súa singradura ten a tatuaxe de cartas de amor en tinta china. Con este relato, Baricco conquistoume pola tenrura. En "Castell di rabbia" (traducido ó español como "Tierras de Cristal") os estraños habitantes de Quinipack asisten marabillados ó retorno das viaxes do señor Raíl, sempre precedido por unha caixiña de soños e paixóns enfermizas. Aquí Baricco sobrecolleume polo misterio e por esa esperanza posta no futuro da que eu carezo. Sen embargo, debo reconecer que o escritor de Turín convenceume definitivamente polo arrecendo a argazo de "Océano mar".

"Océano mar"

"Océano mar" é emoción en estado puro. O uso alternativo de diferentes técnicas narrativas permítelle xogar coa prosa poética, cos diálogos directos, coa ironía, coa sutileza, co silencio, coas reiterations. "A cada historia correspóndelle unha música particular", confesa o autor italiano, e aplica esta filosofía a cada intrahistoria, que logo combina á perfección no conxunto da obra. A pousada Almayer, situada á beiriña do mar, acolle nos seus cuartos a habitantes do máis singular. Nenos estraños, un pintor, unha muller fermosísima, un profesor, un cura cómico, un home misterioso. Alí, onda o océano, todos buscan algo, preguntas e respostas, un equilibrio do que carecen e anceian. Entrecrúzanse destinos nos que flúe o cheiro das algas, das penas e do xabre. Escoitalos é como pegar a orella ás buguinas, como acariñar gradicelas, como arrimar a cara á area manchada de espuma. De tódolos personaxes, probablemente o que máis me emocione sexa o señor Bartleboom, ese mestre feiticeiro que investigaba os lindeiros do mar. El procuraba a "Enciclopedia dos límites

verificables na natureza cun apéndice dedicado ós límites das facultades humanas" e para iso miraba. Miraba, pousando o seu silencio onde acaba o mar.

"O mar inmenso, o océano mar que corre infinito alén de toda ollada -hai un sitio onde acaba e un instante-, o inmenso mar, un lugar pequenísimo, uns instante de nada", dicía Bartleboom, ese filósofo que me regalou unha das reflexións máis bonitas da literatura: "O traballo cánsame e o mar rebélase ós meus obstinados intentos por comprendelo. Non imaxinara o difícil que podía ser estar diante del. E vago, dando voltas cos meus instrumentos e os meus cadernos, sen atopar o principio do que busco, a entrada a unha resposta calquera. ¿Onde empeza o final do mar? Ou máis aínda ¿a que nos referimos cando dicimos mar? ¿Referímonos ó inmenso monstro capaz de devorar calquera cousa ou esa onda que molla os nosos pés? ¿Á auga que cabe nas cuncas das mans ou ó abismo que ninguén pode ver? ¿Dicímolos todo cunha soa palabra ou cunha soa palabra agochámolos todo? Estou acó, a unha pisada do mar e nin sequera son capaz de comprender onde esta el. O mar. O mar".

¿Onde está o mar?

Hoxe, tamén eu teño moitos interrogantes. Pregúntome onde está, entre outros, o mar de Cabanillas, o de Ana Romaní, o de Alexandre Nerium, o de Xohana Torres, o de Xurxo Souto, o de Manolo Rivas, o de Marilar Aleixandre, o de Manuel Antonio, o de Avilés de Taramancos, o de Modesto Fraga, o de Anxos Sumai, o de Antón Cortizas, o de Freixanes, o de Estevo Creus, o de Lupe Gómez, o de Dieste, o de Castelao, o de María Lado, o de Fran Alonso, o de Carlos Casares, o de Rafa Villar, o de Mónica Góñez o mar dos percebeiros e dos mariñeiros, o dos galegos do litoral e o dos do interior... ¿Onde está o mar? Non atopo resposta agás na indignación.

Nestes funestos días, xa semanas, busco atarecida de frío as medidas do mar. El parece capaz de engulir toda esta frustración, esta impotencia, esta rabia e ganas de actuar con accións máis contundentes contra as mentiras das autoridades políticas e dos medios de comunicación. O océano semella capaz de atrapalo todo baixo o seu manto de fuel. Sen embargo creo, coma os ecoloxistas, que, máis tarde ou máis cedo, o mar devolverao todo. Poden crer os gobernos que o petróleo se solidificará nas profundidades, pero o mar sempre devolve. Durante décadas traeranos o seu saúdo mortal dende as rías ermas e dende os cons arrasados polo hidrocarburo, como tamén nos irá traendo tódalas consecuencias desta carraxe social, desta vergoña, desta impotencia.

O mar. O mar sempre devolve. Que ninguén o esqueza.

Referencias bibliográficas:

BARICCO, ALESSANDRO; "Novecento"

BARICCO, ALESSANDRO; "Océano mar"

BARICCO, ALESSANDRO; "Tierras de cristal"

BARICCO, ALESSANDRO; "Seda"

"Xa se desengañarán"

12/deseembro/2002

O meu pai é un home que non emite xuízos senón sentencias. Quixo dicir o que dixó e non hai máis. Sen embargo, sempre deixa unha "marxe" para a discrepancia no seu inevitable "xa te desengañarás". É un coitelo no pensamento, unha negación da capacidade deliberativa de cadaquén e coa que toda posible confrontación queda anulada. Non hai volta. El leva razón e ti deberás ceder ante a evidencia dos seus argumentos. Estes días, o meu pai anda calado e non afasta a ollada do mar e dos informativos. Desta volta non necesita dicir nada porque eu, que son filla do meu pai, resúmollo todo con bágoas nas mans: "papá, xa se desengañarán".

Logo de catro semanas narrando cuestións arredor do mesmo inmenso podería pensarse que está todo dito. Que xa versamos o da alma no chapapote, que xa nos indignamos, que xa pedimos responsabilidades e mesmo dimisións, que xa nos pechamos, que xa escribimos comentarios en foros e correos electrónicos, que xa berramos con outros "tres mil indocumentados", que xa limpamos, que xa fomos "voluntarios espontáneos", que xa pegamos o fociño a telecinco durante horas, que xa lemos centos de páxinas... podería dicirse que o dixemos todo cando eu teño a sensación de que está todo por dicir aínda. Como se o mundo estivese a piques de acabáreme e necesitase que tantas palabras e tantas historias chegasen á tinta antes de marchar comigo. Antes de marchar con ela. Coa marea negra.

Por qué uns somos parvos e outros son máis listos

Enzoufar as mans en petróleo dá unha visión diferente do problema. E tamén do mundo. Unha comprende de socato o porqué das guerras, o porqué das diatribas políticas, o porqué das inimizadas entre familias, o porqué da destrución da paisaxe, o porqué do capitalismo. Por qué uns somos "parvos" e outros son máis "listos". Manchar a pel de fuel trae consigo un cheiro que non marcha co xabón, nin con aceite, nin con disolvente. Pégaseche ós poros e permanece putrefacto debaixo do nariz, dáche outra perspectiva da realidade tal vez máis veraz, a todas luces máis dramática. Detrás de calquera bandeira branca de solidariedade (tamén do formigueiro do litoral a pasada ponte) hai demasiados intereses encontrados, demasiada merda que tapar por moito que os voluntarios extraian ata os pulmóns neses outeiros de morte ó pé do mar. E non vale de nada agochalo. Cando uns berran, outros calan. Cando uns limpan, outros ollan a televisión dende o sofá. Cando uns choran, outros refregan as mans pensando no propio lucro. Cando uns encaran a marea negra, outros tápana con imaxes de batiscafos de augas nítidas. "Xa se desengañarán".

O meu pai anda estes días pensativo e calado. Mira os informativos e agoira que o peor está por chegar. Coma min, non entende nada nin é capaz de aceptar como nos están a tomar o pelo con tanta mentira e fuxida de responsabilidade. Os políticos de San Caetano, da Moncloa e de Bruxelas; os xefes de gabinetes de comunicación da administración; os funcionarios de garabata e dietas; os xornalistas de medios públicos; os asesores científicos dos que ninguén coñece nome nin cargo... todos eles "xa se desengañarán". O caso é que cando eles se "desengañen" será demasiado tarde e perderán os de sempre. Os "parvos". Nós.

"A casa da duna"

E nós só queremos que nos devolvan o noso país, o noso mar. Un mar que, cando leo "A casa da duna" (Xerais, 2002), sinto que me roubaron e que, aínda por riba, teño que serlle fiel e submisa a quen o mo fixo. "A casa da duna", escrita por Fran Alonso e ilustrada con imaxes de Manuel G. Vicente, resulta, máis que unha historia contada a nenos, unha chamada de conciencia para os adultos. Nunha edición especialmente coidada na que as fotografías e os debuxos combínanse nun atraínte xogo de cores e sensacións, os autores son capaces de provocar a emoción nestes días tan aciagos. Alba ten a súa casa nunha duna. Tódalas mañás recibe ondadas de cores que lle traen diferentes agasallos. Un día recibe un envurullo do que xorde unha nena, Alma, quen anuncia unha mensaxe apocalíptica. Unha marea negra. A morte. A destrucción. Sentínme unha nena gracias á sensibilidade de Fran Alonso e quixen, tamén eu, que me devolvesen as ondas abutanadas nas que viaxan as laranxas do meu avó, as azuis dos percebes do meu pai, as vermellas dos risos da miña irmá cando aprendeu a nadar, as grises nas que flotan os reloxos do meu bisavó, as verdes do amocelo do meu irmán cando me pescaba os barallicos para facerme rabiar e a sempre branca da miña nai co bocadillo de nocilla na beiramar á hora da merenda. Quero que me devolvan o mar, o noso mar, e non este pesadelo de marea negra que xa nos calou ata os soños e a literatura.

E eu, que son filla do meu pai, creo que os que non escoitan, os que turrán en mentir, os que se lavan as mans no asunto, os que se limitan a mirar e sumar votos, os que negan e os que consenten, todos eles, "xa se desengañarán". Porque nós, malia todo, aínda temos moito por dicir. E que cadaquén sexa sincero e responda, no futuro, onde estaba e qué fixo cando o desastre do Prestige. Cando un barco e unha inercia política asasinaron o noso mar e o noso futuro.

Referencias bibliográficas:

ALONSO, FRAN; "A casa da duna", Xerais, 2002

O Nadal do Bruñelo

26/décembro/2002

Unha das maiores virtudes da lectura reside na sorpresa. Cando a forza do costume provoca que mingüe a nosa capacidade de abraio (sen ir máis lonxe as secuencias de cinema), atopar textos de antano significa abrir as portas do pasado para horrorizarnos polo presente. Sábeo ben Edith Pazó, quen descubriu un artigo de don Álvaro Cunqueiro titulado "Las bestias del Tenebroso" que fende a alma pola súa maldita actualidade. Como di Manolo Rivas "Polycommander, Urquiola, Erkowit, Andros Patria, Casón, Mar Exeo... e agora Prestige. Xa non queremos contar máis. Xa abonda. Xa estamos petroleados ata as praias da alma". Ben o dixera don Álvaro. Tamén o dicimos nós. Que non o repitan os autores que aínda non naceron.

"En los últimos tiempos han surgido otras bestias: los grandes petroleros. Animales frágiles, que se rompen facilmente, o revientan, y entonces vierten en el mar el contenido de sus enormes vientres, un líquido mortal que da muerte a los peces y a las aves marinas, y se tiende como un manto negro por las blancas playas, y embadurna las rocas, y siembra la muerte allí donde se posa...". Terriblemente familiar. A inocencia da investigación levoume, e desculpade a primeira persoa, a incorrer na sorpresa cada vez que descubría un texto histórico con extraordinarias similitudes co presente. Pasoume con Curros Enríquez, con Paz Andrade, con Villar Ponte e mesmo con eses preciosos textos protoxornalísticos de inicios do século XIX. Pasoume tantas veces que o abraio por ter atopado unha curiosidade histórica converteuse en cansazo e desesperación. Non eran casualidades. Non eran froitos brillantes dunha boa investigación. Non eran visións de futuro extraordinarias dos nosos autores consagrados. Resulta que seguimos igual. Simplemente iso. Seguimos arrastrados centripetamente por un muíño de auga cíclico do que non fuximos e nos repite unha e outra vez as nosas miserias e os nosos erros históricos. Lémbreme Marta a Nietzsche. A emigración, os accidentes do mar, os problemas do sector pesqueiro e gandeiro, a lingua, o despoboamento, a escola, o tecido industrial... Demasiadas casualidades. Non abonda con revestirnos de modernidade, cubrirnos as costas cun manto de autocompracencia e asumirmos que é algo máis conxuntural, máis íntimo, máis sangrante.

O Tenebroso

Dicía Álvaro Cunqueiro nese magnífico artigo premonitorio "Supongo que no se nos va a dejar solos a los gallegos ante esas nuevas bestias y que eso que se llama el Estado tendrá algo que decir. Ya estuvimos demasiados siglos ante el Tenebroso, recogiendo en el parvas cosechas y pagando con vidas humanas (...) Tampoco podemos pescar donde solíamos, por mor de las limitaciones que impone el Mercado Común. Difíciles licencias hacen falta para ir al. Gran Sol a echar las redes. Quedamos reducidos a aprovechar nuestras aguas, y cuando intentamos acomodarnos a lo que puedan dar, se nos mete en éllas la nueva y enorme bestia marina, vertiendo líquidos fatales". Hai disto máis de dúas décadas, lémbrenos Edith de Caritel e sei que se lle tronza a voz con indignación, con mágoa de nós mesmos. Un amigo lembroume hai pouco un conto meu (e desculpade novamente a primeira persoa) que este portal publicou hai xa dous invernos titulado "O Nadal do Bruñelo".

Debo recoñecer que o esquecera, tal vez por estar en formato electrónico e non telo en papel, algo moito máis tanxible. O certo é que estes días lino de novo e, tamén, por referencias inevitablemente persoais, encolleume un pouquirrichiño o corazón. Non sei explicalo pero este relato (magnificamente ilustrado por Carmen Fernández, deseñado por Manolo Gago e Miguel Alonso e dobrado por Marta Pérez e Edith Pazó) pegou o seu argazo húmido nos meus ollos e tróuxome o medo, a desilusión, a culpabilidade, a premonición angustiada. Por qué non somos capaces de evitalo. Por qué permitimos este muíño de auga cíclico tan noxento. Bruñelo, unha fermosa cría de centolo, quere ir xogar ás penas de fóra da ría. O seu avó, o sabio Centulio, advírtelle que debe esquecer as brincadeiras porque están no Nadal, esas datas tan malas para os bechos do mar por mor da avaricia do home. A Bruñelo cústalle entender o absurdo das explicacións do seu parente. Pensa que eses seres bípedos e sen branquias están tolos. Cánta razón leva e cánto me doen as últimas palabras da historia. Como me doen as derradeiras letras do texto de don Álvaro: "Podemos asistir a la muerte del mar, cuya piel el hombre no se cansa de ensuciar cada día. A la muerte de nuestro mar. Todo depende de que tres o cuatro bestias de estas hociquen contra el Finisterre y se desangren. Es muy sencillo. Es perfectamente previsible". Ten razón, don Álvaro, era perfectamente previsible. Tan só difiro dunha cousa con vostede neste texto. Vostede di que a gaivota é a ave máis libre do mundo. Non é certo.

Referencias bibliográficas:

CUNQUEIRO, ÁLVARO: "Fábulas y leyendas de la mar". Ed.. Néstor Luján. Barcelona, Tusquets, 1982. Recollido por Edith Pazó para Vieiros

Don don din

02/xaneiro/2003

O pasado 28 de decembro, nomeado día dos Santos Inocentes, asistiamos na Coruña ó Velorio do Mar, un acto de denuncia organizado pola Plataforma Nunca Máis de marcado carácter fúnebre-festivo (malia a evidente contradicción que isto entraña). Máis de vinte mil persoas botamos fóra a ira polo asasinato do noso mar e esixiamos responsabilidades. Sen sabelo, tanxiamos as campás a morto por un home que finou, non só pola pena, senón pola Historia. Don don din. Esta é a miña sentida homenaxe a Man, o alemán de Camelle que nos matou, un pouco máis se se pode, a todos nós nestes días aciagos. De novo, e admitindo que xa van moitas licencias, ídesme desculpar a primeira persoa. Don don din.

Don don din. Don don din. Don don din. Hai persoas que non distinguen o son das campás a defunto. Don don din. Don don din. Don don din. Tocan a morto. É un home. Choran os cans e cheira a cera queimada. O pendón da Estadea reloce enarborado contra o vento. Trae o Nordés dous golpes fortes e un feble. Jesús, o enterrador da miña parroquia, debe ser un artista porque non hai dúbida cando el tanxe a campá de ferro. Ou iso, ou debo ter escoitado demasiados repiques fúnebres como para recoñecer o sexo do defunto, eu, que carezo absolutamente de oído musical. O sábado 28 sentín tamén as badaladas que ganduxaban na nosa memoria colectiva, a morte do noso mar. E esta frase que, por reiterada algúns consideran metafórica, deixou de ser símbolo para se converter, no corpo de Man, nas bágoas físicas polo home de carne e óso que se nos marchaba, un cacho da alma que nos fuxiu para sempre. Sen sabelo, no vía crucis da Coruña levabamos o cadaleito do alemán de Camelle nos seus últimos pasos cara ó abismo. A Negra Sombra dos gaiteiros foi o seu réquiem máis sentido porque, para a memoria, o pasamento da costa galega tomou nome de Man.

O inferno de Camelle

Confeso que non coñecía persoalmente a Manfred Gnadinger. O pasado novembro amencimos co seu rostro eslamiado nas portadas dos medios de comunicación e soubemos que non había marcha atrás no camiño sen retorno da traxedia anunciada. Camelle era un litoral literalmente arrasado pola lambida mortal da marea negra. Apestaba (e segue a apestar) a varios, moitos metros de distancia do peirao. O xofre coábase polos poros da pel ata calar as máis profundas entrañas e alí, onda o soño feito pedra de Man, a paisaxe pouco se diferenciaba dun pozo petrolífero. A penas media ducia de persoas agochadas baixo máscaras antigás tentaban aspirar cunha bomba de succión aquela viscosidade impregnada nas penas. As formas gaudianas do antigo paraíso e museo de Man (o instalador de soños, como lle chamou Séchu Sende) escintilaban macabramente cos cuspes de chapapote. O petróleo non respectou o cartel de "prohibido pasar" e tatuou todas e cada unha das xoias ornamentais, pétreas e vexetais, do anacoreta.

Lembro o terror do meu propio rostro coma se o vise.

Ó zorregar unha pedra a aquelas pozas negras, quedou suspendida na densidade do veneno. No canto de desaparecer, ficou alí espreitante, ollándonos de fite con sorna e afianzando a súa vontade de non

fuxir nin da mirada nin do pensamento. Pensei daquela no difícil que ía ser borrar a pegada da morte daquel recuncho con apelido xermánico e espírito rebelde. Non sabía cánto. Hai un carrete de fotos que non quero revelar por temor a que os ácidos e o cuarto escuro consigan sacar á luz á paisaxe dramática da miña alma.

O tiro de bala do Prestige

O día do enterro de Man volví a Camelle. Supoño que foi unha casualidade do destino que quixo tropezar comigo a ardora do silencio. O ceo chúmbeo palpaba coas súas xemas húmidas o lombo e o corazón e nós recollemos o noso material de limpeza e anticontaminación atordados polas ausencias. Foi a nosa única plegaria por quen acababa de morrer pola tristura e, cómpre dicilo, pola Historia. Quen matou a Man non foi unha catástrofe natural. Foron o desatino, a indiferencia, a negligencia e falta de dignidade. Non houbo autopsia. Para qué. Man dixera que se non morría, mataríase polo que lle acababan de facer. Que máis dá a exactitude do proceso físico de parada dos seus órganos vitais. Foi o tiro de bala do Prestige o que botou o rizón do seu ánimo nas profundidades mariñas. O corazón detívose para non ter que sufrir a coita da alma de salitre, cons e algas, aberta en sucos polo buque pirata. A dor do océano bravo que el escolleu como lugar onde permanecer para sempre dende o xa afastado 1961 foi tamén o andazo que o levou. E nós ficamos, coas guerlas tinguidas de fuel, apegados ó seu cadaleito coma se ollásemos nel o noso propio eu.

Reira

A praia de Reira, ó pé mesmo do Cabo Vilán, é unha zona de pura beleza atlántica que estes días permanece cuberta dun manto de fuel. O faro choraba luz á hora do enterro e as aspas dos muíños de vento tanxían sen descanso coas súas bracexadas iracundas no aire. Don don din. Don don din. Don don din. Non chovía na praia pero si no corazón. E o mar, que daquela continuaba co seu devalo, mandou ondadas negras como último adeus ó seu amante finado. Un voluntario catalán enzoufado en petróleo preguntou quen era exactamente Man. Non souben qué dicirlle. Mirei para os tombos bravos e grises que batían contra os cons ós seus pés e sinaleillos co dedo. Non me atrevín, ou non souben, sinalarlle o roteiro do roibén do meu corazón, o de moitos galegos (por non extrapolar un sentimento puro a todos aqueles que levan moito tempo amosando a súa indiferencia con tódolos problemas deste país). Supoño que el enxergou na espuma salferida de fuel o noso rostro canso e indefinido porque a súa ollada foi un pésame e o seu "este lugar es precioso" o único desexo de feliz ano posible.

De novo Gabo ventoume a miseria (podería facelo tamén con "Crónica de una muerte anunciada") co seu "Relato de un naufrago": "Nada de eso era falso hasta cierto punto. En todo momento traté de defenderme. Siempre encontré un recurso para soabrevivir, un punto de apoyo, por insignificante que fuera, para seguir esperando. Pero al sexto día ya no esperaba nada. Yo era un muerto en la balsa".

Don don din.

Don din din.

Don don din.

Don din din.

Tanxen a morto. É un home. É unha muller. Somos todos os galegos e galegas ós que Man levou consigo un pouco máis.

Sinto comezar o ano cun réquiem pero máis sinto outras moitas cousas.

Dende acó o meu desexo para que o 2003 sexa un ano máis limpo, máis libre e máis feliz para todos e todas. Nunca máis.

Ascenso sen piolets ata os altos cumios da cotidianeidade

09/xaneiro/2003

Unai Elorriaga atrévase sen campamento base nin piolets neste seu ascenso cara o cordal do monte do día a día dun ancián. "Un tranvía cara a SP", Premio Nacional de Literatura de 2002 que vén de ser traducido ó galego por Ramón Loureiro para a editorial Galaxia, ofrécenos a oportunidade de afrontarmos unha escalada na que descoñecemos, de antemán, se temos o permiso da montaña. Dubido bastante que o propio autor tivera este permiso previo, dada a gran dificultade creativa que presenta esta novela. E, malia todo, Elorriaga non só sae airoso do reto senón coa bandeira espetada no cumio como símbolo do seu triunfo. O seu oitomil persoal supónnos gabear con palabras, imaxes sorprendentes e recursos abraiante ata o cimo imposible do máis achegado do ser humano. Cando os homes volven ser nenos.

No Nepal, os alpinistas adoitan realizar unha cerimonia ritual por medio da cal solicitan permiso á Nai Terra para iniciar unha escalada. Cómpre escoitar á montaña e entender a ollada sabia dun sherpa, ademais dunhas facultades físicas e unha preparación extraordinaria antes dun ascenso. O diálogo co cumio, unha promesa, unha oración, supón un trance inescusable no que non sempre (case nunca) hai palabras de aloumiño senón severos toques de atención do ser humano para consigo mesmo. Pór o corpo e a mente nos mesmos límites de supervivencia convértese así nun xogo tan arriscado coma seductor e non hai quen nos explique ós simples mortais os porqués da vocación dos alpinistas. Sen embargo, sospeito que Unai Elorriaga (como bo vasco, terra de grandes escaladores) si coñece moitos destes porqués ou, polo contrario, non se atrevería con esta historia. "Un tranvía cara a SP" é a conversa dun alpinista coa montaña antes de ser ascendida. O autor aventúrase con sinestesias e xogos léxicos sorprendentes na súa andaina vertixinosa pola mente dun ancián. Hei de recoñecer que é unha subida extremadamente arriscada na que, por momentos abanea a esixible coherencia demandada por todo lector medio. Mais, e de novo sorprendentemente, consegue saír victorioso. Unha ten a sensación cando sobe ó tranvía de Elorriaga de asistir a unha aposta do autor consigo mesmo na que nin el mesmo confía nas súas escasas garantías de triunfo. Como se afrontase cada parágrafo con vertixe e respecto. Como cada pegada na neve arriba dos seis mil metros.

A realidade e a ficción en Lucas

Asistimos en "Un tranvía cara a SP" ó proceso dexenerativo de Lucas, un ancián fantástico cun punto de inocencia amarga. Ser testemuñas da súa crecente demencia sabe a bile porque somos conscientes do camiño sen volta atrás que vén de iniciar. Ata se converter nun párvulo. Ata retornar á esencia máis pura do ser humano. Ata volver a nacer. Xunto a Lucas temos a outros personaxes que comparten a súa existencia abraiados e mesmo resignados ante a súa falta de lóxica. Pero a tenra melan-

colía de Lucas, a súa sobriedade e as súas ganas de vivir fannos enguedellar realidade e ficción ata chegarmos a dubidar dos lindeiros do mal chamado "real" como antónimo de imaxinario. ¿É menos real Rosa, a súa muller defunta, por estar morta ou, en troques, segue a ser a súa subida ó tranvía máis importante para Lucas que calquera outra visión? ¿Resulta menos transcendental no seu cotío don Rodrigo, a couza, có anaco de chocolate polo que devece cada serán? A relación de Lucas e María, a súa irmá, cun okupa de hábitos profundamente familiares, supón o establecemento de lazos afectivos consistentes na súa aparente frouxeza.

Escalada de lume e neve

A escalada de Elorriaga cara ós hábitos cotiáns non pode deixarnos impasibles. Ou escalas ou non. Ou sentes a vertixe da subida ó cumio ou quedas no campamento base observando polos anteollos a aventura de outros. Ou te atreves sen piolets no escarpado xeo do Shisha Pangma (un dos catorce oitomiles, tal vez non o máis difícil pero si o máis emotivo para Lucas) ou te aferras a cada palabra na procura dunha lóxica de lector pasivo. Debo recoñecer que nesta novela resulta extremadamente doada a demanda de osíxeno. Como din amolados os verdadeiros alpinistas, empregar osíxeno nas subidas equivale a sementar de bombonas o monte, malgastar a montaña, vender comercialmente a subida, ferir a pureza dos oitomil..., algo que na literatura poderemos traducir en lectores arrimistas de palabras mastigadas. A opción contraria reside en subir literariamente a obras como "Un tranvía cara a SP", sentir o bafo do aire xélido da incoherencia, espetar no ventre estalactitas de diálogos aparentemente inconexos, resistir ás avalanchas da rutina narrativa e escalar ata o máis deslabazado para, dende o outeiro enxergar o horizonte branco e reconstruír, por fin, o relato.

Ademais, é preciso non esquecer que o maior risco nos ascensos a calquera dos catorce oitomil consiste, xunto cos accidentes e imprudencias, nos edemas pulmonares e cerebrais. En ambos os casos, os alpinistas aínda non atoparon mellor medida a esta consecuencia da falta de osíxeno que o inmediato descenso. No libro de Elorriaga tampouco hai antídoto. Cómpre arriscarse ou renunciar a tempo. De non ser así, as palabras de Lucas seguirannos a través do noso cotío sen descanso. A súa maxia, case infantil, ben paga a pena o esforzo na escalada a un oitomil sen piolets. Ata conseguir volvernos máis consecuentes, máis lóxicos, máis nenos.

A imperceptible solidez dos diálogos

A fortaleza deste ascenso ás neves reside, sen dúbida, na súa potencia descritiva e na imperceptible solidez dos diálogos. Unai Elorriaga escala narrativamente sen piolets: "E aínda que a alma de María era máis dura que un óso de ñu, desfíxose nese momento e licuouse. E podíase ver a alma de María dispersándose polo chan da cociña e saíndo a cachoadas pola fiestra e baixando as escaleiras, a cachoadas tamén. María decidiu que tiña que reorganizar a súa alma antes de que acabase de espallarse. Saíu, pois, á rúa, e comprou media ducia de pasteis e unha botella de sidra, e comeu e bebeu, uns na sala e outros na cociña. E para cando rematou, a alma de María volvía ser un óso de ñu ou, polo menos, de moucho común" (p.122).

¿Só eu sinto Peta Zetas na lingua? Bolboretas no estómago. Formigas nos pés, carunchos simpáticos como don Rodrigo na boca do peito.

Confeso que, para min, abonda ese parágrafo para merecer o Premio Nacional de Literatura. Aínda que, tamén hai que salientar, non sei ata qué punto as gabanzas deben ser para o traductor ó galego, Ramón Loureiro, que, dende logo, fai un traballo impecable.

"A diferencia de las tres primeras mareas, el fuel que mana de los depósitos repartirá sus ataques durante semanas o incluso meses debido a la distancia existente entre las manchas" (La Voz de Galicia, 5/01/03)

NUNCA MÁIS

Referencias bibliográficas:

ELORRIAGA, UNAI; "Un tranvía cara a SP", Vigo: Galaxia, 2002. Traducción de Ramón Loureiro.

Apetencias culinarias contra os tambores de guerra

16/xaneiro/2003

Agora que se escoitan os tambores de guerra entre Oriente e Occidente, entre os malos malísimos musulmáns e os bos boísimos cristiáns, é o momento idóneo para falarmos de gastronomía. Exactamente, imos falar de pescudas culinarias, de viaxes polo padal que evocan outras paisaxes, do bafo do falafel, da cor do cus cus, da textura da carne de cordeiro, do riso do fulful bhar no nariz. Probar novos sabores ten un aquel de misticismo. Non só supón deixarse seducir por aromas e tactos difere+ntes, senón abrir as portas a novas culturas. Habería que convidar ós señores Aznar, Blair e Bush (ós que ferve o sangue do asalto) a un bo prato de maqlouba. A ver se acougan.

Jorge Guitián, con quen comparto o pracer da cociña (iso que el é moito máis atrevido ca min na confección de manxares), acábame de facer un empréstimo marabilloso que só os amantes do lume creador prezamos na súa verdadeira dimensión: os libros de receitas. Decidimos comezar pola árabe e para iso ofreceume unha interesante variedade culinaria: africana (tunecina ou marroquino) e asiática (Oriente Medio, fundamentalmente). Eu, que son demasiado táctil, comecei como non polo libro de portada máis atractiva e iso levoume a entrar no mundo árabe da man de Salah Jamal.

Salah Jamal é un médico palestino que vive en Barcelona e decidiu achegar os segredos da súa cociña ós lectores do Estado Español. Para isto recorre non só á descrición de receitas (que por certo, abondo lle custou recadar sendo como é a cociña árabe asunto feminino) senón que as recobre dunha envoltura de anécdotas que converte a lectura nunha viaxe entretida pola xeografía física e humana de Oriente Próximo. Considero que o máis agradecido desta obra reside, xa non na claridade na elaboración dos pratos, senón nos seus comentarios retranqueiros, como este referido ás propiedades fértils do arroz: "os árabes e os hindúes ocupan os primeiros postos entre os países do mundo en materia de fecundidade, e seguirán ocupándoos ata que McDonald's medie" (p.56). A crítica á globalización económica, ós tópicos sobre os distintos pobos, á uniformización cultural e á guerra de relixións están na base desta obra, do mesmo xeito que o fulful bahr, o burghul ou o say están na base de toda cociña árabe. Co arrecendo dos kebab, a tabboule, o falafel ou o hommos bailando no medio e medio da cova bucal resulta doado imaxinar o paso dos comerciantes no deserto, o valor da auga, os significados do te ou o sentido de certas prácticas rituais arredor da comida. Tamén parece absurda esa crenza estendida da sobriedade das mulleres árabes (motivada por prexuízos relixiosos) cando o seu xogo de especias ten moito de xogo sensual.... e sexual. Na lectura do libro de Salah Jamal a seducción da pementa moída, do loureiro, do aceite, do comiño ou da canela penetra polo nariz (certo, fai estarricar) e lévanos por roteiros de alén do Mediterráneo.

Compartir os manxares

Pero é certo que hai que atravesar as verdades dos libros de cociña e atreverse co cara a cara. Un dos grandes luxos da comida céntrase no propio rito de tomar os alimentos. En todas as sociedades exercen prácticas de gran valor cultural que non podemos, nin debemos obviar. Por exemplo, na fatura nun xantar árabe apousa unha das claves da súa alimentación e, se esquecemos calquera dos protocolos, todo o valor da elaboración do produto queda reducido a cinza. Cando comemos penetra en nós non só o arrecendo dos manxares senón a esencia da persoa coa que compartimos o rito alimenticio. E velaí un dos grandes praceres culinarios. Existen moitos libros de antropoloxía, pero tamén de literatura centrados no mundo da cociña (entre os famosísimos Isabel Allende, Cunqueiro, Laura Esquivel ou, dende o aspecto da traxedia o bulímico "Diario de Brigget Jones"). Con eles podemos viaxar nestes tempos de economía agónica (alomenos a de Jorge e a miña) polo curioso mundo interior das papilas gustativas.

Primitivismo pantagruélico

Marta dinos que somos uns sibaritas. Non llo digades pero eu creo que somos totalmente primitivos, persoas seducidas polos praceres máis físicos nesta sociedade de loita encarnizada por defender os seus valores intelectuais e espirituais. Neste aspecto, cómpre aferrarse ós sentidos para evitar as tentacións do intanxible. Cómpre agarrarse ós rostros das persoas doutras latitudes que coñecemos, ás súas palabras e ós seus risos para non caer no "pecado" de enxuzar outros pobos baixo as nosas leis occidentais que, coma nun rodopío, rodan unha e outra vez arredor de nós mesmos como única verdade posible.

Cada semana, Yeni e a miña irmá exercen unha práctica que deberían emular tódolos líderes políticos mundiais: intercambian coñecementos e degustacións culinarias con dous amigos sirios cos que comparten pupitre na facultade de Farmacia. A relativización das verdades resulta unha práctica indispensable para calquera persoa. Imaxinen a Aznar e a Bush sentados nunha alfombra ó carón de Sadam, todos eles arredor dunha bandexa de al uzi. Seguramente outro galo cantaría no poleiro dos parlamentos de papel. Namentres, sentimos con pavor o son dos tambores de guerra. E choramos a nosa impotencia cun libro de cociña árabe nas mans.

"El mar nuestro de cada día es una alcantarilla desde el Miño hasta Valdoviño, la alcantarilla del Prestige. Es la costa del delito, salpicada de negro aquí y aquí y allá". "La Voz de Galicia" (especial Prestige)

NUNCA MÁIS

Referencias bibliográficas:

JAML, SALAH; "Aroma árabe. Recetas y relatos"

O trinta aniversario do meu primeiro amor

23/xaneiro/2003

Estes días, o meu primeiro amor acaba de cumprir trinta anos. Tres décadas de vida en galego nos que acompañou o camiño de centos de persoas, nenos e adultos, que se deixaron abraiado pola súa maxia infantil. O meu Principiño non medra, só cumpre anos. El segue a ser, dende que Carlos Casares mo presentou, ese neno tímido, esixente e melancólico que un día chegou ó noso planeta na procura dun amigo. Coma el, eu teño medo das raíces dos baobabs, atraveso o mundo na busca dun solpor e prefiro que me debuxen caixas porque non me gustan os anos vellos e feos que pintan os adultos. Tamén eu prefiro crer.

A editorial Galaxia vén de sacar unha nova edición de "O Principiño" de Antoine de Saint Exupéry, que fora traducido por Casares hai trinta anos. Esta entrega conta con debuxos e acuarelas do propio autor reproducidas en cor. Sen embargo, e aínda que o libro conta cunha calidade excepcional, teño que recoñecer que, para min, "O Principiño" é ese libro vello e enrugado; ese que pasou polas mans de todos os meus curmáns en Atios; ese que está subliñado, anotado e mil veces relido. Cadaquén ten as súas teimas e os seus ritos literarios. Creo que, se non lese cada capítulo de letra xigante da miña edición do 1983, non sabería atopar os significantes e significados. Os sentimentos que ano a ano fun sedimentando nas follas de papel e que constitúen, tanto coma as propias palabras, a esencia da viaxe do meu amigo polo deserto do Sahara.

Cando se ten a inmensa fortuna de sobrevoar o deserto, esas inmensas chairas de ouro arañadas polo siroco, unha entende por que Saint Exupéry escribiu esta pequena xoia literaria hai xa máis de cincuenta anos. O autor francés, piloto de aviación, traballou durante un tempo no norte de África. Alí vería a luz dura que fai doer a cabeza nas noites de plenilunio; as sombras efémeras dos camellos na estirada nada; os quilómetros de horizonte e nubes esqueléticas; o abrazo dos turbantes negros que bailan no cordal das dunas e ese saúdo marfil das haimas no medio e medio do universo. Sen iso non é posible "O Principiño", alegoría da vida, do silencio e da amizade. Coma o seu propio personaxe, Saint Exupéry ficou abraiado pola beleza da area que arde e alí dixo adeus nun voo sen retorno. Coma Cantakuzeno, o piloto romano do que nos falou Avilés de Taramancos e que se esnafrou en Zaragoza nunha filigrana mortal.

A caixa na que cabe outro planeta

Recoñezo que o Principiño é o meu primeiro e máis fiel amor literario, un dos únicos libros ós que volvo periodicamente na procura das súas mensaxes agochadas nas claves máis simples. Amo a rosa da gaiola de cristal, malia o seu egoísmo; as raíces de baobab que, tamén eu, arrinco para que non

afoquen os meus ferrados; o rei; o borracho; o faroleiro, o home de negocios; o xeógrafo; o raposo tenro e mesmo, mesmiño, a serpe que mo levou. A vindeira vez que fale con el heille contar o da miña caixa, esa pola que eu tamén optei para que os adultos non me pintasen soños defectuosos. Nela gardo todas as cousas que o mundo non é capaz de me fornecer. Teño que darlle as gracias pola idea porque a miña caixa expándese cada día un pouquiño máis. Xa case cabe outro planeta nela.

Pero se por algo amo o Principiño é porque me aprendeu que podía ler na mesma lingua na que me falaban os meus pais. E, daquela, non era tan doado. Recoñezo que é unha débeda pola que sempre lle estarei agradecida a Casares, unha débeda pola que el xa non agardou, unha débeda que gardei para outro día e ese día foime demasiado tarde. Do seu agarimo polo neno das estrelas quedanos a súa colección de Principiños grandes pequenos ilustrados sosos franceses ingleses chinos grosos miúdos rusos asiáticos. É un bo legado para o futuro. Malia a súa fermosura, debo confesar que presenta unha eiva grande: en ningún deles o Principiño aparece tal e coma eu mo inventei. O meu Principiño ten o pelo crecho, a pel escura e ollos de acibeche. Viste roupas cedidas polas esmolos do mundo occidental e vive nun campamento de refuxiados no medio da Hamada, o deserto cuberto de alimentos de Cruz Vermella, pedras e vento imparable. Para min, o meu Principiño é un neno saharauí.

Como felicitación polo seu trinta aniversario (para el, que cumpre anos pero non medra), só me queda botar un bico ó vento e darlle as gracias por ter aparecido no meu planeta de estrelas e letras.

Carlos Martínez Buján Pérez: "Cualquier ciudadano sabe a estas alturas que Nunca Máis es una plataforma ciudadana" La Voz de Galicia

NUNCA MÁIS

Referencias bibliográficas:

SAINT EXUPÉRY; ANTOINE DE; "O Principiño". Editorial Galaxia. Traducción de Carlos Casares

O xornalismo e o realismo máximo

30/xaneiro/2003

A realidade e a literatura viven nestes tempos unha fusión aterradora. Hai profesionais da comunicación que aseguran non ter o "don da escrita" pero na recreación e transmisión do real achéganse, curiosamente, ó chamado realismo máximo. Ás veces unha ten a sensación de que camiñamos cegos, como no "Ensaio sobre a cegueira" de Saramago, porque nada do que nos contan se axeita ó que percibimos polos ollos. Polo nariz. Polo tacto. Vivimos nunha realidade paralela, aldraxada pola que nos prometen e que non acertamos a enxergar. Vivimos no medio dunha ficción e cómpre recuperar o real.

Non sei qué sensación tedes vós. Para min, dende hai xa uns meses a realidade permanece difuminada por un fume mesto que impide atinxir as formas tanxibles dos acontecementos. Porque os acontecementos prodúcense, aínda que ninguén os conte. Aínda que non haxa testemuños de gravadora, de micrófono e conexión en directo. Aínda que os cambien. Ultimamente presencio situacións que, ó ser reproducidas por medios de comunicación ¡oh, sorpresa! chegan a facerme dudar de min mesma ¿realmente estiven eu alí? Porque as palabras que se repetiron ata a saciedade non aparecen e si as outras, as de transición, as que ninguén escoitou porque formaban parte de momentos mortos. Desculpádeme o cabreo, especialmente os colegas de profesión que relatades unha noticia escrita por outros xa antes de saír da redacción. Desculpádeme por indignarme porque cando arrinco chapote nun coído cheo de chapapote teño que aturar que logo me contan que todo está "esplendoroso". Porque me enche de carraxe que cada día as portadas repitan que non chega máis fuel, cando en Meirás aínda recibimos onte a última ondada de lixo, esa que tinguiu de negro as mesmas escaleiras da capela da Virxe do Porto. Porque estou farta de cheirar o xofre, de engraxar as mans, de carretar capazos negros, nos que custa tanto extraer as sucesivas capas que dá ganas de tirar todo ó colector, e que logo alguén sorría dende a televisión as marabillas do Plan Galicia. Coma se non pasase nada. Como se unha suposta choiva de euros fose varrer esta intemperie. Dóeme repetilo, logo de dous meses, pero ¿quen nos vai limpar o fuel das alentías da alma?

"A pesca e os mariñeiros. Cedeira, Cariño, Ortigueira e Mañón"

Sei que a miña función aquí é falar de literatura. Pero coincidiredes comigo que, se outros que teñen que falar do real invirten os papeis e fan literatura (únicamente no relativo á invención porque estilisticamente resulta pésima), eu teño licencia "moral" para falar da realidade. Alomenos da realidade que eu percibo que, xa dixen, ás veces dubido seriamente dos seus contornos dada a lectura que outros fan dela. Hoxe quero falar dunha obra de realidades, realidades do mar, realidades vitais. "A pesca e os mariñeiros. Cedeira, Cariño, Ortigueira e Mañón" é froito do arduo traballo de Esperanza Piñeiro de San Miguel e Andrés Gómez Blanco, que percorreron o litoral de Ortegal na procura das

historias de vida dos seus mariñeiros. O libro, ademais, conta con fotografías de Pedro Varela López e está magnificamente ilustrado por Miguel Fernández y Fernández, antigo almirante xefe do arsenal de Ferrol ata que o enviaron como responsable das forzas da OTAN a Bruxelas.

Francisco Fernández Rei, que asesora lingüísticamente esta obra e sabe ben da miña paixón polo mar, regaloume un exemplar desta edición coidadísima para que o cheiro do Atlántico bravo mate a miña morriña na pedra santiaguesa. Realmente, resulta abraiante penetrar no océano de escuma densa a través das páxinas deste libro. E nos cantís abruptos da Garita de Herveira. E na paraxe espectacular de Santo Andrés de Teixido. E na ría de Ortigueira. E nos farallóns aguillados da ribeira.

Historias de vida

A través desta investigación podemos afondar na historia da pesca destes lugares ó longo dos séculos, no tipo de embarcacións, no asociacionismo das xentes do mar, na explotación de recursos e, tamén, nas historias de vida de algúns mariñeiros de pel tatuada pola xerfa. Ler a súa vivencia do océano, o seu amor e o seu odio polo inmenso que calquera día non os devolve, apréndenos a respectar non só unha profesión senón tamén o noso ecosistema. Iso que a tantos lles resta tanto por aprender. Se os que ultimamente se dedican á literatura escoitasen a homes e mulleres de salitre como Jesús de Alonso, a "Maniños", a "Paloma", a "Tino", ó "Cornán", a Marcelo, a Edita ou ó "Garrús", probablemente deixasen de escribir (burdamente iso si) na corrente do realismo máxico. Ó mellor escribirían sobre a importancia das correntes mariñas. De salvagardar as costas. De protexer o noso mar. Quizais haxa que lembrar a Calderón no famoso soliloquio de Segismundo: "Yo sueño que estoy aquí/ de estas prisiones cargado,/ y soñé que en otro estado/ más lisonjero me vi/ ¿Qué es la vida? Un frenesí./ ¿Qué es la vida? Una ilusión,/ una sombra, una ficción/ y el mayor bien es pequeño:/ Que toda la vida es sueño,/ y los sueños, sueños son". Oxalá o soño dun país fose o país mesmo. Pero non é certo.

"Eu, non sei, muller. Aquí entrou chapapote na ría do Porto. Estaba o mar moi bravo, deu por riba das penas e aló van todos os bolos cheos de petróleo. Non é pouco, non, éche unha boa capa. Isto non se acaba nunca". R.D.M. Meirás-Valdovino, 29/01/03

NUNCA MÁIS

Referencias bibliográficas:

PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, ESPERANZA & GÓMEZ BLANCO, ANDRÉS: "A pesca e os mariñeiros. Cedeira, Cariño, Ortigueira e Mañón", 2001

O abecedario da guerra

06/febreiro/2003

Non á guerra. Ese é o sentimento popular, por moito que algunhas persoas de mirada estrábi- ca sexan incapaces de focalizar a súa ollada no pobo e insistan en espreitar cara ó outro lado. Cara ós Estados Unidos, cara ó poder económico, cara ás mafias. A guerra por intereses petrolíferos doe máis cando non logramos aínda rabuñar o chapapote que día a día, segue a lixar o noso litoral. Pregúntome que lle pasará pola cabeza a un rapaciño do exército que, despois de levar varios meses en Fisterra coa marea negra como única paisaxe e como único cheiro, teña que sumarse ás forzas que ataquen Irak. Para salvagardar o todopoderoso prezo do barril de cru. Cómpre volver á literatura ambientada en conflitos bélicos para darnos de conta da dor, da miseria, da catástrofe dunha guerra. Algún gobernante que só entende de números debería asomarse ó rostro das vítimas inocentes. E chorar pola súa falta de ética.

Resulta cando menos ferinte falar de guerra do petróleo. Poderíamos cualificar de insultante, temeraria, soberbia, intransixente, antidemocrática e totalitaria a actitude do goberno español. Poderíamos facelo pero nada sería máis ilustrativo que as caras e os berros da xente do mundo da cultura berrando ante o Congreso español ¡nunca máis á guerra! Circula por Internet unha mensaxe dunha coalición de grupos pacifistas canadense denominada Rooting Out Evil que anuncia a súa intención de enviar un equipo internacional de inspectores de armas voluntarios ós Estados Unidos. Este grupo argumenta a necesidade de examinar ó país americano xa que, segundo dixo George W. Bush, as nacións máis perigosas son aquelas que "teñen inmensos depósitos de armas químicas, biolóxicas e nucleares; ignoran as directrices da Organización das Nacións Unidas; néganse a asinar tratados internacionais e chegaron ó poder por medios ilexítimos". En definitiva que Estados Unidos vulnera calquera norma para a seguridade internacional.

O conflito en Oriente Próximo

Aznar renuncia a escoitar as voces contrarias ó conflito en Oriente Medio e turra por levar adiante unha campaña que o consagre como amigo das doutrinas de Bush. Qué insensato. Pregúntome se algunha vez pensa cara a cara, e non como número, nos mozos (practicamente nenos) que envía á fronte a loitar por unha política económica que non entenden. Pregúntome se mira o rostro dos refuxiados, dos tolleitos por minas ou bombas, dos mortos por falta de medicinas ante o bloqueo. Pregúntome qué quere demostrar arrasando un estado. Pregúntome qué opina das consecuencias postraumáticas en moitas familias por mor das situacións bélicas. Creo que non opina porque nin o sopesa. Na súa romana de valores pesa máis un barril de cru que milleiros de persoas.

Persoalmente, non me valen as cifras, nin as imaxes por ordenador con supostas armas, nin tan sequera os acenos alarmantes de Bush ou Colin Powell. Non entendo de números, pero si entendo os rostros, os silencios, a dor. Resulta completamente diferente imaxinar os efectos dos conflitos que velos cara a cara. Nese sentido, a imaxe bíblica de Tomé metendo os dedos na chaga para poder

crer, é absolutamente certa. Nunca saberemos o que se sofre. Nunca. As páxinas de xornal e as imaxes da televisión crean unha distancia emocional moi saudable para as nosas consciencias. Impactan, pero non mancan. Son relatos asépticos, desposuídos de sentimentos que nos permiten saír á rúa coa cabeza ergueita. Creo que cómpre achegarse á realidade dende a literatura, por moi incongruente que isto pareza. Achegarse dende os sentimentos, dende as emocións, dende o interior gangrenoso da miseria. Non existen realidades obxectivas nin asépticas nas guerras. Non se pode falar de vítimas como números senón con nomes propios, persoas que desaparecen para sempre por obra e gracia de vontades internacionais que nunca entenderon. Que probablemente nin saiban que existen.

"Os cus de Judas"

As coincidencias fixeron que hai unhas semanas Dolores Vilavedra me regalara o libro "En el culo del mundo", unha tradución ó español de "Os cus de Judas", escrito por António Lobo Antunes e publicado por primeira vez no ano 1979. Esta tradución, feita por Mario Merlino e publicada en Siruela, achéganos o cheiro profundo a suor, humidade e pólvora da África portuguesa. É a guerra de Angola, unha guerra que, coma Mozambique e Guinea constituíu un dos últimos conflitos coloniais. As feridas abertas por Europa no continente do sur seguiron sangrando ata antonte. A memoria continúa supurando as lembranzas amargas de cheiro a xofre e lume que os portugueses mobilizados non conseguiron esquecer. Esta é a novela que, curiosamente, se estrutura en capítulos encabezados progresivamente polas letras do alfabeto. O abecedario dos sentimentos máis duros. Por boca do protagonista, un médico que dialoga (en realidade, monologa) cunha muller coñecemos en profundidade a cor pestilente da fronte bélica. "Aí, durante un ano morremos a morte da guerra, que despoboa de socato a cabeza cun estrondo fulminante e deixa ó seu redor un deserto desartellado de laios e unha confusión de pánico e de tiros, senón a lenta, aflixida, torturante agonía da agarda, da agarda dos meses, a agarda das minas no carreiro, a agarda do paludismo, a agarda do cada vez máis improbable regreso, coa familia e os amigos no aeroporto ou no peirao, a agarda do correo, a agarda do jeep da Pide que semanalmente pasaba camiño dos informadores da fronteira, traendo tres ou catro prisioneiros que cavaban o seu propio foxo, encollíanse alí dentro, pechaban os ollos con forza e se derretían despois da bala coma un flan que se cae, con pétalos de flor vermella de sangue medrando na testa...". Non só é o terror da morte, senón as cicatrices que nunca pechan no retorno a Lisboa, os infernos das noites en vela, os pesadelos que se repiten amargamente na luz e na sombra, dos rostros que non foxen nunca. A guerra. Que isto non volva ser presente.

"Nuevas oleadas de chapapote mancharon el litoral desde las Rías Baixas hasta A Mariña lucense"
La Voz de Galicia (6/02/03)

NUNCA MÁIS

Referencias bibliográficas:

LOBO ANTUNES, ANTONIO; "En el culo del mundo". Traducción de Mario Merlino. Colección ó coidado de Dolores Vilavedra. Edicións Siruela, 2001

Coalición de grupos pacifistas Rooting Out Evil <http://www.rootingoutevil.org>

A xeografía irregular das paisaxes da alma

13/febreiro/2003

"Na percura dunha paisaxe" é o título dun texto de Avilés escrito en 1988 que encontramos no compilatorio de prosa *Obra viva* e nos fai reflexionar sobre a natureza dos paraísos creados. Neste ano, dedicado ó autor de *Taramancos*, cómpre volver a ollada e o corazón lixado de fuel á súa poética para atopar o cerne da nosa propia memoria. Os versos tinguidos de saudade, de respecto ó poder telúrico da terra e do mar que o aleitaron amósannos as diversas facianas da alma dun home que, por riba de todo, soubo amar as súas patrias. O Ulises Fingal que liberou o corazón.

Sérvenos hoxe Avilés para evocar as paisaxes da alma. El non foi un emigrante común. As connotacións políticas e económicas da súa marcha a Colombia nos anos sesenta marcaron profundamente a súa vida. Alí inseriuse na vida social, creou a súa familia e viviu coma un americano máis, preocupado polos problemas e polo futuro do país. Avilés, coma moitas persoas, construíu varias patrias nas que desenvolveu a súa vida e se converteu, pois, na xeografía irregular das paisaxes da súa alma. "Eu case estou certo de que Ulises descubriu a América, ese paraíso mítico no que todos soñamos porque é o límite da lonxanía, e porque nel percuramos -como na bíblica terra prometida- os ríos de mel e a fonte da eterna xuventude. E dicir, a felicidade e o freo do decorrer do tempo". Os paraísos que creamos son os únicos paraísos reais. Os únicos paraísos que nos duran ata a eternidade. Esas paisaxes que o ser humano tece nos diversos avatares vitais constitúen os únicos territorios dos que somos posuidores porque pertencen ó atlas mundano da nosa biografía.

¿Cantas xeografías pode un asumir como propias? ¿En cantos espazos físicos un chega a desenvolver unha querencia como para sentirse parte deles? ¿A cantas patrias pertencemos? Ó pé destas cuestións existen outros moitos interrogantes sobre a natureza das paisaxes: ¿escóllennos ou escolémolas? ¿Que medida serve para establecer un espazo: o tempo de permanencia, a beleza do lugar, as persoas que o habitan? Non teño respostas. Dubido que exista unha resposta universal para tan íntimas verdades.

Lira

Non sei se me atreva a dicir Ardeleiro, Lira, Ximprón, Carnota. Paréceme unha ousadía nomear voluntariado, e marea negra, e capachos, e fuel, e máscaras de gas, e bocatas, e cabaleiros no pescozo. Dígoo baixiño, con vergoña, coa certeza interior de que por moito que as repita non volverán ter o mesmo significado que antes do 14 de novembro de 2002. Todas estas palabras perderon o sentido previo para se converter en conceptos e espazos próximos. Para ser obxectos e paisaxes da xeografía irregular da alma. A "obligatoriedade" moral das tarefas de limpeza de fuel na costa (non existe voluntarismo cando non presentan alternativa: ou limpan os voluntarios ou queda sen limpar) provocou que moitas persoas creáramos espazos dos que xa nos sentimos parte. Son eses atlas contaminados por impunidades e negligencias ós que unha marea de dignidade tenta devolver a vida. Os territorios feridos da superficie acuosa da biografía que cada un pestanexa. A rutina provocou que o percorrido sinuoso da estrada de Santiago a Carnota sexa xa un camiño familiar. A pedra e o mar. Como de volta a casa. E o pavillón polideportivo de Carnota no que se establece a cadea de montaxe, a conversión dos individuos en teletubbies de traxe anticontaminación e ollada lánguida. E o coído e o xabre de Ardeleiro, cubertos por unha masa densa e viscosa de morte na que os brazos e a xenreira son a única esperanza de devolver ó mar o seu nome. E as bágoas de desolación. E a impotencia de horas e horas co corpo como tatuaxe nívea no chan para deixar un oco limpo a penas diferente do anterior. E o cansazo. E as mans pegañentas. E o rostro embravecido. E a pel luxada. E a desesperación que reborda os capachos, un material tan mesto que nunca cae nos colectores e acompaña, de comezo ata o fin, coma unha maldición, nas viaxes ó areal. Nas viaxes ó irreal, ó terror de petróleo polo que outros asasinan.

Unha carpa para a esperanza

Pero, como en todos os infernos, existe un paraíso como oposición e como salvación. A carpa da confraría de mariñeiros de Lira na que as voluntarias da vila ofrecen cada día comida quente ós centos de voluntarios que retornan das praias supón un espazo para o futuro. Unha luz de esperanza na que compartir nun prato de plástico cun anaco de polo con outros anónimos de sorriso e maniotas significa máis que mil promesas gobernamentais. O único no que crer. Hai un cartel naquel recuncho quente que indica Lira no Corazón. E outros moitos debuxos de fillos de mariñeiros. E fotos de Maribel Longueira. E poemas de Fernández Naval. E recortes de prensa con mentiras que incitan á violencia. E cocíñeiras que sorrín despois de dez horas de preparar espaguetis con tomate sen máis salario que unha ovación. E dous nenos que serven o azucre e o leite con vergoña e melancolía. E bandeiras de Nunca Máis. E berros e aplausos ó grupo de bombeiros de Córdoba que marcha derreado e ó colectivo ecoloxista catalán que chega tras dezasete horas de autobús. E a choiva que peta furibunda nas lonas. E os barcos que chegan na noitiña. E o mar que bate. E as apertas de reencontro ó outro grupo de Adegas co que compartimos areal a fin de semana pasada. E o pastor alemán que ladra por defecto para chamar a atención. E os chandals empapados de suor e o cheiro a aceite no aire. E a amabilidade e o voluntarismo. E un café fervendo para quentar o corpo do frío da intemperie. É a esperanza.

No centro de recollida do Grove hai unha tartaruga mariña petroleada que apareceu nos tramallos dun barco o pasado día 24 e xaneiro. Esa vítima da marea negra leva nome de futuro. Nome de pobo. Nome de país.
Chámanlle Lira.

"Con este sol, o fuel cheira moitísimo máis. Non quitedes a mascariña para nada. Isto é extremadamente tóxico. Hai moita xente que se mareou esta semana." (A.V. Ardeleiro, 8/02/2003)

Ós voluntari@s, cociñeiras, organizadores do material e mariñeiros da confraría de Lira.
A Miguel (de Lira)

NUNCA MÁIS
NON Á GUERRA

Referencias bibliográficas:

-AVILÉS DE TARAMANCOS; "Obra viva", Laiovento, 1992

Agasallos para soñar

20/febreiro/2003

Os agasallos serven para ver como nos ven. Quen nos fai un regalo estamos definindo nese obxecto. Está espindo o que cre de nós, ou o que nós lle facemos crer sobre nosoutros mesmos. María do Cebreiro ten unha interesante reflexión sobre os espellos. As imaxes que cadaquén espalla de si mesmo polo mundo toman forma nos detalles que nun aniversario aparecen, como por arte de maxia, para alumear o día. Mesmo hai quen obsequia libros.

Gústame os agasallos, aínda que me gusta bastante máis facelos que que mos fagan. Creo que a ninguén lle gusta que lle digan como é. Cando me fan un regalo sempre penso que carestías ou que cousas cren os amigos e os familiares que debo solucionar na miña vida. Este ano recibín regalos que me puxeron as pilas. Teño un amigo e unha amiga que me regalaron un caderno, un sacapuntas e máis uns minicontos. ¡Un caderno! É certo. Hai tempo que non escribo. Tal vez o Prestige anegoume todos os cadernos posibles neste tempo de incerteza e intemperie. Se os amigos cren que che poden regalar un caderno implica que poden pensar que iso che vai ser útil e (aínda que xa é moito imaxinar), ó mellor lles gusta o que escribes.

A miña nai, que é moito máis moderna cós meus amigos, turrou cun cactus cereus porque disque paso moitas horas no ordenador e esa plantiña engule todo tipo de ondas malignas. Seica alguén llo dixo en clase de informática. Nunca se pode contradicir a unha nai. Se ela di que as come, comer-aas. Outra grande amiga regaloume ¡outro caderno! Decididamente debo xuntar moitas letras para encher tantos desexos de que escriba. Como sei que me queren ben, sei tamén que non o consideran unha perda de tempo. Nunca me desexarían tal cousa. Esta amiga tamén me regalou unha fotografía para perder os ollos na súa penumbra. Uns amigos que me acompañan moitas horas ó día decidiron regalarme un pano para o pescozo (sei que saben que, ás veces, paso frío) e unhas herbiñas para cociñar (agora estou coas receitas asiáticas...).

Curiosamente, hai algo no que coincidiron: todos os libros que me regalaron son da mesma editorial. Realmente, é o billete do medio de transporte máis barato que me poden conseguir, a min, que devezoo polas viaxes. Como agradecemento, quero escribivos neste caderno electrónico sen ondas malignas grazas á miña nai sobre a editorial Kalandraka. Para que vexades canto me gustaron os libros que unha mañá ben fría de febreiro entraron na miña vida.

Kalandraka

"Un libro ilustrado é un poema onde non se deben percibir as costuras" dicía Maurice Sendak. Desta idea parte Kalandraka editora, unha empresa que naceu en Pontevedra o día 2 de abril de 1998, coincidindo o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. A súa pretensión era chegar a un público algo esquecido polo mercado editorial galego: os primeiros lectores. E lograron a través duns libros nos que texto e imaxes se fundan nunha comunicación perfecta, libros cos que un cativo pode entender a historia mesmo antes de saber ler. A calidade estética e literaria de Kalandraka parece incues-

tionable. Só é necesario aproximarse a un pícaro para entender o porqué do éxito desta editorial que arriscou sen pudor cun concepto extraordinario da literatura: aprender a soñar. Eu sei dun rapaciño chamado Marcos de tres anos que fala do coelliño branco (Premio Nacional de Ilustración) coma se fose un amigo íntimo, tan real como o que lle fai rabear na gardería. Ese mesmo rapaz negouse a subir á bicicleta sen un casco protector porque, nun conto, unha ra caía do triciclo e esnafraba a cabeza. Ou doutros nenos que deixaron de chorar ó entrar na bañeira despois de ler "As porcas porquiñas". Son consciente dalgunhas aprendizaxes que eu mesma saquei dalgúns contos infantís. Pero iso son verdades demasiado íntimas como para espoñelas aquí.

Supostos adultos

Os adultos (algo que, polo visto, outorga o número de anos e non a madurez mental) temos certo medo a achegármolos ós libros infantís. Eu creo que é porque nos revelan verdades demasiado francas para nós, eses seres que estamos tan acostumados ás reviravoltas, ás hipocrisías e ás dobres intencións. Fuximos dos andeis de infantil das librerías coma se nelas mirasemos o demo. Anxos e José regaláronme unha caixiña preciosa de Minilibros para soñar (n.2) no que aparece o conto de "O traxe novo do emperador". Sen dúbida, ese texto metaforiza a relación dos adultos cos contos infantís. Non nos gustan as verdades, por moi evidentes que sexan. E os contos non falan nun idioma politicamente correcto: os contos berran.

Se vos atrevedes a achegarvos ós libros infantís recoméndovos as caixiñas máxicas de Kalandraka. Cada unha delas contén 7 historias de 7x7cm (número máxico, o favorito do meu irmán). Esas son as dimensións físicas duns relatos que nos levan a un mundo inabrangüible de imaxinacións poderosas nas que a palabra e a ilustración constitúen un único billete para soñar. Non resulta difícil. Só hai que liberarse das cordas do real. Pero, ademais desta, Kalandraka ofrécenos outras oito coleccións: A biblioteca de Panteno, Sondeconto, Os contos do Trasno, Seteleguas, Demademora, Tiramillas, Maremar e Tras os Contos. Son todas claves para xogar cos propios prexuízos, para achegármolos ás historias de aquí e do mundo, unha fantástica maneira de romper.

Outro dos agasallos que recibín da editorial Kalandraka é a "Gramática da Fantasía. Introducción á arte de contar historias" de Gianni Rodari e traducido ó galego por Silvia Gaspar. Seredes vós quen xulguedes o que aprendín con esta obra.

Con respecto ós cadernos, vounos levar na matadora viaxe de autobús a Madrid. Quizais teña algo que contar.

NUNCA MÁIS

Gracias a todos e todas polos agasallos.

Ai Sálvora, ai San Vicente

27/febreiro/2003

Antón Riveiro Coello acaba de agasallarnos cun relato curtiño con tanto salitre que proe nos beizos encarnizados de berrar. Na Porta do Sol. Nos autobuses. Fronte ós televisores. "A canción de Sálvora" fálanos de soños, de Américas e de océanos bravos nun tempo no que a esperanza é o único salvavidas posible. Quen nos dera unha man que nos erguese deste naufraxio. Quen nos dera un abrazo amigo para escorrentar esta intemperie ecolóxica e sentimental. Quen nos dera ter tantos azos coma Riveiro Coello nesta historia que cospe xerfa de futuro e argazos de fe.

A historia "A canción de Sálvora", que acaba de ser publicada en "A Nosa Terra" con ilustracións de Pepe Carreiro, é unha versión ampliada de O mastro dos soños, un relato que forma parte do libro "O cuadrante das sereas". Suso Paradela emprestoulla a Antón Riveiro, como tantas outras e unha xa non sabe se agradecerlle a obra a Suso ou a Antón. Quizais neste caso o agradecemento sexa máis para Antón por aquilo da súa adopción no Barbanza e non para Suso a quen Ourense, sobre todo os terreos fronteirizos, lle tira moito do corazón. En "A canción de Sálvora" atopamos sal a mancheas, tanto sal como para salgar os nosos cadáveres mortos na artesa da esperanza. Alí conservámoslos, coma os lacóns ou as costelas de porco (tan devecidos neste tempo de Entroido), para vindeiras reivindicacións. A música de fondo tira tenrura e maxia. As notas de guitarra confúndense cos sons rexos do trebón e quero escoitar o piano melancólico de Novecento.

O naufraxio do Santa Isabel

Baricco soñou melodías enriba do lombo do mar. Riveiro teceunas por debaixo, nesa zona lindeira entre a realidade e a ilusión na que se moven os protagonistas. Hai mar nos trescentos sesenta e cinco graos da novela, tanto mar coma en Sálvora, pero tamén moito desexo de fuxir. A fuxida desesperada dos destinos marcados, a fuxida de derrotas premeditadas, a fuxida dun mesmo como salvación. Cheira a rebeldía e, á vez, a escravitude dun espacio atraínte e odioso. É o mar. Xoán, o protagonista, sofre unha enfermidade que moitos cualifican de "suicida" por mor dos seus antecedentes familiares. Pero a doenza de Xoán é outra, un andazo que o atrapou a noite do naufraxio do Santa Isabel, un vapor correo con douscentos sesenta e nove pasaxeiros procedentes do norte da península con destino a Cádiz. Os viaxeiros procuraban América, un lugar onde converter en realidade os seus desexos de mellora económica. Pero os cons de Pegar quixeron truncar o seu soño e alí, no contorno rochoso de Sálvora, o barco encallou por mor da brétema e da bravura dun océano indómito. Xoán acudiu ó rescate das vítimas sen saber que ese ía ser o inicio do seu propio naufraxio. Os límites dos feitos e da ficción mestúranse creando un mundo de alfándegas neboentas. A literatura aprópiase aquí do bafo frío da néboa do mar e convídanos a soñar, apoiada nas evocadoras imaxes de Pepe Carreiro. E estímúlanos para rachar os destinos ós que, ás veces, o devalar das obrigas pretende abocarnos. Parece posible agardar.

Nestes tempos de entroidadas, de formigas, de comadres, de larpeiradas e de peliqueiros, cómpre non esquecer o cheiro do mar. Os disfraces non deben arredarnos da realidade senón que deben servir para crítica, para desmitificala, para cuspirlle á cara. Coma no libro de Riveiro Coello, non existen destinos que non se poidan burlar. A plataforma contra a Burla Negra sábeo ben. Non hai navíos piratas nin bucaneiros que poidan permanecer inmunes ante tanta barbarie. O poder da vontade das persoas é máis que suficiente para devolverlle a dignidade a un país.

"Una gran marea humana exige en Madrid responsabilidades políticas por el Prestige La Voz de Galicia, Luns 24/02/03

NUNCA MÁIS

Referencias bibliográficas:

RIVEIRO COELLO, ANTÓN "A Canción de Sálvora", Ed. A NOSA TERRA, 2003

A morte de Carlos

06/marzo/2003

Hai libros que unha non quere ler porque sabe que, cando os remate, o autor morrerá un pouco máis con eles. Esa é a explicación de por que non quixen ler "O sol do verán" ata onte. Parecíame que, canto máis prolongase a súa lectura, máis prolongaría a esperanza de vida nas palabras de Carlos Casares. Cando leo toda a obra dun autor fico triste, coa sensación de que xa non pode contarme nada máis. Se o autor está vivo agardo cautelosamente a súa vindeira publicación. Cando xa non está connosco trabo na anguria de non poder atrapar historias novas da súa pluma. Sen embargo, con "O sol do verán" a sensación resultou distinta. Sentín que Carlos estaba máis vivo ca nunca. Á fin e ó cabo, a permanencia na memoria dos outros é unha vida tan ou máis real cá outra.

"No pouco tempo durante o cal puiden ver o corpo espido de Carlos, morto e tirado na bañeira, antes de que Arturo me sacase pola forza do cuarto de baño, pareceume que da parte dereita da cabeza do cadáver, á altura da tempa, penduraba un cacho pequeno de óso esmigallado en anacos minúsculos e afiados, igual que se fosen os fragmentos da casca dunha noz que se acabase de partir". Así comeza "O sol do verán". Unha, que é especialmente sensible, non pode evitar un arreguizo percorrendo frenético o espiñazo coma un lóstrego. Atopei o libro perdido hai uns días nun andel ategado de papeis. De socato, lembrei que Silvia mo deixara hai xa medio ano e aínda non llo devolvín. Porque non me atrevín a lelo. Porque non quixen lelo. Porque fun moi covarde. Faláranme tantas persoas sobre el que tiña medo de que me decepcionase ou, cando menos, que non me gustase tanto como desexaba que me gustase a derradeira obra de Carlos Casares. O meu erro de cálculo foi infinito porque esta, tal vez, sexa a obra máis bonita do autor ourensán. Quizais non sexa a de maior valor literario; quizais non sexa a máis significativa do seu tempo; quizais non sexa a máis innovadora, pero é, para min, a máis bonita de todas. Creo que aquí, sen dúbida motivada polas circunstancias, sentín máis claramente ó autor falando entre liñas. E Carlos Casares demostrou en "O sol do verán" a vitalidade e a ilusión do home que foi. Do grande escritor que foi.

A pegada do wigwan

A morte de Carlos provoca en Helena un xogo durísimo de memoria. Lembrar un pasado excesivamente embelecido supónlle fragmentar o presente ata o punto de facelo case insoportable. A desaparición na súa propia casa do que durante toda a súa vida foi o seu mellor amigo resulta un grolo difícil de engulir nun tempo de desánimo e evocación da infancia. Coñecemos a través das súas palabras tan sentidas coma íntimas unha nenez tinguida de comodidades e trasnadas ilimitadas en Beiro, onda ó río. O sol do estío alumea unha obra que quixera ser morriña e non chega a selo. Porque Carlos, por riba da traxedia da morte, consegue sobrepoñer o relato ata o punto de que resulta máis tanxible a alegría e o amor do protagonista que o seu propio fin. Parece imposible, pero faino. Casares descóbrenos a vertixe das viaxes en Harley Davidson na noite, a calor na cara dos últimos raios solares, o frescor das ondas do mar e máis a calma do río, ese río que leva, nas súas augas murmuradoras, todos os silencios de familia posibles. As falcatrudas no wigwan, a salvación da Helena

clásica e a loita do guerreiro cheyenne pendurado do alto dunha árbore fálannos dun home feliz. Tan feliz que a súa morte convértese nunha consecuencia practicamente inevitable dun destino truncado por xogadas equívocas do destino e das obrigas sociais. Non o odiamos polo que pasou, mais ben sentimos mágoa da súa dor e da súa incompreensión. Pero sorrimos porque foi feliz e iso abóndanos para amar a Carlos. Porque nos deixou pingas do seu optimismo en cada páxina desta novela póstuma. Carlos, o protagonista. Carlos, o autor.

Agora que veñen as homenaxes, refuxiámonos na súa obra para superar os límites estrictos do cronos. Resulta máis doado de levar así. Evitamos as flores de defuntos e ficamos arrolados polas historias que el nos regalou, por esas palabras que nos espreitan dende os tomos que repousan no salón e na memoria. A literatura. O único que nos queda. Unha tarde de inverno no metro de Madrid lin un texto, e desculpade a miña efémera memoria, porque non reparei nin no autor nin no ano. En verdade, non entendo que facía un texto así pendurado daqueles paredes frías e lúgubres dun tren soterrado de domingo. Pero o papel miroume e, no medio daquelas olladas limpas de emigrantes, conseguiu que me fixase nel. Creo lembrar que dicía algo así como "Marcha a música, a poesía e incluso as lembranzas pero as cartas de amor serán a única literatura que nos quede...".

"O sol do verán" é unha carta de amor infinita.

NÓN Á GUERRA, NUNCA MÁIS

Referencia bibliográfica:

Casares, Carlos; "O sol do verán", Vigo: Galaxia, 2002

Non no noso nome

13/marzo/2003

Debería falar de literatura. Claro que si. Para iso teño aberta esta fiestra ó mundo dos amigos de culturagalega.org. Pero hai días en que custa moito falar de literatura. Lévovalo demostrando moitos días. Si, o que custa falar de literatura cando a realidade se fai tan dura, tan incomprendible, tan histriónica. Di Miguel de Lira que moitos actores lle botan en cara que se meta coa política. El contesta que desde que moitos políticos se meteron a actores, malísimos, vulneráronse as regras do xogo. Rompéronas eles e non nós. Nós só queremos que nos deixen vivir. En paz. Por iso pedimos que non se asasine. E moito menos baixo o amparo inocente do noso nome.

Resulta difícil comprender os convulsos acontecementos que nos rodean. Unha non entende e, cada vez menos, quere entender o porqué de moitas explicacións que menten máis do que informan. Os rapaces que se concentraron ante a central de RTVE en Madrid proclamaban que os medios públicos agochan armas de desinformación masiva. Non chegamos a imaxinar canto e todo parece perfilado por unha mente perversa que move os fíos ó seu xeito. Sen ningún xeito. O xornal ABC falaba hai uns días de que os estrategos militares norteamericanos lle encargaran a un importante cineasta de Hollywood o deseño do fondo de pantalla para Washington e Qatar. Queren converter a realidade nunha sorte de filme de alto investimento presupostario, un "Independence day" con actores pésimos que desexan amosarnos as bondades dunha guerra e o malo malísimo que é Sadam. A ONU advirte de que os cartos que se gastarán en iniciar este conflito bélico que se aveciña coma un tornado servirían para paliar a fame no mundo durante catro anos. ¿Imaxinades catro anos con campañas masivas de alimentos para deter as miserias do corno de África ou de Latinoamérica? O feito de que nos custe imaxinar ese orzamento fainos miserables. Non cremos no ser humano. Non cremos na nosa capacidade para loitar pola xustiza social.

As moscas grandes e azuis dos cadáveres

Hoxe non vou falar de literatura, non porque non crea que a capacidade da ficción de afondar nos sentimentos é bastante máis persuasiva que as cifras con que golpean os medios de comunicación. Os correspondentes destacados na fronte bélica non paran de falar de armas das que a nosa cabeza non pode nin sequera comprender unha dimensión. Porque se a uns se lles esixe o desarme, ¿por que nos detallan con total naturalidade como Estados Unidos acaba de construír unha bomba de nove toneladas de peso que arrasará literalmente o país iraquí? Non entendo ou non quero entender. Un conflito bélico compréndese só a partir das testemuñas individuais, rostro a rostro, vida a vida, de cada persoa que é asasinada. Non valen os colchóns asépticos das cifras. Por iso quero recorrer ó texto no que un xornalista irlandés do diario "The Independent", especialista en Oriente Medio, describe o horror das matanzas. O artigo titúlase "¿Saberá Tony como son as moscas cando devoran cadáveres?" e nel afonda nas miserias das mentiras televisadas, nas cousas que non vemos. Nos cheiros a gangrena que non ulimos e nos choros desesperados que non escoitamos. Porque a información televisada funciona como amortecedor da caída. Para que non espante ó espectador á hora

da comida, nese escasos minutos dos que dispón libres no medio dunha xornada laboral de oito horas que cumpre rigorosamente para pagar a hipoteca do piso e o colexio concertado dos fillos. Eses escasos minutos nos que se perden milleiros de vidas polas guerras que non denunciarnos.

O camiño a Basora

Recollo textualmente algún fragmento do artigo que poderedes ler completo na ligazón que facilitamos ó final: "No camiño a Basora, a televisión ITV filmaba cans salvaxes que desfacían cadáveres de iraquís. A cada momento, unha destas bestas famentas arrancaba diante de nós un brazo en estado de descomposición e saía correndo con el polo deserto: os dedos mortos deixaban sucos na area, os restos dunha manga queimada ondeaban no aire. "Só para documental", díxome o cámara. Claro. Porque a ITV nunca amosaría tales imaxes". O xornalista fai preguntas retóricas que apuntan directamente, coma balas de fogueo, ó centro do corazón das nosas superficialidades: "¿Acaso George, quen declinou servir ó seu país en Vietnam ten algunha idea de como cheiran os cadáveres? ¿Ten Tony algunha noción de como son as moscas, eses insectos grandes e azuis que se alimentan dos mortos en Oriente Medio, e que paran na cara ou no caderno?" Nós tampouco o sabemos. Pero facemos grandes esforzos para imaxinalo e por iso erguemos a nosa voz para esixir un "Non á guerra" unánime. Non no noso nome.

Estes días Galicia vive mergullada nun curioso fenómeno metereolóxico. O vento do sur arrastra partículas de area fina en suspensión procedentes do deserto africano. Os coches, as rúas, os edificios aparecen cubertos de xabre do continente do Sur, ese do que "orgullosamente" nos mantemos afastados por escasos quince quilómetros. Miro o po e, inevitablemente, soño. Soño que son mensaxes enviadas por nenos saharauís dos campamentos de refuxiados que me agariman o rostro mesturadas coa choiva do ceo. Soño que son mensaxes enviadas por homes e mulleres de África e de Asia que nos lembran que están aí aínda que non os vexamos. Que son tan reais coma nós e que area que nos mancha a pel é a mesma area que a eles lles mancha a pel. Que o mesmo vento que nos acocha os corpos é o aire que a eles lles lambe as casas de adobe, e as haimas, e os templos. Soño que son mensaxes enviadas polo pobo iraquí que nos manda unha aberta fraternal de súplica e de denuncia. O vento do sur trae o eco dos seus berros, eses que nos demandan que non os asasinemos. A area que estes días chega a Galicia quere varrernos a insolidariedade. Oxalá non sexamos cegos nin mudos.

NON Á GUERRA, NUNCA MÁIS

Referencias bibliográficas:

FISK, ROBERT; "¿Sabrá Tony como son las moscas cando devoran cadáveres?", The Independent, 2003 (<http://www.rebellion.org/medios/030324fisk.htm>)

A burla da grandilocuencia

20/marzo/2003

Xurxo Borrazás vólvenos sorprenden cos seus "pensamentos impuros", tal e como fixera con "O desintegrata". A sorpresa abanea entre o desconcerto e a sorna máis aberta da que tanto nos podemos gabar os galegos. Podemos sorrir cun volume que anda no gume entre a realidade e maila ficción con certa burla de nós mesmos. Nun día coma hoxe supoño que se fai necesaria a gargallada. Para non chorar e sentir misericordia e vergoña da condición humana.

"Pensamentos impuros, abofé. Por moito que me esforce en convencerme do dignamente que os vou ensarillando, son os escritos de Marta". Así nos resume o propio Xurxo Borrazás o espírito e maila dúbida aberta deste texto esgazado nos neboentos lindeiros do real. Son os escritos do autor que se recoñece en primeira persoa como tal. Pero son os escritos de Marta, a súa compañeira, e os de Xes, e os de Pancho, e os de Farruco, e os de todos os autores precedentes que marcan o seu pensamento, que condicionan o seu modo de vida e a súa idea do mundo e da actualidade. A morte, a guerra, a evolución do home, a creación literaria, a lingua, as viaxes á Lúa, Macondo ou o futuro son algunhas das lúcidas reflexións que o autor carballés nos fornece fuxindo en todo momento da grandilocuencia. Un dos seus personaxes pon en evidencia este desexo tanxible do escritor: "Non te deas tanta importancia, Xurxiño, vas parecer un primeirizo".

Teño a sensación de que Xurxo Borrazás desmonta con esta obra toda esa absurda montaxe de impostadas seriedades e logra que nos tomemos a nós mesmos un pouco en broma. Vamos, que non somos tan importantes, que un libro é un libro e nada máis. Que non somos o embigo do universo nin cando escribimos nin cando lemos. Que non somos orixinais porque moito do que pensamos e creamos é aprendido. Que o mundo virou demasiadas veces sen nós como para que influamos un chisco no seu xiro sobre o eixo. Arredor de si mesmo. Arredor do sol. Rotación e translación. "Pensamentos impuros" suplica humildade e gargalladas, se non gargalladas un riso pequerrecho coa boca pechada. A burla da grandilocuencia.

A asfixia da arañeira

Hai fragmentos desta obra que me gustaron especialmente. Recomendo con devoción o capítulo 25 no que unha tea de araña se converte na metáfora pola que o ser humano fica atrapado nunha madeixa de intereses e decisións alleas. E tamén outro, o 49. "Un antigo personaxe meu, escritor panzudo, covarde e cheirón, veume coa teima de que nos períodos máis execrables da historia, nas fases máis vergoñentas, é cando as técnicas artísticas progresan e recorren ao experimentalismo e a vangarda. Xustificaba así o seu retiro da primeira liña de combate na guerra da innovación e o risco literarios, nas outras xa nunca se involucra.

-Faime falta unha boa guerra, Xurxo, un xenocidio realmente besta. Eu fago o que podoo pero os tempos non acompañan.

Cría corvos, pensei. Erguinme, estriqueei o brazo e co furabolos indiquei cara á porta para expulsar do estudio a este Nerón formalista sen rebaixarme a empatar calquera caste de conversa. Se algún día, e tanxencialmente, tiveramos algo que ver, a partir de agora seríamos inimigos declarados".

Oxalá cos políticos puidesemos facer o mesmo ca cos personaxes que creamos e que se reviran nun intre determinado da súa vida literaria. Guindalos ó lixo.

Sinto dicir que nun día coma o 20 de marzo de 2003 padezo unha marea de pensamentos impuros cos que calquera relixión me condenaría inmediatamente ó inferno. Non podoo evitalo. Hai días en que unha se avergoña profundamente de pertencer á especie humana. E se, aínda por riba, lle sumamos formar parte dunha sociedade occidental no que gobernan certos políticos que saltan por riba da legalidade internacional en beneficio dos seus intereses persoais e económicos, daquela unha xa non sabe ónde agochar a cabeza.

NON Á GUERRA, NUNCA MÁIS

Referencias bibliográficas:

BORRAZÁS, XURXO; "Pensamentos impuros". Vigo, Xerais, 2002.

Palabras en pé de guerra

27/marzo/2003

A perversión da linguaxe é un dos grandes males da Humanidade dende o inicio dos tempos. Parece unha esaxeración. Sen embargo, debemos ser conscientes de que, no nome da palabra, xustificáronse as maiores agresións do home contra o home. A demagogia nos discursos e as explicacións máis absolutamente hipócritas están a caracterizar un conflito bélico que, máis que unha guerra e no nome da pureza da palabra, deberíamos denominar masacre.

Estou absolutamente en contra da guerra. Creo que xa o repetín varias veces pero non está mal reiteralo nun momento en que xorden en Internet tantas listaxes de patriotas e antipatriotas estadounidenses. Non son unha patriota estadounidense e non teño medo, por fortuna, a podelo expresar en voz alta. Isto si acontece no país onde se gaban de seren o estado máis democrático do mundo. En fin. Quería falar hoxe do poder da palabra en si mesmo para dicir, para mentir, para agochar, para ilusionar. As palabras non as leva o vento por moito que algúns queiran esquecer afirmacións previas, desmentidos e outras moitas aberracións. A palabra está aí, é viva e ten poder por si mesma. Por iso doe tanto atopar a políticos que, no nome da palabra, atentan, confunden e menten. Porque a palabra garda significado por si mesma, ten unha orixe e un sentido e non se pode dar voltas e reviravoltas sobre absurdos ata chegar a desvirtuar o seu significado inicial. Porque ¿quen pode explicar o significado de "guerra preventiva"? ¿quen pode falar friamente de vítimas por "danos colaterais"?

Camuflar as verdades con palabras, agochar os significados con roupax de letras indoloras supón unha das grandes maldades da política mediática da guerra. A mesma batalla que se está a desenvolver nas televisións para a emisión ou non das imaxes de feridos e presos debería levarse a cabo cos discursos. Distorsionar a mensaxe en favor de que a verdade non doa na opinión pública mundial debería ser delicto. Sen embargo, e ante a cantidade de vítimas deste novo conflito iraquí, parece absurdo o delicto da mentira. Se non se atende a delitos de sangue e a convenios internacionais para o tratamento de vítimas de guerra e refuxiados para qué imos falar do poder da palabra. Do poder de mentir e de agochar a verdade. Do poder de perverter e de darlles a volta ós significados. Do poder da demagogia e do asalto maquiavélico á liberdade de expresión do outro. Cando nunha comparecencia de prensa ocupa máis tempo a condena a uns rapaces que lle tiran un par de ovos a un edificio público que o lanzamento de 1.500 mísiles nunha hora sobre Bagdad, entendo que o respecto á palabra foi absolutamente violado. E a perda do significado da palabra ratifica aquilo que os asasinatos fraticidas están a demostrar verbo do ser humano: a nosa condición de animais carentes de conciencia.

Alba de Mulleres

O poder da palabra é precisamente unha das pegadas que marca profundamente o libro "Alba de Mulleres", escrito por Carmen Blanco e con ilustracións de Sara Lamas, editado por Xerais neste 2003. O libriño, cunha edición moi coidada e imaxes cargadas de poder simbólico garda un significado claro en palabras da autora: "(...) foi a finais dos noventa cando [este texto] tomou forma de alba, ao xeito da 'Alba de gloria' de Castelao. Como modesta discípula de tan alto mestre quería recoller da súa Alba toda a luz do ocaso da dictadura, para o ocaso definitivo da máis sutil pero non menos dura dictadura do poder sexual, e toda a luz do mencer dos humanos nus con lume no peito para o merecido mencer das mulleres". Para isto, a escritora fai unha longa enumeración das múltiples e versátiles condicións da muller, dende a labrega á xornalista; dende a irmandiña á boticaria; dende a directora á varredora. Este elenco supón unha aposta polo poder da palabra, polo poder de afirmación da muller, polo poder do seu berro libertario. En días como os que hoxe vivimos é necesario recuperar o poder da palabra como tal; o poder de reafirmación fronte á mentira e fronte ós dobres significados; o poder, en definitiva, da liberdade. As mulleres, as principais vítimas das guerras xunto cos nenos, teñen moito que dicir sobre eses graves conflitos bélicos que sofren en primeira persoa. Pero tamén os homes, civís ou militares, porque a condición humana non entende de oficios nin de xéneros e os mortos, mortos son. Que non nos pervertan o poder da palabra en liberdade.

NON Á GUERRA, NUNCA MÁIS

Referencias bibliográficas:

BLANCO, CARMEN; "Alba de mulleres", Vigo, Xerais, 2003

O conto do gato chosco

03/abril/2003

O meu padriño só sabía contarme un conto dos que os nenos considerabamos contos. Cando eu lle pedía que me contase unha historia optaba por dúas variantes: ou os contos de Cuba ou o CONTO. O conto do meu padriño era así, grande, fermoso, farturento e saudoso. Era o único conto que tiña sentido na boca dun emigrante da fame. Era o único conto co que aínda lle vexo o rostro engurrado en contrapicado dende o colo das súas pernas reumáticas ó pé da lareira. Era, para min, o único conto. O noso CONTO, ese co que establecemos un pacto de amor e complicidade, chamabámolo "o do gato chosco" e con el quero festexar o Día Internacional do Libro Infantil. O día do meu padriño.

A todos os nenos e nenas do mundo

No segundo ano de párvulos fixéronme ler "o parruliño feo" e quedei bastante traumatizada. Eran uns libros horribles os daquela época, nada que ver coas xoias ilustradas que podemos adquirir hoxe en día. Sospeito, sen embargo, que o trauma non viña tanto polo propio libro físico senón pola historia que me acababan de narrar. Aquilo non tiña nada que ver cos contos do meu padriño, eses relatos fantásticos da Habana e de Nova York cos que crucei, a bordo das súas palabras, o Atlántico con a penas catro anos. Falábame o meu padriño das súas travesías solitarias de varios meses en barcos inmundos, de cómo foi á procura dos seus irmáns, de cómo o illou a guerra, das pesas de café e do ultramarinos da rúa Estrela. Con sete anos eu tiña o rueiro da Habana perfectamente establecido na miña cabeciña e case cheguei a saber camiñar pola cidade sen me perder. As viaxes da miña imaxinación resultaban absolutamente reais, anainadas polo cheiro dos puros, pola chegada dos barcos de emigrantes ó Malecón e polo medo ós tabeiróns e ós agoiros funestos das santeras. As miñas viaxes á Habana non teñen fotografías de recordo alén do rostro morriño do meu avó cando me chamaba "mi mulatica" nas tardes de serán baixo a figueira.

O meu avó

Pero esas, esas son historias máis íntimas que establecemos en triángulo de complicidade o meu padriño, a miña nai e máis eu. Son os contos infantís que máis quero. Sen embargo, o único conto que o meu padriño dicía que sabía era o do "gato chosco". Fascinábame velo escarranchado na cadeira da eira ou deitado na cama cos ataques de artrose coa mirada chorosa e lembro, polo miúdo, todos e cada un dos seus acenos e cadencias no relato. Gustáballe moito contárnolo, supoño que os nosos ollos de prato e as nosas preguntas para acelerar o ritmo da historia resultaban bos alicientes. Dicía o meu avó que había un rato no monte que andaba eslamiado e morto de fame polas correoiras. Disque se lle vían as costelas porque o único que apañaba para encher o bandullo eran landras, noces e faragullas. Un día recibiu o aviso do seu curmán, un rato que vivía nunha casa grande

para que lle fixese unha visita. Seica lle dixo que aquela era casa de fartura e que podía esquecer a fame para sempre. O rato de monte decidiu abandonar a súa terra ante tan succulenta proposta e marchou visitar ó curmán. Cando chegou á casa, o rato anfitrión, gordo como un pote, fíxolle unha visita polas dependencias da casa. Esta era a parte coa que máis gozaba o meu avó, un home grandón e comechón que devecía polo bo xantar. El relataba polo miúdo todas e cada unha das larpeiradas que tiñan na lareira e na artesa facendo que os cativos salivasemos ante tanta magnificencia.

-¿E había chourizos?

-Había

-¿E nocilla?

-Había

-¿E que máis?

-Había queixo de varios tipos, e costelas salgadas, e xamóns, e lacóns, e pantrigo, e centeo, e maínzo....

Aínda hoxe miro como lle alumeaban os ollos ante tanta fartura, a el que pasara tanta fame na infancia en Meirás antes de emigrar a América e que, daquela, se sentía privado de moitas larpeiradas por mor do ácido úrico. O rato gordo -continuaba-- advertiulle ó ratiño de monte que só había un inconveniente.

- -Na casa hai un gato grande, pero está chosco dun ollo así que o único que tes que facer, cada vez que o encontres, é pasar polo lado do ollo malo.

Disque o ratiño de monte colleu algo de medo pero confiou na boa vontade do parente e dispúxose a imitalo na captura de alimentos. Pasaron os días e o ratiño engordou considerablemente. Non lle perdera o medo ó gato pero baixou a garda e deixouse levar pola boa vida. Pola fartura. Sen embargo, unha tarde que o ratiño espreitaba dende o alpendre as carreiras do seu parente, viu como o gato o engulía cun rápido movemento de gadoupa. Foi visto e non visto. O meu avó imitaba o xesto do gato e facíanos cóxegas coma quen nos trababa na barriga. El dicía que o ratiño non o pensara nin un chisco e marchara doente para o monte. Daquela viña outro dos momentos máis emocionantes cando o meu avó anunciaba, con voz de colorincolado, o fin do conto: "e dixo o ratiño: máis vale fraco no monte..." e nós berrabamos "...ca gordo no cu do gato". Entón aplaudiamos estentoreamente antes de liscar coma chispas pola eira adiante. Este é o conto da fame, da morriña do fogar e dos perigos do mundo adiante. Este é o conto do meu padriño. O noso conto.

Rato de campo e rato de cidade

Kalandraka acaba de publicar o conto "Rato de campo e rato de cidade" escrito por Eva Mejuto e ilustrado por Kiko Dasilva. Como xa dixen noutras ocasións, esta editorial de Pontevedra non publica "só" albums ilustrados senón pequenas grandes xoias literarias. Fascíname a textura case táctil

deste relato e, tamén teño que recoñecer, gústame moito o conto. Pero, coma no caso do "parruliño feo" que lin en párvulos, non é o meu conto do rato de monte. A base tradicional pode ser semellante, pero non é o conto do meu padriño. Non ten os seus acenos, as súas pausas, os seus ollos chorosos, o seu sorriso sen dentes e o seu amor pola fartura. Fáltalle o gato chosco, a fachenda do rato gordo da casa, a miseria do rato fraco do monte e aquela descrición marabillosa dos alimentos da artesa. Fáltame o meu padriño.

Gustaríame que moitos avós do mundo puidesen, nun día coma hoxe, contar contos de fadas, trasnos e ratos de monte ós seus netos. Oxalá non tivesen, pola contra, que protexer o seus corpos miúdos dos tomahawk desa "guerra preventiva enfocada a obxectivos militares concretos".

NUNCA MÁIS. NON Á GUERRA

Referencias bibliográficas:

MEJUTO, EVA & DA SILVA, KIKO; "Rato de campo e rato de cidade", Kalandraka, 2003

¡Vede a roseira nos acantilados!

10/abril/2003

A primavera é fermosísima en Noia. A feira dos domingos onde as mulleres ofrecen o cebolo e as flores a prezos exiguos resulta un magnífico lugar para o encontro cos noíeses que pasean o seu espírito vilego. O seu orgullo de vila medieval. Estes días Noia está, se cadra, moito máis fermosa. O recoñecemento a Avilés de Taramancos co Día das Letras Galegas 2003 enche de satisfacción ós amigos e ós veciños do autor. O pasado 6 de abril, aniversario do nacemento de Antón Avilés Vinagre, fallouse o premio de relato de aventuras que leva o seu nome no que dous barbancesses foron recoñecidos ex aequo co galardón. Xosé Agrelo e Francisco Antonio Vidal Blanco ergueron as velas literarias en dúas singraduras mariñeiras que homenaxean a memoria do creador de Taramancos. A homenaxe da palabra de mar.

Podería falar hoxe das dúas obras premiadas no Certame de relato de aventuras Avilés de Taramancos que se fallou días atrás en Noia. Podería contarvos as maravillosas aventuras nas que Xosé Agrelo nos embarca literariamente co relato "Rumbo ao Maluco". Podería falarvos de Antón Varela, Antón de Noia, o grumete de quince anos que no século XVI viaxou na expedición de Magallães na procura do paraíso das especies. Podería contarvos as fermosas descrições da Fanequeira de Noia, de Sevilla, de Sanlúcar de Barrameda, de Río de Xaneiro ou da entrada no mal chamado Océano Pacífico. Podería salientarvos o valor documental deste traballo. E podería, sobre todo, emocionarvos coa expresión de satisfacción de Xosé Agrelo ó saberse premiado polo certame que leva o nome dun dos seus grandes amigos. Pero non vou facelo.

Podería falarvos de "O botín da inmortalidade" de Francisco Antonio Vidal Blanco, da súa precisión na linguaxe técnica mariñeira, das descrições das paixóns amorosas, dos celos, das loitas de barcos na ría de Arousa, da camaradería entre dous homes que se rompe por mor dunha muller... Podería dicirvos que é unha historia de aventuras "exteriores" do máis puro estilo bucaneiro e, tamén, aventuras "interiores" en que a bagaxe dos sentimentos convértese nos remos que moven o transcórre dos acontecementos. Pero non vou facelo.

Última fuxida a Harar

Hoxe vou falar do poemario de Antón Avilés "Última fuxida a Harar", premio da Crítica galega con carácter póstumo en 1992. A Casa da Cultura de Noia acolle estes días unha exposición do manuscrito, magnificamente ilustrado, do que souben por primeira vez gracias a Lola Arxóns, amiga de Avilés e unha das responsables de "Casa da Gramática". Esta derradeira creación reúne os poemas escritos á man nunha carpeta que contén 76 follas de 32,5 x 45,5 cm e 18 de 20,5x50 cm. Non só hai palabras. Nas láminas de "Última fuxida a Harar", que Avilés concluíu nas mesmas portas da

morte, hai poesía e hai imaxes, uns debuxos magníficos do propio autor que nos comunican tanto como as estrofas. Hai, en definitiva, creación no estado máis puro. Íspese Avilés de artificios nesta obra na que a sombra do pasamento tingue de futuro os seus versos. Asume a natureza do ciclo vital con tal naturalidade que mesmo doe. Todo o poder telúrico da terra e a admiración pola natureza toman corpo nuns poemas en que o cadáver permite a vida: "Alí estou eu de morto/ dando vida ao que nasce,/ son átomo e son célula que se abre a cantar/ e dá-lle corpo á rosa, dá-lle ao verme o vigor/ de volver-se crisálida e de logo voar."

Nas tres partes en que se divide a obra ("O cazador no escuro", "Silva de vária fermosura" e "Crónica de antigos reis") e os tres apéndices correlativos ("En-psalmos para escorrentar a besta", "Cruxol de amor e cofre dos olvidos" e "As armas e os barões assinalados") encontramos elementos recorrentes na poética do autor de Taramancos onde acadan, se cadra, un clímax significativo. O asombro da vida no limiar da morte, a presenza do río, a pegada de Colombia, o soño de Ulises, as torres do ar, a forza da avoa Pepa da Pastora, a patria, a ira nacionalista, o mar, a terra ou o tempo reflectido no espello da vida mestúranse neste poemario de forza dificilmente describable. As ilustracións alumean a beleza da catarse vital. Cazadores, arqueiros, lanzas de sílex, espadas, monarcas, roseiras, anxos, elementos abstractos, guerreiros de trazos prehistóricos e, sobre todo, bolboretas: "O poeta é un cazador alucinado/ Atrapa a verba, atrapa a bolboreta/ que se queima en faíscas decontado; atrapa mesmo un soño de poeta". O seu carácter elexíaco queda totalmente consumido polo arrouto vital de cada verso e as últimas palabras non deixan lugar a dúbida: "¡Hai que romper, romper agora!".

As imaxes

Non podo falar de "Rumbo ao Maluco" nin de "O botín da inmortalidade". Estes libros sairán proximamente na editorial Toxosoutos, probablemente ilustrados (ou esa é a intención dos editores) e, daquela, teremos oportunidade de comentar polo miúdo estas que son, sen dúbida, dúas grandes obras de aventuras de estilo clásico. Permanecen aínda eivados pola falta de imaxes e elas teñen moito que dicir sobre o libro final. Sobre os propios textos. Por iso me gustaría que se editase en edición facsímile "Última fuxida a Harar" de Antón Avilés de Taramancos. Porque cos seus debuxos pódese comprender a totalidade do seu labor creador e as dimensións, tan inabrangüibles como o horizonte, da súa alma galega. Da súa alma americana. Da súa alma universal.

NON Á GUERRA. NUNCA MÁIS

Referencias bibliográficas:

AVILÉS DE TARAMANCOS, ANTÓN; "Última fuxida a Harar", Espiral Maior, 1992

Bernardino Graña: o mariñeiro de palabras

16/abril/2003

Parece que escampa. Logo dun inverno como o que vimos de vivir, a chegada do bo tempo e o incremento paulatino das horas de luz semella unha beizón. A calor devólvenos, ós da ribeira, a ansia do mar, ese mar que non esquecemos e que segue a ser manchado co lixo que máis turba. O das mentiras. Contra a barbarie, é tempo de crer. E de crear. Volver a Bernardino Graña. Deletrear ámbar de sangue, vagada, sorrío, xaraiba, salitre, roncallo e arruás. Saborear con detemento ollomol, alcrique, xouba, sardiña, lombrigante, maragota, pinto e balea. Admirar as ardentías das noites sen lúa. Aceptar a Profecía do mar.

Debo confesar que creo, tal vez excesivamente, na providencia. Por iso estou segura de que foi unha sorte de instinto primitivo e, á vez, profético, o que me levou esta fermosa mañá de abril a Bernardino Graña. Teño nas mans unha edición do poemario "Profecía do mar" do ano 1966 de Salnés (Vigo) con ilustracións de Virxilio na que o propio Bernardino indica no limiar "o libro entrégo agora, neste ano de 1966, pero, maiormente, xa estaba a punto no 1963, e xa ten corrido en parte en círculos literarios, recitales etc...". Quere isto dicir que estamos no corenta aniversario destes poemas de salitre, amor e devoción mareira.

É Bernardino Graña un mariñeiro de palabra. Navegante de versos e redeiro de ardentías, esas fosforescencias das noites sen lúa nas que el atrapa a frescura da fala de Cangas. O seu amor pola patria queda rexistrado no alpendre dos versos, un alpendre no que expresa o amor pola lingua que mamou: "un galego, digo, coído eu, máis ben emparentado coa fala desta beira norte da ría viguesa chea de expresións caraterísticas que hoxe quero xunguir á literatura galega". Tamén aquí define unha poética limpa e forte que logo desmalla en cada verso, como un mariñeiro ó sacar o peixe dos tramallos á volta da marea. Dinos Bernardino que o poeta deixou de ver "o esmagamento, a anguria existencial do home" para "pasar a ver, aparte do home, cousa pequena, pero que "molesta" e na que hai que crer, o Universo, e pasar así a cantar a forza primitiva, cega do home e todos os seres, o debalar da materia asombrosa, e hasta o couce, a rabia, o pulo que permite moitas veces seguir tirando".

O gato da tasca mariñeira

Sentímonos, no poemario de Bernardino Graña como o gato da tasca mariñeira, onde "non hai silencio porque hai homes" que "beben viño coñac berran discuten contan chistes mascan". Paseamos caladiños o noso lombo mol polos versos "mariñeiros de Cangas, meus amigos,/ meus irmáns de salitre e sol e chuva". Uliscamos "Un mar sin terra vive, e quen o nombra/ perdido xa se ve sin pés nin leme,/ pois mar ceibe e fantástico se mete/ e desatarse pode en golpe ou sombra" e miañamos con mimo "Pero é certo que me agarda un mar mui grande i hei de ir, hei de ir pró mar que agarda.". E

miramos, como no bar de Cangas, os ollos do home e estendemos a orelliña aguda e indiferente, lambemos teimudos e calmos unha das patas e se acaso durmiñamos e abrimos un ollo para pregar "Pero rompe, que podes, contra o medo,/ dalle avante con forza, anque che doa,/ contra noites e néboas, pon a proa,/ mariñeiro de Cangas, e ven cedo". O pouso medieval das nosas cantigas que se converte en aposta de futuro, en profecía do mar. E nós, como o gato da tasca mariñeira, rodeados de palabras de mar e de (a)mar bicamos a xerfa das vagas que nos arrolan, namentres escoitamos, como testemuñas mudas, as epopeas dos mariñeiros. Anainando nos versos de Bernardino comprendemos a grandeza do Universo choída nun anaco de horizonte de mar. Difícil é entender para os de terra dentro como o mar, diagnosticou Alberti, "tira do corazón". Difícil é arredarse da súa cantiga de serea seductora en canto nós ficamos "cismando máis na beira".

Bailamos na pegada dos emigrantes e dos homes de Cangas, Ons, Fisterra, Vigo e Cruña, dos nomes propios que abranguen na súa persoa todo o océano porque eles son mar. A Bernardino, que el é tamén, mar. E os seus versos échennos a alma "hasta o couce, a rabia, o pulo que permite muitas veces seguir tirando". Confeso que, tamén eu, "contra os días, a néboa, o medo, o escuro", tamén eu "tento o mar e procuro a plenitude".

NUNCA MÁIS. NON Á GUERRA

Referencias bibliográficas:

GRAÑA, BERNARDINO; "Profecía do mar" , Vigo, Salnés, 1966

Poesía asediada

24/abril/2003

A poesía prepáranos chineiros en que manter os alimentos do espírito ó fresco en canto as bombas esgazan as miradas. Hai versos como almofadas en que deitar a alma namentres o corpo agarda a chegada da luz do día. Hai longos poemas en que o asedio a un pobo non converte a poesía nun estado de excepción. Pode, pero non o fai. Emancípase a literatura das atrocidades do ser humano e levita, coma unha sombra, polo seu andar de animal vertebrado. Mahmud Darwix descríbennos dende o asedio da cidade cixordana de Ramallah, en xaneiro de 2002, un longo canto á vida e á soidade da intemperie. Palestina bícalle os beizos cunha pregunta que non quere resposta.

"Encontramos tempo para matalo:/ xogamos ás damas, folleamos noticias nosas/ nos xornais do onte ferido,/ e lemos no horóscopo: este ano/ dous mil dous a cámara sorrirá/ ós nados baixo o signo de Sitio". A chamada Terra prometida das Sagradas Escrituras non sabe cómo soñar coa paz. Soñarase cos ollos abertos ou cos ollos sen pechar. Soñarase coa man estendida ou co fusil no ombreiro. Soñarase con pedras e panos bicolores ou cun helicóptero de tecnoloxía estadounidense sobrevoando os campamentos de refuxiados de Cixordania. Palestinos e xudeus enfróntanse dende hai máis de medio século nun conflito tan interminable como sanguento que nos últimos anos chegou a niveis de tensión sen precedentes. A escalada de violencia, marcada ó ritmo das campás que tanxen a morto, non cesa de medrar e os abatidos nun e noutro bando latexan no chan poeirento nun dos berces da civilización. No balance das inxustizas e hipocrísias da diplomacia mundial hai dúas pesas que escachan calquera equilibrio. Son as lousas palestina e saharauí quen, por cuestións de índole económica, deberían vagar, coma ánimas en pena, polas consciencias de calquera ser humano. Os mortos palestinos dos últimos días obrígnanos a volver a ollada sobre esa franxa de encrucilladas históricas onde relixións, pobos e historias se mesturan con virulencia asasina.

O asedio en Ramallah

Mahmud Darwix é tal vez un dos poetas árabes de máis sona internacional polos seus premios no eido poético e na loita pola paz. Coordinador da revista cultural árabe "Monte Carmelo", este palestino escribiu numerosos poemarios dende os anos sesenta que foron tecendo un pano en que o ser humano se laia pola súa propia condición inhumana. "Os paxaros morren en Galilea" (1970), "O fénix mortal" (1995), "Asedio elexíaco ó mar" (1983) e o último "Asedio" (2003) non poden nin deben deixar indiferente porque, neste caso, a condición de poeta mergulla no océano de asfalto dun cidadán choído nun país oprimido. E a poesía supera o estado de excepción para se converter nun canto elexíaco en que, como di a traductora ó español, Luz Gómez, nace un libro raramente esperanzado. "Á poesía: Cerca o teu cerco".

O asedio que o propio autor viviu na cidade cixordana de Ramallah durante a dura ocupación israelí de xaneiro de 2002 serviulle de encontro coa literatura na que o ser humano sae mal parado ante as inxedanzas dos aloumiños de paxaros de letras que estenden as ás. Para voar lonxe do cerco. Dialoga o escritor coas nais, coas mozas, coa morte, co amor, coa paz, cos gardas, cos soldados israelís que secuestran nunha franxa de terreo árido os soños dunha nación. "Baixo asedio, o tempo faise espacio,/ fósil eternidade./ Baixo asedio, o espacio faise tempo,/ cita esquecida".

As imaxes dos nenos envoltos en panos bicolores que lles zorregan pedras ós soldados israelís. Os atentados suicidas na franxa de Gaza. As incursións das tropas israelís en campos de refuxiados e demolición de edificios de vivendas para castigar a supostos líderes da Intifada. Un israelí que rega o xardín nos terreos ocupados namentres unha nai palestina non ten ónde coller auga para darlles de beber ós seus fillos. A explosión na estación de tren de Kfar Saba ó norte de Tel Aviv. Un cámara de televisión palestina asasinado en Nablús. Ataque aéreo israelí sobre Gaza para impedir posibles ataques de terroristas palestinos. É a miseria máis absoluta do ser humano. E Darwix loita pola lexitimidade da súa existencia no pasado e no futuro do lugar que o viu nacer: Palestina. O seu diálogo co pasado ten arelas de permanencia no futuro. "Ó asasino: Se viras o rostro da vítima/ pensaríalo, lembrarías a túa nai na/ cámara/ de gas, liberaríaste da razón do fusil/ e cambiarías de idea: ¡así se recobra a identidade!". O asedio físico trócase asedio moral. Xorden moitas preguntas do home cara ó seu pobo e viceversa. Dialoga Darwix co tempo, co espacio, coa paz, coa súas bandeiras de identidade nacional, cos mitos, cos soldados que encadran con ollos ameazadores calquera punto de mira do obxectivo. Sempre hai un gardián que espreita. Conscientes da súa presenza "Sós, estamos sós ata a náusea/ por toda compañía as visitas do arco da vella". Segue habendo lugar para a poesía no asedio.

Coincido con Noam Chomsky: a solución ó conflito árabe-israelí é o problema.

NUNCA MÁIS
NON Á GUERRA

Referencias bibliográficas:

DARWIX, MAHMUD; "Asedio", Traducción de Luz Gómez, Cátedra, 2003

A luz dos cadáveres incógnitos

02/maio/2003

Granada ten o sabor acedo do cadáver de Lorca e os seus máis de oito mil mortos durante a guerra civil española. As súas sombras camiñan e pérdense polas rúas estreitas do Albaycin e do Realejo sementando pingas de sangue no empedrado. Os seixos dos ríos Genil e Darro ("uno llanto y otro sangre") incomodan o andar e metaforizan a dor dunha cidade que agocha, nos ecos flamencos das covas do Sacromonte, un laio desesperado polas feridas da súa memoria histórica. Nunha foxa do barranco de Víznar, os granadinos choran as vítimas que carecen de lápida porque elas fican, penduradas do aire, polos recunchos mestizos de Granada.

A uns dez quilómetros de Granada atópase o barranco de Víznar, preto dun lugar que os antepasados árabes chamaron "a fonte das bágoas". Alí foi fusilado Federico García Lorca o día 19 de agosto de 1936 (dous días despois da súa detención) ó pé dunha oliveira xunto cun mestre e dous anarquistas. Din que a súa condición de "poeta popular" e, sobre todo, homosexual, fixo que os seus executores se asañaran especialmente con el. Din que lle cuspiron e lle deron patadas. Din que o seu cadáver permaneceu sen soterrar durante días e que o po, as flores e as sementes do aire acubillaron a súa sombra. Ninguén viu o seu corpo e, por suposto, non lle practicaron ningunha autopsia polo que a morte do poeta andaluz encádrase nun limbo de conxecturas. ¿Que pasaría se Lorca non morreu naquel vil fusilamento? ¿Que acontecería se fuxise e cambiase de identidade? ¿Que pasaría se o autor de "Yerma", de "La Casa de Bernarda Alba", de "Doña Rosita la soltera o el lenguaje de las flores" continuase vivo?

Este é precisamente o argumento dunha película estreada en xaneiro de 2003 dirixida por Miguel Hermoso e guionizada por Fernando Marías. "La luz prodigiosa" conta a historia dun pastor andaluz que recolle a un home ferido por tiros de bala nun fusilamento e que os fascistas deron por morto. A vítima, en estado semivexetal sobrevive á barbarie e, moitos anos despois, o pastor volve atopalo. Trátase dun mendigo que vaga, sen memoria, polas rúas de Granada e que malvive gracias á caridade dos veciños. A sospeita xorde: ¿é se ese home fose Federico García Lorca?

Crible ou non este argumento, debo recoñecer que a presenza de Lorca nas rúas de Granada resulta mesmo tanxible. "Se ven desde las barandas,/ por el monte, monte, monte/ mulos y sombras de mulos/ cargados de girasoles". Corre o seu airiño perfumado polas rúas arabescas do Albaycin, cruza a Porta Elvira, mestúrase no balbordo dos arredores da catedral e do mercado da Bib-Rambla, saúda ás xitanas quen lle regalan un cravo e arrastra a súa estirada melancolía polo Paseo dos Tristes, ó pé da Alhambra. Gústalle a Lorca subir a Costa de Gómez, aceptar o romeiro das mulleres de negro que lle prognostican un futuro incerto e difuminarse nos xardíns do Generalife.

Palabras gravadas en muros de mercurio

Arrecende o seu espírito a cipreses, magnolios, laranxeiras e petunias. Asubía Lorca o romancero nos estanques de auga onde o seu corpo lanzal non se reflicte nunca. "Silencio de cal y mirto./ Malvas en las hierbas finas./ La monja borda alhelís/ sobre una tela pajiza". A Alhambra garda dentro do seu bandullo de barco o retroso de autores que quixeron homenaxear a súa beleza arquitectónica, case mística. Sen embargo, nin Washington Irving, nin Juan Ramón Jiménez, nin Francisco Alarcón de Icaza lograron que a súa pegada quedase tan gravada nos muros de mercurio da cidadela como a voz de Lorca. "El mar baila por la playa/ un poema de balcones./ Las orillas de la luna/ pierden juncos, ganan voces". Hai na noite de Granada un cheiro especial. Preside a Al-hamra dende seu trono nazarí calquera pensamento, calquera dúbida, calquera incerteza que nos busca no trafego do sur. "Su luna de pergamino/ Preciosa tocando viene,/ por un anfibio sendero/ de cristales y laureles".

Baixo o firmamento de estrelas, Federico lamenta a súa sorte e a dos seus oito mil veciños arrombados polo esquecemento do presente. Non hai xustiza para as vítimas da guerra civil namentres os seus corpos permanezan amoreados en foxas comúns onde non caben nin nomes nin apelidos. "Por el cielo va la luna/ con un niño de la mano".

Unha que é moi ignorante nas cousas da vida non acerta a entender por qué Joaquín Sabina refuga nas súas cancións que o seu futuro cadáver permaneza "en el sur donde nací" e prefira "pongamos que hablo de Madrid". Incomprensible.

Ó abandonar a cidade do sur e atravesar Despeñaperros, a alma esgázase e un anaco foxe para sempre á Horta de San Vicente para facerlle compañía a García Lorca: "No me recuerdes el mar/ que la pena negra brota/ en las tierras de aceituna/ bajo el rumor de las hojas". Milleiros de cadáveres velan dende un barranco de Sierra Nevada as nosas saudades.

Referencias bibliográficas:

GARCÍA LORCA, FEDERICO; "Romancero gitano", 1927

O traxe novo do emperador

08/maio/2003

Cando escoitamos ós nenos dámonos de conta de que os pretendidamente adultos vivimos mergullados nunha gran mentira proclamada a berros. Recoñezo que decote (pre)síntonos protagonistas absurdos do conto de "O traxe novo do emperador". Véxonos espidos polo mundo, amosando sen pudor a miseria das nosas vísceras e fico abraiada porque ninguén se atreve a sinalar co dedo as cinco evidencias que collen nos dedos dunha man. Ata que fala un neno. Entón, por dignidade, o mundo debería calar. Ante o álbum "¡Nunca máis! A ollada da infancia" que acaba de publicar a editorial Kalandraka, os múltiples mentireiros que ocupan portadas de periódicos debería enmudecer. Por dignidade. Por ética. Por sentidiño.

De cando en vez, cómpre mirar para abaixo. A nosa ollada altiva camiña habitualmente cos escaparates (aburrido=seguir/attractivo=parar), os transeúntes (descoñecido=seguir /coñecido=parar) e os semáforos (verde=seguir/vermello=parar) como obxectivo. En poucas ocasións diriximos os ollos cara ó chan. Agás cando pisamos algo que nos gustaría non ter pisado, cando ladra un can ou cando alguén nos amosa os contidos da bolsa das súas últimas compras. Pero, por abaixo dos nosos ombreiros, circulan uns seres do tamaño físico dun anano de xardín (Marta dixit) que, curiosamente, teñen o campo visual bastante máis amplo cós que pasamos do metro cincuenta.

Dubido bastante de termos como inocencia, pureza ou falta de prexuízos, conceptos dos que os nenos nunca fican alleos por máis que se diga. Prefiro referirme á idea de valor para definir a actitude dos pícaros cara á realidade. Eles atrevense a chamarlles ás cousas polo nome, namentres os adultos damos voltas e reviravoltas no politicamente correcto que, oh sorpresa, sempre coincide co obxectivamente incorrecto. Sen máis. A marea negra é unha marea negra e non uns fíos de plastilina. O conflito de Irak é un ataque unilateral e non unha guerra preventiva. Unha praia con chapapote segue contaminada e non está "aparentemente limpa". Quén recupérase o valor da infancia para sinalar co dedo as obscenidades morais do emperador.

"¡Nunca máis! A ollada da infancia"

A editorial Kalandraka acaba de sacar un álbum titulado "¡Nunca máis! A ollada da infancia" no que os nenos e o mar son os únicos protagonistas. A colaboración dos alumnos de medio cento de centros de ensino do país permitiu a realización dun volume en que os máis cativos reflicten a súa percepción da catástrofe do Prestige. Non hai lugar para metáforas. Os propios editores definen a inten-

ción da obra: "este libro é unha esixencia, unha chamada ó sentido común feito coas mans e as palabras de quen adoitan ser espectadores pasivos da Historia, os nenos e as nenas, que viviron de forma intensa a catástrofe ecolóxica producida polo afundimento do Prestige, aquel triste 13 de novembro de 2002, e levantaron unha marea reivindicativa coas súas mans, coas súas voces". Resulta moi difícil describir con letras a beleza e a calidade das ilustracións que se suceden en "¡Nunca máis! A ollada da infancia". As cores negra e azul, símbolos dun movemento cívico que superou as fronteiras políticas para penetrar no mundo da conciencia, lévannos da man por un libro cheo de cores, de aves, crustáceos e peixes, de voluntarios e de bombas navieiras que afunden no cerúleo. Cada imaxe é un amocelo que se crava directamente nas paredes do corazón. Tamén o fan as palabras que non admiten dobres significados. "Miña amiga a centola, quere bailar; pero o fuel negro non a deixa xirar". "O petróleo mancha todo e o marponse furioso, e os peixes morren pouco a pouco". Doen os animais tinguidos de negro. Doen os barcos que deixan ronseis de morte. Doen as máscaras e as luvas que desesperan ante mareas de fuel que parece non acabar nunca. Doen esas botas amoreadas por números que os "voluntarios" recollerán para tentar mitigar un chisco a traxedia do mar. Doe o amor dos nenos ó mar que lles matan. E eles denuncian, cos "plastidecor", os "carioca", os "jovi" e os "alpino" como únicas armas posible.

Peche de Laxe

Lembro que durante o peche en Laxe que o mundo da cultura desenvolveru o pasado mes de novembro de 2002 en denuncia pola traxedia, eran moitos os nenos que nos viñan facer compañía á Casa da Cultura. Como a única persoa que realmente lles facía ilusión ver era a Miguel de Lira (o percebeiro Currás de "Mareas Vivas" que tivo o seu escenario nesa mesma vila coruñesa) optamos por deixarlles pinturas e papeis para que debuxasen. Un calafrió rubiunos a todos polas costas cando os vimos pelexar polo lapis negro. Esborrachaban os papeis brancos con trazos desesperados e nas esquinas do folio escribían con odio as letras p-r-e-s-t-i-g-e. Un deles pintou no folio as letras c-n-n porque foi a única cadea de televisión que tivo a ocorrencia de preguntarlles polos seus sentimentos neses días aciagos. Confeso que, cando vexo o álbum de Kalandraka revivo esa sensación certamente tormentosa da impotencia de ver os cativos sufrir por unha catástrofe que outros negaban.

Por iso, uno os meus folgos á súa súplica: "Os nenos desexamos que os paxaros poidan voar, que as plantas do mar volvan medrar, que os mariñeiros poidan pescar, que os barcos de lixo por aquí non volvan pasar ¡e un futuro sen contaminar!". Non se pode ficar alleo a esta chamada ó sentido común porque os nenos son os únicos titáns posibles. Malia o que diga por aí o emperador que presume de traxe novo.

**NON Á GUERRA
NUNCA MÁIS**

Referencias bibliográficas:

VV.AA. "¡Nunca máis! A ollada da infancia", Kalandraka, 2003

El é un veleiro

15/maio/2003

Conta Anxo Quintela que, cando representaron "A voz e o poema. Os periplos de Avilés de Taramancos" en Noia, a pel púxoselles de galiña e a voz quebrou o aire. Conta Lola Arxóns que esta semana, o biorritmo anda un pouco alterado por mor dos actos e que o corazón navega magoado polos recordos. Contan Sofía e Lois que estes días os amigos son máis amigos ca nunca e que se senten un pouco desbordados ante tanto cariño popular. Conta Xosé Agrelo, entre risos, unha ducia de anécdotas do Avilés máis trasno da Coruña. A presenza do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2003 resulta case tanxible e, por iso, este 17 de maio é o máis emotivo dos últimos anos. Velaquí o gran mérito da súa obra viva.

O Consello da Cultura Galega acaba de editar un volume dedicado a Antón Avilés no que se recuperan algunhas entrevistas e poemas do autor noiés. Os documentos sonoros, ata o de agora inéditos, recollen a propia voz do poeta recitando os seus versos no ano 1974 en Cali (Colombia) e a alma encrequénase un chisco. Soa na súa voz a saudade da terra, pero tamén unha vontade poética pertinaz. Cre Avilés na palabra e fáinola sentir como algo natural que sae do peito e bota a gabear polas torres no ar. "Non é vento: son as crinas no ar."

A súa cadencia e a súa forza chegan a nós a través das ondas do tempo como náufragas do destino que non atopan acubillo onde repousar eternamente. Non existe un recuncho estanco para Antón Avilés. A súa é a ría de Noia e a presa de terra de Boa en que prendeu raizames para o futuro. A súa é a patria que quixo tecer para Galicia. A súa é a permanencia na memoria. Por iso tanto Sofía, coma Lola, coma Pepe, coma Xerardo, coma Lois, coma Ana, coma Xavier falan de Antón Avilés en tempo presente. Coma se nunca marchase. Coma se aínda estivese cada noite na barra da taberna convidándonos a un viño de versos e empanada de vieira. A súa pegada poética e vital transcendeu a frialdade dos libros esquecidos no andel das bibliotecas para facerse de carne e salitre. E resulta emocionante celebrar un Día das Letras en que os ollos aínda se enchen de escuma cando alguén nomea un verso.

O que amou, queda

O que foi presidente da Asociación de Escritores en Lingua galega segue a recitar "Meu fillo: meu carballo pequeno,/ gomo da canle vertebral/ semente miña aberta na saudade...". Aquel que construía torres no ar rosma cara ás ondas "Se solto a voz no mar, volve-se ceive,/ medra no vento, e vén/ desde unha hora antiga, aínda diáfana,/traendo a miña voz doutras idades". O home que creu na patria galega berra dende o horizonte: "¡hai que romper, romper agora!". O amigo que quixo a Urbano Lugrís espalla saudades "hei de cantar en silencio/ o tempo non se escoita". O herdeiro de Lela da Pastora chora os lamentos da nosa ribeira aldraxada "Venme do fondo o mar, das altas furnas/ onde agorgulla o embrión da vida:/ como alenta unha rosa e se desata/ o seu casulo no fragor do tempo/ así o mar me reclama, rompe as trabes/ pra chegar espido de murallas". O monarca lírico do Barbanza baila "Aínda soa na memoria do mar/ o corno címbrico/ brillan escalibroses, lóstregos

na man dura dun rei antergo/ e a sua copa de ouro". O que sementou cerdeiras rega "Sangue callado. Terra escura, terra/ tan clara e perfumada/ que o corazón do home non ten lindes/ dentro da túa luz". O que quixo profetiza "A luz de abril: a terra xeme/ de sazon, entreabre/ o fondo sulco do amor/ e canta". Quen moito amou, queda. "Os que amades o mar vede-o no vento, ergueito/ alzado na sua mesma fermosura, navegando/ na propia liberdade. Eis o seu triunfo".

Non sei cómo celebraredes vós o Día das Letras. Eu estarei cos meus veciños participando na segunda Mostra de asociacións do Concello de Valdoviño e, polo baixo, andarei rosmando os versos de Avilés co eco marabilloso de Ana Romaní: "O pé do mariñeiro é de natural ancho/ esparrado nos dedos, afeito a apousentar/ a sua planta polo mol da area. O tacto/ tan sensível que coñece cando pisa na solla, / no pelouro, no argazo, no trabote. É unha sonda/ a transmitir o estado do mar: temperaturas/ fluxos, escamallos. Barómetro do tempo. Sinal/ de fartura de peixe, ou de se houber/ mar de fondo máis afora da ria./ O pé do mariñeiro é outro cantar...".

Na mente terei a toda a xente de Noia que loitou para que este 17 de maio sexa a gran festa de Avilés, a gran festa da palabra de mar: "É un veleiro/ e navega nas rotas que tece o corazón".

Mil primaveras máis

Mareas negras, nunca máis

Referencias bibliográficas:

AVILÉS DE TARAMANCOS, ANTÓN;"Homenaxe a Antón Áviles de Taramancos",Santiago, Consello da Cultura Galega, 2003

¿Quen pode máis, o home ou a muller?

22/maio/2003

Estes días non podo quitar da cabeza ós alxerianos. Non imaxino a sensación de que o chan escache baixo os nosos pés, esa inestabilidade absoluta que nos converte en monicreques a expensas dunha forza natural suprema. Un terremoto fai que todo o que alguén construíu esfarele como un castelo de area. Da noite para a mañá, esténdese o silencio, os montes de entullo e os ladridos dos cans que buscan corpos baixo os cascallos. Coa súa dor na memoria falarei hoxe dun conto norteafricano titulado "Aixa ou o fillo do rei ou ¿quen pode máis, o home ou a muller", co que quero reivindicar a riqueza cultural do mundo árabe. É pouca achega para a súa traxedia pero, coma no caso saharauí, son consciente de que unha gabanza vale máis ca un lamento

Sinto especial debilidade polo mundo árabe e moléstanme particularmente todas as mentiras que se espallan sobre a súa cultura. É doado falar deles como represores, integristas relixiosos, fanáticos, antifeministas e ameazas contra os intereses occidentais. Sempre resulta máis fácil iso que tentar achegarse a eles e comprender moitas das súas pautas culturais. O caso da muller paréceme paradigmático. Existe a crenza estendida de que o ámbito feminino está absolutamente asoballado no Magreb e en Oriente Próximo. Non cuestiono a existencia de lexislacións obsoletas que esixen un cambio, sobre todo no eido da representatividade pública da muller. Cómpre reivindicalo e denunciálo sen ambaxes. Sen embargo, debo dicir que nunca vin mulleres máis orgullosas de súa condición feminina que no Magreb. Solapados baixo unha aparente submisión ó mando do varón navegan océanos de liberdade individual que mesmo envexarían moitas occidentais. Os veos non sempre ocultan. Ás veces permiten entrever e, nese xogo de sensualidade, moitas mulleres camuflan a súa verdadeira individualidade. Quixera que admirasedes a beleza dunha muller envolta nunha melfa, coas mans tatuadas con henna e os ollos atravesados por un horizonte negro de khol. Quixera que a mirasedes precipitar o te en vasiños diminutos ó abrigo do siroco na tenue claridade da haima do deserto. Quixera que observasedes a kinesia do seu achegamento ó mundo e mesmo a sensualidade da súa conversa. Tal vez entón entendesedes por qué cuestiono o teórico antifeminismo do mundo árabe. Baixo os seus veos de cores hai moita máis liberdade que en moitos fogares occidentais.

Marrocos a través das súas mulleres

Fátima Mernissi ten reflexionado moito sobre a situación da muller no Magreb e mesmo publicou un libro elaborado a partir de testemuñas que se titula "Marrocos a través das súas mulleres". Ademais, recolleu un conto popular marroquí narrado por Lal-la Laaziza Tazi titulado "Aixa ou o fillo do rei ou ¿quen pode máis, o home ou a muller". Esta fermosa obra é a segunda da colección "Contos do oriente e do mediterráneo" e está impresa en formato álbum con magníficos debuxos en

tinta azul. O propio limiar do texto é significativo do que atoparemos nas súas páxinas "A contestación feminina non vén de París". Fátima Mernissi afirma que na cultura tradicional marroquí existe unha ampla contestación á supremacía do home. Esta protesta é sutil, turrón e aparentemente submisiva. Baséanse na aparencia para facer respectar os seus valores pero sen grandes e estridentes berros liberadores. Co peso dun movemento de pestanas. Saca a propia autora a colación o marabilloso relato de relatos "As mil e unha noites" do que falaremos algún día. Nel Shahrazad consegue manterse con vida gracias á forza da súa intelixencia e ó poder da súa narración. Como nese caso, en "Aixa ou o fillo do rei ou ¿quen pode máis, o home ou a muller?", a protagonista Lal-la Aixa logra impor o seu pensamento a partir da intelixencia, da perseveranza e do amor, agochados todos estes baixo un veo de submisión.

Aixa, filla de carpinteiro, e o fillo do rei inician un xogo de seducción no campo verbal baseado na insinuación e nos retos.

¡Sidi Mohammed, fillo do rei,

ti que estudiaches o Libro de Alá,

dime cuántas estrelas hai no ceo,

peixes na auga

e puntos no Corán!

Este xogo aparentemente inocente vai derivando nunha guerra aberta de sexos que chega a límites dificilmente tolerables na cultura occidental tradicional como é unha sodomía, varios enganos e unha prisión nunha cela do soto do pazo real. Pero na súa lideira os mozos depositan a maxia da súa atracción e Aixa supera todas as probas posibles.

Aixa a maqhora,

Habitante da matmora,

¿quen pode máis,

o home ou a muller?

A muller, Señor, respondeu ela unha e outra vez ata que a súa obstinación lle permitiu, cun intelixente xogo de misterios e enganos, logra impor a súa vontade. O seu triunfo foi a victoria da teimosía, da sensualidade e da intelixencia. A victoria da muller árabe que latexa debaixo do veoo. Unha victoria que nós, occidentais, non sempre comprendemos.

NON Á GUERRA
NUNCA MÁIS

Referencias bibliográficas:

MERNISSI, FÁTIMA; "Aixa y el hijo del Rey o ¿Quién puede más el hombre o la mujer?" Ediciones del Oriente y del Mediterraneo, 1990

A máis fermosa historia de amor

30/maio/2003

Layla, you've got me on my knees./ Layla, I'm begging, darling please./Layla, darling won't you ease my worried mind. O retrouso desta canción, unha das máis apreciadas polos seguidores de Eric Clapton, fai referencia a un amor imposible de alicerces lendarios árabes. Se esta canción foi dedicada a Patty, a muller do seu grande amigo George Harrison e que acabaría sendo a propia muller de Clapton, o nome vén tomado dunha historia de amor de profunda pegada mística e orixes na antiga Persia. A difícil e trágica singradura de Layla e Majnún, os amantes maldicidos pola tolemia do propio amor. A bolboreta nocturna que se achegou ó facho para morrer consumido pola calor das forxas sentimentais.

"O árabe é a lingua de Deus e o persa, a lingua do Paraíso". En persa foi escrita unha e outra vez a historia de Layla e Majnún, a lenda amorosa por excelencia do mundo árabe. Hai quen di que é a Romeo e Xulieta oriental. Humildemente debo pedir que me desculpe o xenio de Stratford-upon-Avon pero a historia de Layla e Majnún non ten comparación posible. Se Shakespeare concibiu unha obra na que unha guerra entre familias era o único impedimento para o amor, na lenda árabe a barreira establécese na propia cordura dos amantes. Esta historia, que correu de boca en boca pola península arábiga durante séculos foi recollida por Nizâmî, un dos grandes autores árabes de tódolos tempos quen a levou ó papel no século XII. Naceu así unha das máis fermosas versións existentes. Consta de máis de catro mil estrofas nas que a eferescencia do amor místico reflíctese a través de metáforas que deixan entrever a profunda riqueza literaria da tradición árabe. As bocas son narcisos; o amor vive en bolboretas nocturnas que se achegan ó facho redentor da luz; o firmamento esculca os sentimentos e o vento serve de comunicación dos amantes. A pegada sufí é indiscutible. A maxia da paixón amorosa recae na forza moral dos amantes afastados e na súa perseveranza.

Qays é o fillo único e predilecto dun sayyid árabe que cae perdidamente namorado de Layla, unha fermosa rapaza dunha tribo veciña. Non existe conflito aparente porque ámbalas dúas familias respéctanse mutuamente. Sen embargo, a Qays a forza do amor acábao corrompendo espiritualmente e cae nunha sorte de demencia que lle impide actuar sensatamente. O seu radicalismo nos sentimentos lévao paulatinamente ó illamento social. Séntese incomprendido, consumido por un lume que o abrasa e do que non sabe/quere arredarse. O seu propio latexar acaba asasinándoo na sociedade e este resulta, precisamente, a única barreira para levar a cabo a unión coa amada. A familia dela non o despreza por vellos rancores, nin por falta de cartos, nin por ausencia de prestixio social. Non. Qays perde o favor da familia de Layla cando nas diferentes tribos comezan a chamarlle Majnún, o tolo, polo seu estraño comportamento. El foxe para o deserto e convértese un eremita que compón os máis maravillosos poemas de amor para a súa soñada.

A tolemia de Qays

A través da xente, do vento e da casualidade, os versos chegan como pinguñas de orballo a Layla, quen adocece de amor por el pero, como é requisito obrigado para a muller árabe, en silencio. Nun asfixiante silencio. A familia de Majnún fai todo o posible para que el retorne á civilización e afronte con madureza os seus sentimentos. Pero todo o esforzo resulta inútil. A demencia do amante vai en aumento e acaba por destruílo totalmente. A presenza do amor cortés e platónico (Platón sobrevoa constantemente o relato no contraste da cova-mundo e no delirio espiritual dos amantes) non deixa de lado a propia paixón carnal dos mozos. Esta non chega a producirse porque os amantes, que se espreitan, non son capaces de aturar o envite da pel e foxen do encontro por temor ó seu propio lume. Non hai nada aquí de amor non correspondido, mais ben é un amor tan correspondido que se sume coma unha vela polo poder das palabras e do desexo. Tal vez o máis bonito do relato non recaia no peso dos amantes senón no amor profesado pola familia de Majnún quen, malia as burlas dos veciños, segue a loitar durante toda a súa vida por devolverlle a cordura ó seu fillo pródigo. A compañía de animais salvaxes converte a Majnún nunha especie de Francisco de Asís incomprendido e arrastrado ó naufraxio pola devoción e pola ausencia de apetencias físicas. Nada hai no mundo que o corrompa agás o pensamento de Layla. A sorte dos amantes está botada dende o mesmo momento en que cruzaron as olladas e a fuxida ós designios da mente e do destino resulta imposible. Inalcanzable.

É unha historia fermosa. Moi fermosa. Pero, por máis que vos diga, nunca chegarei a transmitirvos a maxia de Layla e Majnún. Hai que saboreala palabra a palabra, aroma a aroma, cheiro a cheiro, algo co que a literatura árabe enfeitiza ós lectores e os occidentais deberíamos valorar máis. Eric Clapton ficou atrapado pola súa esencia. Convídevos a caer, tamén, na súa rede. Let's make the best of the situation/ Before I finally go insane./ Please don't say we'll never find a way/ And tell me all my love's in vain.

NON Á GUERRA. NUNCA MÁIS

Referencias bibliográficas:

NÁZÍM; "Layla y Majnún". Traductor: Jordi Quingles, Palma de Mallorca: Editor José de Olañeta, 2001

Metáforas do cinismo

05/xuño/2003

"Soñar pedras con fútbol" é o título dun relato de Daniel Asorey Vidal gañador da onceava edición do Manuel Murguía de Narracións Breves. Esta historia acaba de ser publicada nun volume colectivo editado por Espiral Maior baixo o epígrafe de "De soños e memorias". Non é que os restantes relatos do libro non me interesen. Resulta que este texto me interesa particularmente tanto polo tratamento como pola temática que aborda. Palestina e o fútbol como dúas grandes metáforas do cinismo contemporáneo centran o punto de mira dun autor que abre o obxectivo cara ó universal.

Os territorios ocupados viven unha traxedia que se reafirma día a día nas pedras que os adolescentes zorregan contra os muros. Considero que é, como xa dixen noutras ocasións, un dos exemplos máis dramáticos do cinismo político internacional. Resulta comparable ó xenocidio nazi, paradoxal e angustiosamente. Sei que esta afirmación forma bochas no pensamento contemporáneo, cando o recordo dos campos de concentración e dos milleiros de hebreos asasinados se configura como unha das peores vergoñas da memoria colectiva. Pero non me parece moito mellor a situación do pobo palestino hoxe en día. Nin do saharauí. Son pobos abocados á loita por defenderen a súa terra arrebatada cando a única fenda posible para lograren un futuro de seu parece residir nas armas. O pobo saharauí téntao dende hai trinta anos coa legalidade internacional da súa parte. Pero Marrocos non quere e cada día pon máis trabas. O pobo palestino leva décadas de intifada en intifada reclamando unha solución definitiva para acabar cos seus propios campos de concentración. Pero Israel non quere e cada día pon máis trabas. Neste contexto dramático de cinismos e medias vontades involúcrase Daniel Asorey. Non ten medo á verdade e mete o dedo da chaga sen compaixón. Sería absurdo.

Soñar pedras con fútbol

Aparece en "Soñar pedras con fútbol" a miseria do deporte rei pero, sobre todo, a miseria do merchandising deportivo e da globalización. Aparece a soidade do soldado que espreita dende os muros contemplando, desolado, un futuro a través da diana do kalashnikov. Aparece o suicida palestino, aferrado a un amor que non dura e disposto a entregar a súa vida por unha causa relixiosa e nacional. Aparece o alto representante político que dorme nun hotel de cinco estrelas con ansias de encher o peito de galardóns e caviar. Aparece o Dépor televisado e o recordo dunha Arxentina esgazada pola fame. A fortuna deste relato reside tanto na aposta polo tema como no xogo coa incerteza. A narración faise vertixinosa e certas metáforas innovadoras condúcennos velozmente cara ó cerne do texto.

Sabemos o final pero queremos saber cómo chega. Sufrimos en cada paso que dan os personaxes porque a historia fainos anticipar o desenlace, ese que, inevitablemente, chega. Sempre chega. Non sentimos mágoa polos protagonistas senón pola súa circunstancia, da que nos consideramos culpables. Son cinismos. Mentiras. Portadas de periódico sucesivas. Editoriais que xustifican o inxustificable. Neste caso, a literatura amósase reticente a mentir e dá a cara. Resiste, como Daniel Asorey defende e proclama. Resistir é vivir. É crear. "Soñar pedras con fútbol" supón un chanzo máis cara á apertura da nosa literatura a temas e contextos alleos ó noso país. Pero, sobre todo, é un chanzo máis cara á liberdade do ser humano e iso é sempre de agradecer nos tempos que andamos.

NUNCA MÁIS, NON Á GUERRA

Un abrente e sete bágoas de chapapote

12/xuño/2003

"Sete noites e un mencer" é o título da obra de Fernández Naval coa que se agasallou ós membros de Biblos Clube de Lectores, unha iniciativa pioneira e arriscada no ámbito da distribución da literatura galega. Este conxunto de relatos, o primeiro volume da Colección Mandaio, introdúcenos no mundo da Galicia rural e da Galicia urbana; dos voluntarios e dos eivados; da sordidez e das luces do amor. Son historias dispares en que os protagonistas mergullan nas insignificancias do cotián para poñer en evidencia as miserias do ser humano.

Sei da tenrura de "Amor ás cegas", o primeiro relato de "Sete noites e un mencer". Sei como se aman os seus personaxes eivados dun dos sentidos máis apreciados, como se percorren o corpo ás atoutiñas e como asumen a súa plena idea de beleza. Sei da friaxe que lambe o lombo en "O anxo caído", a sordidez da noite lascada de desencontros co mármore. Sei do cheiro putrefacto do vertedoiro namentres el permanece envolto nun plástico gris en "A soidade era o frío". Sei que a soidade é dura e maltreita, aínda que sexa de cor rosa e na compañía de Guillermina en "A soidade cor de rosa". Sei das ansias de Martiño por devorar o corpo de Diana e do sangue derramado que causa unha fonda impresión en Marta. En canto os cans ladran na "Noite de verán". Sei do pánico de recoller unha muller na estrada na metade da noite de "Ziralla 25". Sei cada letra da canción de Alfonsina e o mar e a dor por Rubén en "E un mencer". Sei das metáforas, das sinestesias, da proximidade das primeiras persoas, da sensibilidade poética, do xogo coa linguaxe e cos silencios, da sorpresa e do desencanto.

Pero $6 + 1 = 7$. Falta un. Falta, dende o meu punto de vista, un texto que corre traendo a mensaxe dos tempos vindeiros. Un salto cara a diante na temática que nos vén enriba logo dos acontecementos dos últimos meses. Aparece ás carreiras, case sen folgos, con toda a présa dos feitos vividos, os nervios na superficie de pel tinguida de veneno e as ganas de soñar o futuro. Fernández Naval recolle no relato "Noite de luz en paisaxe de sombras" a historia dun voluntario que, logo de deambular pola costa galega durante días na procura dunha paisaxe que limpar, recalca en Carnota.

Lira, trinta e un de decembro de 2002. O frío, o chapapote e a indiferencia. A incomprensión, a soidade, a dor. A incompetencia, as protestas, a esperanza. O caderno do voluntario anónimo recolle as súas impresións sobre a traxedia que o pobo galego está a vivir por mor da catástrofe do Prestige. Recolle cada minuto de intemperie e cada frustración. Doe porque resulta demasiado próximo e demasiado fidedigno. Unha maldita situación que Naval coñeceu ben de preto.

Demasiado fidedigno

Lembro unha tarde-noite de inverno no porto de Lira. Había un sol estraño, condescendente coas ducias de persoas que presenciabamos un recital poético que pretendía devolver un pouco de dignidade ó mar. Un pouco de dignidade a nós mesmos. Vázquez Pumarino anunciou a presenza de corvos mariños e mascatos como testemuñas de excepción dende unha pena próxima. Non sei se escoitaban ou peiteaban remorsos nas nosas consciencias. Fernández Naval viviu a carpa onde se lles dá de comer ós voluntarios, almas de mono branco e pensamentos negros e viviu moi de preto a traxedia no seu lugar de querencia adoptiva. El, malia ser ourensán, deixouse embebedar polo silencio inmenso das ondas que baten en Carnota. E alí lle ficou a alma, neste tempo esgazada polo presente de fuel. Sen embargo, hai futuro. Haino en "Noite de luz en paisaxe de sombras" como metáfora da realidade polo seu final luminoso. Malia que os acontecementos non poidan ir peor hai esperanza. Só hai que ir a Lira para sabelo. Arrimade a orella. Máis preto. Agora que ninguén nos escoita debo dicirvos que a fin de semana do 21 de xuño é boa época para viaxar a ese recuncho amplo da Costa da Morte. Alí estará a Carpa do País de Nunca Máis e celebraranse, ademais, as "Cuartas xornadas internacionais de Cultura Tradicional. Efecto Prestige" coa presenza de moitos expertos do eido ambiental. Agardo vervos alí, no mesmo lugar onde alguén comezou a soñar un país.

NUNCA MÁIS. NON Á GUERRA

Referencias bibliográficas:

FERNÁNDEZ NAVAL, FRANCISCO X. "Sete noites e un amencer", Biblos Clube, 2003

O milagre do buscapeixe

19/xuño/2003

"O buscapeixe" é un conto que nos agasallou Xelís de Toro nos relatos de verán de La Voz de Galicia de 2002. Esta historia volve ter actualidade no ano que nos tocou vivir ou, máis ben, que nos fixeron vivir. O autor santiagués pon de relevo a importancia do peixe para unha comunidade que vive, basicamente, do mar. Fala da necesidade de busca, do brillo dos ollos, da esperanza e da cegueira, constituíndo con todos estes elementos unha alegoría do tempo presente. Nós tamén precisamos un neno buscapeixe que nos devolva o brillo do futuro.

Xelís de Toro crea en Brighton unha curiosa edición do relato do buscapeixe e do poemario "Noutras ondas". Estes textos, en edición bilingüe galego-inglés, foron empregados nunha performance multimedia na que o autor santiagués tivo a colaboración do pintor Jim Sanders e dos músicos Dave Toolan e Dan Jeans. A súa intervención artística tivo lugar no Fringe Festival de Brighton do ano 2002 e recupera desgraciadamente a actualidade contra finais de ano por mor da catástrofe do Prestige. Na introducción que Xelís de Toro fai do libríño pon de manifesto a súa indignación polos efectos económicos e sociais do afundimento do cargueiro, a súa denuncia da reacción goberamental e, sobre todo, o seu orgullo por formar parte dun pobo unido contra a contaminación ecolóxica e política.

"O buscapeixe" ("The fishfinder") é un conto infantil "espido, no esquelete, coma as espiñas que quedan no prato despois de comer un peixe". Digo que é un conto infantil porque os contos adultos non existen. A brevidade e a claridade que debe ter todo bo conto esixe que sexa apto para os nenos e outra cousa é que os adultos poidan ou saiban comprendelos. Se un conto non vale para un cativo, non é un bo conto porque este deber gardar a inocencia e, á vez, a intelixencia mordaz das olladas limpas. Coma o traxe novo do emperador. "O buscapeixe" presenta todos estes elementos. Ten alegría, ten tristura, ten acidez, ten inocencia e ten unha reflexión profunda sobre o sentido da vida. En menos de mil cincocentos caracteres Xelís de Toro consegue poñernos entre a espada e a parede cunha dúbida terrible que varre os miolos. O prezo das buscas desesperadas, das fuxidas dos destinos dramáticos a prezo de ouro. A custa de quedarmos cegos, de retobatar a visión por albergar unha maldita esperanza. O buscapeixe ten o brillo das escamas limpas, a luz das guerlas sangrantes de vermello coral e o cheiro penetrante do mar de Fisterra.

Abáfanos tamén o alento de mar de "Noutras ondas" (In other waves), un breve poemario ilustrado con trazos negros indisciplinados de Jim Sanders que buscan a evocación e a denuncia. "Mordendo nas horas,/ comendo buguinas na praia/ esperando que aconteza algunha cousa". O home agarda o futuro sementado de cunchas, gradicelas, algas e xabre e o futuro mírao, sarcástico, botándolle un vómito de fuel". "Canto de grandeza,/ oda aos desaparecidos cada día/ imno de rúas tortas/ con letreiros de neón de pare aquí e/ coma as miñas palabras". A beleza do océano consómese no solpor

coma a lapa dun misto. E queda negro, tan negro coma a noite, tan alleo como o bruído dos dragóns de cuspes venenosos, tan mordaz como o silencio que nunca chega. "Cruzo de aquí a; sigo no recorrido de;/ fago as esperas nas encrucilladas/ con padrenuestros nos labios/ indo nos camiños de;/ escoitase coma un chover triste/ de balas e mulleres chorando/ e cráneos esmagados/ detrás do escenario".

Xelís de Toro quixo entregar este libriño ó movemento cívico Nunca Máis. Cadaquén achega o mellor de si para axudar a construír a nosa nova identidade colectiva. "Humm. É bo saber/ quen son eu/ e que non estou so".

NON Á GUERRA. NUNCA MÁIS

Referencias bibliográficas:

DE TORO, XELÍS; "O buscapeixe", La Voz de Galicia, Relatos de Verán 2002

Soños en Neverland

26/xuño/2003

A carpa do País de Nunca Máis é un proxecto cultural promovido pola Plataforma Contra a Burla Negra. Este evento, que percorre a Galicia costeira de Culleredo a Pontevedra pasando por Lira, supón un punto de encontro rico e interdisciplinar que aglutina as máis diversas disciplinas artísticas do país. Da videocreación ó teatro; da música á escultura e da fotografía á performance, centos de creadores voluntarios ofrecen a súa ollada poliédrica sobre unha catástrofe que aínda sacode Galicia. "A lúa é unha rodalla de melón con sabor a fuel".

Non podo agochar o meu amor por Lira. E por Carnota, e por Lariño, e por Louro, e por Caldebarcos, e polo Pindo, e por tantos lugares tatuados pola pegada dixital do Prestige. Non podo ocultar que os sinto, xa o dixen máis dunha vez, coma paisaxes da miña propia alma arrasada polo fuel e pola incompreensión. Non podo circular por esa sinuosa estrada de curvas, pedra e mar sen sentir un garañón galopando no medio e medio da gorxa. "Esa luz do mar que rompe na miña gorxa,/ co brillo deslumbrante das sardiñas, e que hoxe apreta/ e apreta e apreta e apreta nas cordas vocais/ unha maldición de piche onde afogou a ardora". Coma quen chega a casa. Coma quen volve logo de miles de quilómetros de indiferencia por estradas que non levan a ningures e rotondas concéntricas que nos mergullan no máis fondo do individualismo. De nós mesmos. Da soidade do trebón na metade do mar. Nós e o universo. Sós. "Ese silencio denso son as voces do embalo,/ as voces coas que o vento mareiro trae, coma un asubío pastoso,/ os espíritos da úlcera do sal".

Na súa segunda parada, a carpa do País de Nunca Máis, ese Neverland de fantasía e liberdade de Peter Pan, arribou en Lariño. Xusto ó pé do faro naquel recuncho de vento entre Fisterra e Corrubedo ó cabo das luces dos barquiños que navegan pola metade do océano creamos un espacio para a esperanza. "Mira, hai circo, dixérame o meu avó mirando a explanada da beiramar,/ ese lugar desde o que o berbés guicha a ría con devoción./ Eu xa o intuía porque estudiaba nun pupitre de auga gorda/ nunha escola fronte a lonxa da ribeira". Miles de persoas quixeron que Lira non fose a fin do mundo e convertérona na capital subversiva do reino do mar. Bramou Neptuno dende a beiramar aínda luxada polo fuel un berro de ira e ducias de cabaliños de mar cabalgados por sereas de cola escintilante acompañaron o Nunca Máis que, como a brisa, as algas ou o salitre latexaron no fondo do peito. "A raiba inxéctalle as forzas do mar dos argazos".

Sen espacio para a indiferencia

Non hai espacio para a indiferencia. "Mulemba, retorna desde o mar,/ non somos excedente de centro, que nos non existe,/ somos nós, habitantes do sal, cidadáns universais,/ aldeáns deste mar que nos entra, que nos entra e penetra/ membros dunha tribo respectable, emigrantes fronte ao mar maldito.". Volvemos dende o azul cos pés negros, a pel aceitosa e bágoas de veneno no pelo. Fronte ó azul do mar, o azul da carpa sorrí cara ó futuro. "Mulemba, mira o peliqueiro que abre o seu estómago/ contra o mar, ese revulsivo, mulemba, atlántica galicia, / diminuta mamasunción que te recoñeces nas pernas de bambú/ nas túas mariscadoras, na sorte azul das bateas; agora/ ese negro

manto de negra desolación fai que toda a auga/ das rías inunde o interior das horas e o tempo/ se estanque na gorxa coma unha lura amarrada ás poteiras". Aínda queda mañá namentres fuximos dos pesadelos da invernia e soñamos un verán eterno de pés descalzos, corpos nus e olladas francas. Ten que existir o futuro. A carpa de Neverland espréitanos con malicia. Sabe que acubilla, como no seu día acubillou a carpa da confraría de mariñeiros de Lira destinada ós voluntarios, ducias, centos e miles de vontades. E, unha a unha, imos crendo nun futuro. Aínda queda país, que diría Anxos Sumai.

Percorridos pola superficie acuosa dos nosos medos. Territorios vacilantes para a indecisión. O océano escúlcanos con dúbidas. Resulta demasiado tarde para confiar cegamente en nós. "Mulemba,/ ese silencio denso son as voces do embalo,/ as voces que o vento mareiro trae, coma un asubío pastoso,/ do Pindo e do Areal de trece, do Roncudo e de Camelle/ de Muxía e da Punta Cabalo, da Boca do Río e do Cabo Prior,/ das Cantareiras e de Mougás, de Ons e de Lariño,/ da Punta Nariga e do Cabo Vilán, da luz da Robaleira/ e do faro de Silleiro que ouvea, iluminando o ceo negro". Uxía Senlle recitou fragmentos deste poema de Fran Alonso titulado "Autocollage para un mar de piche" nunha noite estrelecida en Lariño na que moitos quixemos soñar un futuro. Insisto en que aínda queda país namentres existan proxectos como a carpa do País de Nunca Máis, namentres Neverland siga sendo posible da man de centos de persoas que crean (n)o futuro. "Mulemba,/ derramada pedramarrada, / centrifuga e nunca máis, solta amarras, navega mardefora, / velarízate, erotízate, rebélate connosco, pequeno país de sal./ Érguete coma as ondas para sentirnos respirar./ Hoxe, a lúa é unha rodalla con sabor a fuel,/ pero o animal que se debuxa nos seus beizos/ é a sombra dunha enorme balea que, para sempre,/ se subleva no mar".

Aínda podedes ir esta última fin de semana de xuño a Pontevedra para soñar en Neverland. Para soñar o Nunca Máis.

O xardín das caricias

03/xullo/2003

Hai azares que non son azares. Os sucesos sorprendentes cumpren un cometido nas nosas vidas que resulta doado mistificar. E hai silencios cheos de sentido que descubren as mans amigas que manipulan os monicreques do noso día a día. Chssss... Agora que ninguén nos escoita direivos que me fascina o mundo árabe, a cor do lombo do mar e mais a literatura "pensada" para nenos e nenas. Non é a primeira vez que o digo pero gústame anunciálo como se fose a primeira vez para envolvero de maxia. Outra vez. Alguén quixo pousar o seu voo de fada no meu correo electrónico e advertíume de que nunha sala de té había un paquete co meu nome escrito en cores verdes. Hoxe falareivos do contido dese paquete.

A suma de coincidencias pode ser o froito dunha verdade anunciada. Estabamos entre o lusco e fusco nunha desas tardes de verán preguiceiro que espreguiza con choiva dun sono intranquilo. Nunha desas tardes nas que as raiolas petan con forza cando se coan polo medio das nubes e advírtennos da estación que perdemos. Languidecían as horas nun rorró marcado polo cheiro da infusión de flores da Alhambra e as fotografías dese grande e pesado libro sobre o Islam que me manca os xeonllos por vontade de Jorge Guitián. Escampou serenamente cando chiou o ordenador anunciando a chegada dunha mensaxe nova. Ou tal vez foi despois. O caso é que algún destinatario descoñecido que me trataba familiarmente, sen moita reviravolta e con educación, sintético pero agradable, indicaba a existencia dun paquete co meu nome escrito en cores verdes na cociña do restaurante Alfalastin. Eu, que son muller de curiosidades, primeiro requichei o fociño e logo sorrín. Non hai cousa que máis me guste que os agasallos. E alá fun co meu chufasqueiro rosa pisando todas cantas fochancas atopei na procura do paquete do meu anónimo.

O envoltorio era da cor dos minaretes cando no solpor todos os ceos de Arabia se acenden con estrelas brillantes que chaman á oración. Estaba anoado cunha fita grosa na que alguén gravara varios versículos do Corán e o meu nome. Recoñézoos como fan os nenos cando descubren as letras a partir das imaxes sen dar conta da caligrafía. Ó rachar o papel, descubrí que era un libro. Vaia, un libro. Titúlabase "O xardín das caricias" e nel atopei unha antoloxía dos versos máis bonitos da poesía árabe, fundamentalmente amorosa. Segundo puña unha nota escrita en aséptica times new roman resulta difícil de atopar porque se trata dunha edición do ano 1979, actualmente esgotada. É un exemplar pequerrecho con tintas ocre e negra e minúsculos textos que falan da vida e do amor. De desexo e de silencio. De auroras e de ausencias. De bailarinas de fachos e da culpabilidade das rosas. De claros de lúa e de sultanas. De oracións e de oasis. De pazos con labirintos subterráneos e de desertos.

Diminutos grolíños de satisfacción

Lino pouquiño a pouco con diminutos grolíños de satisfacción. Aquel salón de té de aromas penetrantes agudizou o pracer da lectura e fixo que a viaxe a través do deserto dos sentidos se convertese nun oasis de auga e dátiles. Fóra, o ceo decidira que non quería deixar de chorar e a auga precipitábase chea de xenreira sobre o asfalto nunha noite anticipada. Na miña cabeza, só cabía o incenso e mailo té. A area e os froitos secos. O silencio e as caravanas de camelos que perfilan as dunas. Entón, xusto entón, o universo enteiro conxurouse para se converter nun xardín de caricias.

Non vos podoo contar máis sobre esa obra porque podería roubarlle o encanto. Verbo do anónimo que me enviou o paquete direivos que xa o encontrei. Non foi difícil. Agochábase nun lugar tan pouco disimulado como a páxina 112 do libro:

"Para as tres doncelas que pasearan polo meu xardín

eu cortara tres rosas:

A maliciosa Djohar dixo:

-Cortaches tres rosas... Vén e amósame no teu xardín

aquela que é a túa predilecta e

non lle darías a ninguén.

Ó momento, deille un espello".

Lembrede, o mundo árabe, o lombo do mar e os contos pensados para nenos e nenas.

NON Á GUERRA. NUNCA MÁIS

Referencias bibliográficas:

ANÓNIMO, "El jardín de las caricias" Ed. Alberto Corazón, 1979

Onde o mundo é laranxa

10/xullo/2003

A cor laranxa non tiña nome que a designase en ningunha das linguas europeas ata que o froito, a laranxa, chegou de terras asiáticas. Eu aprendínlle a Fran Alonso un cualificativo que me enfeitizou para referirme a esa cor: abutanada. "Era coloradiña como unha bombona de butano"... non hai quen teña dúbida de cómo era esa tonalidade. A cor laranxa serve nos últimos tempos para identificar, seica, unha opción sexual, os membros do colectivo de traballadores en precario, os consumidores dun determinado refresco e, tamén, as últimas entregas literarias de Xabier Queipo e Anxos Sumai.

Dúas revistas culturais galegas que acaban de saír do prelo, ambas as dúas novidasas polos cambios introducidos logo de moitos anos de fructífera traxectoria, ofrécennos seccións destinadas á creación literaria. Trátase da "Guía dos Libros Novos" e de "Grial". Debemos felicitarlos por esta sorpresa. As entregas literarias de breve extensión presentan unha frescura e unha actualidade salientable, aspectos que fan moi atractiva tanto a resposta dos autores e autoras ó reto como a dos lectores de cara a novos rexistros. Nin Anxos Sumai nin Xabier Queipo, os autores dos que hoxe falaremos, son novatos nestas singraduras literarias. Percíbese que están cómodos no formato dos medios de comunicación, ás veces unha sente incluso que as esixencias impostas pola prensa (electrónica ou de papel) elevan o nivel creativo dos autores.

As présas, o número de matrices e os prazos de entrega crearon sen dúbida burbullas no cerebro acuoso da nosa fada da Arousa. Anxos Sumai estreou a súa sección "Hemisferio Oeste" na "Guía dos Libros Novos" cun título evocador: "Laranxas para Sherezade". Non é que me guste como escribe Sumai porque destile aromas do mundo árabe. Tampouco é que me guste porque o sabor salgado da ría laie nas súas frases curtiñas e na música atronadora que escoita ata enxordarnos ó resto. E moitísimo menos me gusta porque as súas palabras logren reescribir o presente que vivimos e do que non somos conscientes ata que as súas crónicas o recollen, como unha boa mariscadora da ría (lombo eivado coma o barco da vella e pernas escarranchadas que fan pontes entre a terra e mailo mar) as nosas miserias cotiás. Non. Anxos Sumai gústame porque logrou un modo de contar/literaturizar tan de seu que sería recoñecible en calquera lugar do mundo. En "Laranxas para Sherezade" o ser de ás coa cor das nubes que preside a capela de Carril, no alto da ría de Arousa, fai do Hemisferio Oeste unha patria en que habitar polo único e todopoderoso engado da palabra. Cóntanos Anxos do seu avó, de planetas acedos partidos pola metade e de sultáns que sentan debaixo da figueira da casa paterna. Cóntanos do pasado e do presente, de mundos achegados e afastados, como tamén fai Queipo no relato que nos ofrece o último número da revista "Grial".

Mestizaxe oriental de Queipo

Non sei o título exacto do seu relato con sabor oriental. Sabor a cítrico. Sabor a harakiri sanguento. Di algo das laranxas, algo así como "A cor laranxa", non o sei. Debedes desculpar a miña efémera memoria pero se vos digo que a miúdo esquezo os nomes dos meus propios personaxes podedes entender que perda as nomenclaturas literarias dos demais. Esta entrega de Queipo non defraudará ós seus seguidores literarios. Arrecendo laranxa. Nin moitísimo menos. Está á altura das historias de "O ladrón de esperma", "Malaria sentimental" ou "Papaventos" (por certo, fermosamente traducido ó portugués por "Bebendo o mar"). Tacto laranxa. O escritor compostelán, de oficio biólogo e con lugar de traballo en Bruxelas, demostra de novo a súa paixón pola ruptura dos xéneros, polas fendas no fío argumental e polo xogo intelixente coa lóxica narrativa. Cor laranxa. Tráenos unha vez máis o exotismo das temáticas abordadas, ese que tanto agradecemos no Angkor de "Malaria sentimental" ou nas longas praias do leste americano de "Papaventos". Son laranxa. A propia inclusión de termos alleos á nosa lingua e á nosa cultura propician unha sensación de verosimilitude e interculturalidade propia e necesaria nos tempos que vivimos. Sabor laranxa. ¿Sabedes que a cor laranxa non tiña nome de seu ata que os froitos chegaron amoreados en caixas dacabalo dun océano de chumbo? Atravesaron o mundo para vir agasallarnos un cualificativo: laranxa. Non sabían que acó xa o posuíamos, que o concepto precedeu á nomenclatura na xeografía da nosa alma. Inventárono Anxos Sumai no seu Hemisferio Oeste cos froitos de Sherezade. Inventárono Xabier Queipo na súa singradura asiática por cores e sensacións de shushi e harakiris. Inventárono Fran Alonso nas ondas abutanas que acubillaron a Alba. Inventárono María Lado coas laranxas da súa tía Xenoveva correndo polo chan do autobús no cabo do mundo. Inventárono Cunqueiro nas súas illas de Sinbad. Inventárono Carlos Negro en versos da man de Alí Baba. Inventárono Carlos Casares nas laranxas máis laranxas de tódalas laranxas.

Ficamos coa boca aberta ante tal barco da vella de tinturas monocromáticas. "Pois se a noite que vén sigo con vida e a súa maxestade mo permite, contareivos o resto, que é moito máis abraiante aínda" - respóndenos Sherazade, sendo ben consciente do noso abraio. Haberá que agardar por ela, como polas lagarteiras, ata finais de agosto. Ou ata que decida aparecer para rogarnos un día máis de vida nos diarios da nosa mocidade primeira.

Referencias bibliográficas:

Guía dos libros novos, Nº1 (Segunda etapa), Xullo-agosto 2003

Remexendo nos galpóns da memoria

17/xullo/2003

A literatura nítrese a miúdo da memoria. Personaxes que lembran, flashbacks que evocan momentos do pasado e recuperacións de memorias históricas que alimentan o presente e as arelas de futuro. Marica Campo xoga en "Memoria para Xoana" coa máis pura tradición popular do relato oral. Ela ganduxa, paseniño e con fío de cobre, o tecido familiar de varias xeracións de mulleres a través dunha voz que narra con agarimo e tenrura o onte como agasal-lo do mañá. Se tivesemos máis memoria seríamos, sen dúbida, máis felices ou, alomenos, máis coherentes.

A estas alturas de verán, cando o corpo se deixa levar pola necesidade de asueto (traducido en sol-pores inacabables de terraza de bar, horas de lectura de vacacións e ollos pechados na praia nun intento a miúdo infructuoso de non pensar), é doado caer nas redes do vivido. O descanso resulta imprescindible para reciclar pensamentos de igual maneira que os soños serven para recolocar as vivencias nas caixas oportunas do cerebro.

Un almorzo desagradable para a gabeta do último chanzo. O encontro fortuíto con algunha vella amizade devolve á gabeta da dereita do primeiro andar aquel inverno en Londres en que o cheiro a macdonalds era máis que o todo. Unha canción escoitada de paso nun bar quedou dando tombos contra as paredes do cranio e cómpre darlle un sitio que será, seguramente, a papeleira ata que unha nova experiencia lle dea un sentido diferente. Os retallos dalgún libro pelexan con esas imaxes da televisión (non direi telelixo non vaia ser que amole algún presentador noctámbulo) que, vaia gracia, quen pensaría en xuntalos conscientemente. Pero o estado de inconsciencia xera eses milagres que nos fan a miúdo rir cando, en realidade, deberían darnos abondo que matinar.

O anxeiado descanso

O verán, estación predestinada polos calendarios laborais ó lecer, acaba converténdose nun tempo de limpeza. A miña nai chama por teléfono cada mes de xuño para ver qué día podemos andar os tres irmáns pola casa. Non atopa máis que desculpas. E non porque non queiramos aproveitar esas horas de sol inacabables (malia o que pensen algúns das horas de sol de Valdoviño, son tan fachendosas coma en calquera outro sitio máis ó sur) senón porque xa sabemos para qué nos quere. Para facer limpeza xeral da casa. E non hai cousa máis aburrída cá limpeza xeral dunha casa de aldea. Non por nada senón porque caben moitísimas máis cousas ca nun piso de setenta metros cadrados. E na miña casa de Meirás caben tantas cousas que resulta inimaxinable un remate de limpeza satisfactorio para a miña nai. No verán limpamos as casas e limpamos as cabeciñas de lixo acugulado durante o resto do ano. Ou iso intentamos. Eu tenteino moitas veces pero o concepto de mente en branco non se fixo para min. Que se lle vai facer.

Marica Campo fai en "Memoria para Xoana" un exercicio de saudable limpeza. Todo o percorrido vivencial e sentimental do libro non é só un agasallo para a nena que vén senón unha aposta decidida da nai por non esquecer e por recolocar o vivido. Para non varrer do seu espacio existencial a Pepa a Toupa, preñada e cega; a Rosa Pérez, triste e fráxil; á sindicalista Carme e a loitadora Carolina. Para sumar e non dividir os talismáns (pedras, libros e follas de árbores) e que supoñan abelorios de boa sorte no faiado das arelas. Ela fai limpeza cunha peneira para gardar os recordos que pagan a pena e desbotar os outros. Esoutros. "Memoria para Xoana" é tamén un exercicio político e social, cargado de mensaxes duras e críticas cun contorno marcado polo sufrimento e pola inxustiza. Deste xeito, o legado para a filla non consiste exclusivamente nun fardo de epopeas vividas senón nun feixe de ferramentas coas que saber loitar no futuro. Ou alomenos iso cre a protagonista desta obriña que turra por deixar a cortiña retobutada e limpa para empezar a abrir os sucos dunha nova vida.

Déixovos descansar, con memoria ou sen memoria. Vós veredes. Eu loitarei un ano máis por silenciar os ruxerruxes do cerebro e permanecer na arelada inopia. Logo dun ano tan terrible (Prestige, guerra de Irak) como este agardo conseguilo. Aínda que só sexa pola busca desesperada da saúde mental.

NON Á GUERRA. NUNCA MÁIS

Referencias bibliográficas:

CAMPO, MARICA; "Memoria para Xoana", Espiral Maior, 2002

Tempos mellores

24/xullo/2003

Isto xa non é o que era. Esta frase tan repetida acaba facendo que a xente nova abanee a cabeza: os máis vellos cren que todo tempo pasado foi mellor. Sen ir máis lonxe, cando o meu pai inicia a súa famosa frase "pois cando eu era cativo" a resposta da miña irmá é espetarlle o seu imprudente "veña, outra batalla". A el séntalle como unha patada. Sempre crin que evocar as imaxes da memoria para retrotraerse a tempos máis felices significa unha alancada cara á rendición, asumir que a capacidade de sorpresa está xa superada. Debo ir indo vella: para min Ortigueira xa non é o que era.

A celebración do vintecinco aniversario do Festival Mundo Celta de Ortigueira provocou avalanchas de xente na vila ortigueíresa hai unhas semanas. Falounos diso coa súa ironía habitual María Yáñez. Co gallo da efeméride sinalada temos a oportunidade de gozar de varios traballos recompilatorios que nos ofrecen un paseo visual por estas décadas de música folk de Gales, Irlanda, Escocia, Bretaña, o País Vasco, América, Asturias ou Galicia.

Da man de Carlos Regueira e Xaime Fandiño puidemos encontrarnos coa memoria, os proxectos de futuro e as avaliacións críticas de moitas persoas que pasaron polo festival neste tempo. Foi nun documental dividido en tres episodios que se emitiu pola TVG. Non sei se algún de vós o viu. Realmente era difícil. Non se anunciou, pasárono ás dúas da mañá e, seguindo criterios de actualidade inescrutables, decidiron que os días idóneos para a súa emisión eran, precisamente, os días do festival. Xa se sabe que o público obxectivo, cen mil almas que vagaban pola vila de Ortigueira, estaban dispostas a perder os concertos para sentar na tenda de campaña e, vía satélite, conectar as súas caixas bobas.

Outro dos traballos realizados nos últimos meses para festexar o aniversario do encontro é o libro de fotografías de Xurxo Lobato titulado "Festival Ortigueira". Ademais das fotos, o volume ofrécenos comentarios dunha trintena de actores, músicos e xornalistas que fan valoracións do seu paso polo festival. Hai nostalxia, agradecemento e alegría pero, sobre todo, hai recordos puntuais que mesturan o real e mais o vivido nos sonhos dunha longa noite de verán. Quizais o texto de Víctor Mosqueira sexa o que máis me guste, quizais porque o seu recordo é moi semellante ó meu. Eu tamén vin homes e mulleres descalzos; vinos correndo, espidos de pé e perna, por Morouzos adiante; vinos rindo e vinos esquecendo; vinos bailando e vinos durmindo; vinos cantando no feve e vinos derreados na estación de volta. Vin os litros de viño formando regatos na rúa, timbais que ecoaban nas calellas da vila ata o amencer e malabares de lume retando o sol no medio da mesta néboa do Ortegaleira. Vin moitas cousas que non lembro e outras que non quero compartir. O certo é que na miña evolución persoal do paso polo festival houbo tempos mellores que os de hoxe por cuestións, xa non de idade, senón de actitude e cantidade. Eramos menos e gustábanos o mesmo. Actualmente hai máis cantidade de xente e máis biodiversidade, cousa que pode ser incluso abafante nun espacio tan pequeno. Pero ségueme a gustar Ortigueira, por todo o que simbolizou, todo o que me marcou e todo o que ofrece ano a ano e que se resume na liberdade de ser o que máis che apeteza ser neses días. Ese estraño soño: a liberdade.

Os soldados da Brilat

Hoxe veume á cabeza Ortigueira porque, curiosas asociacións, acabo de ler unha noticia en "El Mundo" que di que os soldados da Brilat que marchan a Irak levan no seu novo escudo, creado a instancias de Trillo, a cruz de Santiago. ¿Lembrades? O Santiago matamoros y cierra España. Pois con ese escudo no peito pretenden patrullar nun dos lugares santos dos xiítas, unha afronta que denota o nulo nivel cultural e a total falta de respecto do exército español polo territorio que, disque, van "liberar". Un de cada tres soldados do exército español que vai camiño de Irak é galego. Pregúntome se algún deles foi algunha vez a Ortigueira. Porque, quizais Trillo non o saiba, pero detrás de cada número do pelotón hai un rostro, un nome propio, unha familia e unha vida que el expón arbitrariamente a un risco, levámolo repetindo meses, innecesario e repudiado por parte da poboación. Pregúntome se algún deles viu algunha vez a xente bailando descalza en Morouzos, se viu como baixaban os litros de viño en regatos pola rúa, se viu como a música internacional se perdía na poala que sempre acompaña os amenceres resacosos do festival. Pregúntome qué lles parece iso de levar no peito un insulto directo ó pobo que, insisto, disque, van liberar e máis parece un retorno de varios séculos ás Cruzadas para cristianizar o mundo árabe.

Aínda hoxe, como dicía Luz nas longas horas de autobús de regreso do festival, Ortigueira percorre ebria os labirintos do meu cerebro: ¿estades escoitando gaitas ou é que só están na miña cabeza? ¿lembrarán os soldados da Brilat os rostros exhaustos do piñeiral tras unha longa noite de festa? A memoria é efémera e, por iso, gardo as mesmas dúbidas que Víctor Mosqueira con respecto ás lembranzas: ¿perderanse como bágoas en auga de choiva?

NON Á GUERRA

NUNCA MÁIS

Referencias bibliográficas:

LOBATO, XURXO; "Festival Ortigueira", Deputación Provincial da Coruña, 2003

Doce compañía

31/xullo/2003

Vacacións! Coincidiredes comigo en que este ano non nos daban chegado. Tanta auga, tanta guerra e tanto chapapote ennegrecían o ceo ata o punto de pensarmos que nunca máis poderíamos ver o sol. Pero chegou, confirmando unha das miñas sentencias máis repetidas nos últimos meses: "nunca choveu que non escampara". Para celebrarmos a festa da luz, do folgar e das longas noites de verán onde o corpo adormece no fiel descanso das sen-horas remataremos este período con "Anxos de garda". Coa obra de Anxos Sumai pousada nos xeonllos e os nosos ollos perdidos no horizonte do mar será moito máis doado imaxinar que o futuro será máis limpo. Que nos agardan tempos mellores. Que virán as lagarteiras.

Sei que botades tanto de menos os Anxos de garda coma min. Que cada semana abrides a porta cibernética do portal en fin de semana e tedes morriña do diario peneirado de ausencias e música estrondosa. Sei que encontrades a María Yáñez disposta a que as bagullas caian estrepitosamente coas súas ocorrencias de verbena tradicional mesturada cos aires máis modernos. Pero sei que, malia as gargalladas de verán, fáltavos esa morriña saudosa e aceda melancolía das palabras de Anxos Sumai. Iso rematou. Agora tendes a oportunidade de levar a Anxos no bolso, como ela leva todo ese exército de pins cos que combate as barbaridades do cotián. Podedes levala no peto ou baixo o brazo. Podedes depositala á sombra dun carballo, deixar que se molle co orballo da mañá ou enchela de xabre que rabuña as follas impresas. Anxos de garda está en papel, por moito que a moitos nos pareza imposible que se faga tanxible, así de socato, case sen avisar. Anxos sorri abertamente dende unha fotografía da que teño dúas opcións: ou non facer comentarios como o amigo Roberto Ribao ou dar unha volta por Vilagarcía (oíches, qué pasada de camiseta...). Pero, coma sempre, o que importa está atrás do sorriso da fada de pelo colorado.

Débedas saldadas

Percorrer as páxinas de "Anxos de garda" é andar a galope pola nosa memoria máis recente. Son as crónicas que vivimos a través do ollo crítico dunha autora que vén de volta de moitas e segue a se sorprender coas falcatuadas que nos ofrece o cotián. Repasar agora os sentimentos da catástrofe do Prestige e da guerra de Irak supón un bo exercicio de descanso pero tamén para poñernos as pilas para o curso que comeza. Porque, aínda que agora non o pareza, despois de agosto volve setembro e todas as débedas acuguladas seguen aí. Como estelas nos dedos da madeira que esgazamos na nosa conciencia e que sempre infectan os proxectos de futuro. Gústame camiñar paseniño polas apetencias culinarias de Anxos cociñadas a lume lento no seu forno de letras. Fascíname como buscamos pisos que alugar, como odiamos ir ó dentista, como deambulamos pola claridade móbil da ría de Arousa, como bailamos ó son de Guns and Roses ou Shakira, eses que nunca agardaríamos nos gustos musicais desta muller de pelo alborotado. Adoro encontrar polas ringleiras dos diarios a Roberto, a Camilo, a Camba, a Pepa, a Siño, a Gus, a Cristina, a Morris, a Marta, a Nancy, a Anxos, a Carlota, a Mónica, a Carlos... a todos eses personaxes que saen tan guapos e peiteadiños nas fotografías de

sílabas do libro. Como nenos e nenas co traxe de primeira comunión. Gústame o silencio das páxinas, malia a música estrondosa e o sabor da cocacola e o ducados a primeira hora da mañá co que nos asasina a autora. Pero, por riba de todo, gústame "Anxos de garda" porque na singradura estrábrica polas súas palabras atopamos centos de post-it, esas notas en que imos pegando as cousas que esquecemos lembrar de cada día e ela nos apunta dende o diario. É a forza poderosa, que diría Xurxo Souto, das cousas miúdas. O segredo do anxos da garda que nos sorrí dende a esquina da cama (ou dende o andar de abaixo, ou dende a pantalla de ordenador, ou dende o papel, ou dende as escaleiras da Quintana de Mortos...).

Unha noite que Anxos lembrará ben, atopeina pola rúa a horas que non quero recordar. Ía frío, arroiaba e ningunha das dúas estaba en disposición de dicir que estaba a vivir o seu mellor momento. Curiosamente, encontrámonos no medio dunha escaleira e, para romper a maldición do instante, optamos por baixar. Poderíamos optar por subir. Pero decidimos baixar. Escollemos afogar as dúbidas e as sospeitas no ambiente cálido dun bar, polo menos no Medusa non chovía e daba a sensación de que o trebón de fóra era un pesadelo afastado. Como todos os pesadelos que anainaban nos nosos cerebros e conseguimos arredar con esa conversa estraña na que probablemente os silencios dixeron máis que as confesións, por outro lado, tan sabidas. Do que falamos ou deixamos de falar foron só testemuñas as cervexas que baixaban, iso si, a velocidade de vertixe. Non había camareiros á espreita. De aí saíu a promesa dun texto que eu escribín esa mesma noite ó volver a casa. Anxos tardou case dous anos en escribilo pero disque, as présas nunca foron boas. Pero fíxoo: con "Anxos de garda" rompemos a maldición que pairaba aquela noite e a vontade arrebolou. Moitas gracias e felicidades, nena do Faro de Vigo.

Felices vacacións a todos e todas

NUNCA MÁIS.

Referencias bibliográficas:

SUMAI, ANXOS; "Anxos de garda", Ed. A NOSA TERRA, 2003